



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 41

**Sesión Plenaria**  
27 de setembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA** (Continuación)

---

### **Punto 5. Proposicións non de lei**

#### **5.5 15393 (10/PNP-001208)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

#### **5.6 15416 (10/PNP-001213)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Burgo López, María de la Concepción e tres deputados/as máis**

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

#### **5.7 16054 (10/PNP-001240)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis**

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 174, do 13.09.2017

#### **5.8 15666 (10/PNP-001223)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

### **Punto 6. Interpelacións**

#### **6.1 15065 (10/INT-000543)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Sánchez García, Antón**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**6.2 15083 (10/INT-000545)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**6.3 15654 (10/INT-000549)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****7.1 16700 (10/POPX-000049)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**Sobre o cumprimento do slogan electoral *Galicia Primeiro*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**7.2 16730 (10/POPX-000050)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**7.3 16846 (10/POPX-000051)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**Punto 8. Preguntas ao Goberno****8.1 14371 (10/POP-001948)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**8.2 14364 (10/POP-001946)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**8.3 14788 (10/POP-001983)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José**

Sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

**8.4 12972 (10/POP-001584)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

**8.5 16702 (10/PUP-000106)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**8.6 12769 (10/POP-001532)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

**8.7 16845 (10/PUP-000107)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre a recuperación da memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**8.8 13090 (10/POP-001615)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

**8.9 12911 (10/POP-001565)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 156, do 02.08.2017

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do slogan electoral «Galicia primeiro».** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 19.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 27.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 30.)

*O Castiñeira Broz (P) pide a palabra por alusións, que lle é concedida polo señor presidente.* (Páx. 31.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Antón Vilasánchez (P)*. (Páx. 33.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 36.) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 37.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 40.)

*A señora Antón Vilasánchez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 41.)  
*O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia o debate acumulado das proposicións non de lei números 15416 e 16054.* (Páx. 42.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre o impulso do Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública.** (Punto quinto da orde do día.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás, coñecidas como pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei.* (Páx. 42.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 46.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 49.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 51.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 53.)

*A señora Burgo López (S) e o señor Puy Fraga (P) interveñen para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 56.)

*A señora Burgo López (S) pide a palabra, que lle é concedida polo señor presidente.* (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 60.)  
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Fernández Fernández (S)* (Páx. 63.), *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 65.) e *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 67.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 69.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

*O señor presidente intervén para dar lectura ao texto resultante da transacción da proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 71.)

*Intervención da señora Pierres López (S).* (Pax. 71.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos: *aprobado por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 71.)

Votación da Proposición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplezo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños, Cabral: *rexeitada por 19 votos a favor, 51 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 72.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora: *aprobada por 38 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 72.)

*A señora Burgo López (S) intervén para dar lectura ao texto resultante da transacción da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia que se vai votar a seguir.*(Páx. 73.)

*O señor Puy Fraga (P) intervén para pedir a votación por separado do punto primeiro.* (Páx. 74.)

*A señora Burgo López (S) non acepta a votación por puntos.* (Páx. 74.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública: *rexeitado por 32 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 74.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás, coñecidas como pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega: *aprobada por 38 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico: *aprobado por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

**Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (BNG).* (Páx. 76.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (BNG).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 84.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 93.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro.*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 103.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 109.)

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 110.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 111.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 112.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 113.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, do G. P. de En Marea, sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 114.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 115.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 116.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 117.)

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

*O señor presidente comunica que se vai proceder a unha modificación no desenvolvemento da sesión plenaria.* (Páx. 118.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 121.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 122.)

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 126.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 130.)

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a recuperación da memoria histórica.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 132.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 134.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo.** (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 136.)

Réplica do autor: *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 138.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S).* (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 141.)

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 7 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento do slogan electoral «Galicia primeiro»**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moi bo día.

Señor Feijóo, neste ano deixounos dúas cousas moi claras. A primeira é que Galiza non ten presidente, temos un inquilino en Monte Pío; e a segunda é que vostede é incapaz de alzar a voz en defensa dos galegos e das galegas. O seu lema «Galiza primeiro» agora é «Rajoy primeiro», (*Murmurios.*) custe o que custe, caia quen caia. Por riba de Galiza, para Feijóo sempre está Rajoy e os seus ministros. E vemos que entre os seus favoritos está o ministro de Fomento *del Gobierno de España*, Íñigo de la Serna Hernáiz. O que sabemos de don Íñigo é que lle gusta moito pasear por Galiza. De feito, neste último ano xa nos visitou catro veces. Estivo en decembro, estivo en abril, estivo en xullo e estivo agora en setembro. Xa viu Galiza en todas as estacións. Viuna no inverno, na primavera, no verán e no outono.

Pero, mire, señor Feijóo, a última visita do ministro de Fomento só serviu para dicirnos que se pasa polo forro as leis que aprobamos neste Parlamento, que o que decidamos os galegos e as galegas ao señor Íñigo de la Serna lle importa literalmente un pito. Confirmounos o veto á transferencia da AP-9 e, por riba, di que o que sobra é diálogo. (*Aplausos.*) O que sobran son unhas peaxes absolutamente abusivas que pagan os galegos e as galegas e o que sobra é a súa prepotencia; e todo este desprezo a Galiza con vostede presente, caladiño e sorrindo para saír na foto. Como o Partido Popular, Rajoy e os seus ministros son tan superfáns do diálogo, o que fan é vetar o debate da AP-9.

E é sorprendente que enchan a boca falando de democracia e que despois nos impidan o debate da transferencia da AP-9. Actúan vostedes como trileiros da linguaxe. Para o Partido Popular, democracia é impedir o debate; e, sen embargo, poñer urnas para que a xente vote é antidemocrático. Este país, señor Feijóo, merece un presidente digno que non minta nin engane, un presidente que sexa capaz de defender os intereses dos galegos e das galegas.

E, mire, permítame que con toda honestidade lle diga unha cousa. É evidente que vostede e eu temos moitas diferenzas desde o punto de vista político. Pero podo dicirlle que me dá pena ver como permite que o ninguneen no seu partido, porque o que está permitindo con esa actitude é que ninguneen e que maltraten a Galiza. En non me meto en se vostede quere ou non facerse respectar, porque iso é cousa súa. O que lle pido é que permita que neste Parlamento defendamos a dignidade dos galegos e das galegas.

Fágolle, para iso, dúas propostas, señor Feijóo. A primeira é que presentemos todos os deputados e deputadas un recurso ante o Tribunal Constitucional. Eu vouno facer. ¿Vaino facer o deputado Feijóo? E, segundo, que aprobemos unha declaración institucional reprobando a Ana Pastor e a Mariano Rajoy polo desprezo continuo aos galegos e ás galegas.

Señor Feijóo, para que nos respecten hai que facerse respectar. E vostede debería lembrar todas as mañás que lles prometeu aos galegos e galegas que Galiza estaría primeiro. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, trae vostede unha pregunta da pasada lexislatura, porque foi nas eleccións do ano 2012 cando os galegos apoiaron o programa baixo o título «Galicia primeiro». Como vostede pode imaxinar, respecto de se defendemos ou non defendemos Galicia, de se para nós Galicia foi primeiro ou non, o importante non é a súa opinión nin a miña, o importante é a opinión dos galegos. E os galegos no ano 2012, cando presentamos o programa electoral, falamos claro, dixeron que o consideraban oportuno e dixeron, hai exactamente un ano e dous días, que si, que en Galicia si. (*Aplausos.*) E como consecuencia de que Galicia era o primeiro, os galegos dixeron: en Galicia, si.

Por iso, señora Pontón, os galegos dixeron que si. ¿Por que? Porque os galegos queren un goberno estable e non queren un goberno fracturado que consista nun pacto dos que perderon as eleccións. Os galegos dixeron que si porque en Galicia queren que o Goberno e o país sexan donos do seu destino, que non estea intervido nin vivindo do que aportamos o resto dos españois para manter unha comunidade autónoma e incapaz o seu goberno de mantela en pé. E en Galicia dixeron que si porque os galegos queremos un modelo de convivencia, non queremos fracturar a sociedade e non queremos nin aceptamos en ningún caso que algún grupo político diga os galegos que son bos fronte aos galegos que non son bos.

Señora Pontón, hai un ano as galegas e os galegos falamos e dixeron con claridade o que querían, dixéronlle ao Partido Popular de Galicia o 47,6 % dos que participaron: gobernen vostedes con 41 escaños —o mellor resultado electoral dende o ano 2000—. Tamén dixeron o que querían en relación co seu partido. E o seu partido sacou o 8 % dos votos, con 6 escaños, o peor resultado electoral dende o século XX.

Como é natural, señoría, vostede está moi contenta e os seus compañeiros tamén. Non imos en ningún caso dicirlles que non deben vostedes estar contentos. Prosigan. Pero si, señoría, Galicia, o primeiro. O Partido Popular de Galicia é o primeiro e o BNG é o último, esa é a gran diferenza entre o Partido Popular de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señoría, como Galicia é o primeiro, nós sempre plantexamos en Galicia o mesmo. Vostede agora fala coma unha conversa. Si, señoría, recórdame vostede a Paulo cando caeu do cabalo. Está aínda no boletín do *Diario de Sesións* desta Cámara. O Partido Popular defendeu en solitario a transferencia da AP-9 —36 votos a favor—. E vostede e o resto de compañeiros do BNG e do Partido Socialista votaron en contra. Isto é o que di a memoria colectiva do país. E por iso para nós Galicia é o primeiro, e por iso os galegos queren que Galicia, si.

¿E sabe como traballa Galicia, señoría? Mire, nos últimos corenta e cinco anos, desde que se construíu a autoestrada, Galicia pintou cero na xestión da mesma. Agora temos unha xestión compartida. Non o digo eu, dio ese ministro que a vostede non lle gusta.

E en relación co diñeiro, señora Pontón, ¿de verdade que vostede aínda non vai pedir desculpas por pagarlle a ese Goberno de España —o que vostedes tanto descualifican— nada máis e nada menos que 60 millóns de euros dende o ano 2006 no que vostede votou si a ese convenio —e nós acabamos de anular o convenio—?

¿E sabe, señoría, que significa «Galicia primeiro»? Galicia é o primeiro porque aforramos 400 millóns de euros ata o ano 2048.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E por iso os galegos, ante un partido que lles aforra 400 millóns de euros, din: en Galicia, si.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, esta pregunta si que é do pleistoceno, porque está clarisimamente vostede sempre no pasado repetindo os mesmos argumentos *(Murmurios.)* porque sabe perfectamente que ten un problema gravísimo sobre a mesa.

Mire, eu xa sei que a vostede lle encanta facer de oposición da oposición cando non é capaz de defender a xestión que está facendo no seu goberno. E pode vir aquí facer o revisionismo histórico que vostede queira, pero a Lei de transferencia da AP-9 non ten ningunha liña escrita por vostede, senón que esa lei a escribiu, redactou e impulsou o BNG. *(Aplausos.)* E se hoxe hai este debate no país é porque o BNG puxo sobre a mesa esta proposta.

E o problema, señor Feijóo, non é o que voten os galegos e galegas cando hai eleccións, senón o que fai vostede coa responsabilidade e coa confianza que lle deron os galegos e as galegas. E é gravísimo, señor Feijóo, que vostede estea enganando e mentindo. ¿Sabe o que non queren os galegos e galegas? Pagar unhas peaxes que son unha auténtica estafa. ¿Sabe o que non queren os galegos e as galegas? Ver o seu presidente sempre subordinado ao que diga o Partido Popular sen importarlle o que lle pasa ao noso país. Vostede avalou un recortazo de 448 millóns de euros, vostede avalou o veto da transferencia da AP-9, e estao facendo agora coa súa actitude neste Pleno.

Mire, señor Feijóo, eu creo que é importante en política ser serios e ser serias. Vostede ¿que pasa?, ¿ía de farol no debate da transferencia da AP-9 ou vai en serio e realmente quere que consigamos a transferencia da AP-9? Vostede díxolles aos galegos e galegas que non se estaba transferindo ningún tipo de competencias a ninguén; e, sen embargo, se un vai ao Ministerio de Fomento ve como neste momento o seu amigo, o ministro de Fomento, a outros territorios lles está transferindo infraestruturas. ¿Por que non a Galiza? Téñoa aquí, se quere pásolle a documentación do Principado de Asturias. ¿Por que os vascos e os cataláns tiveron a transferencia das súas autoestradas hai décadas e vostede é unha rémora para defender que isto o consiga Galiza?

Mire, vólvolle facer a pregunta, porque é ao que vostede nos ten que responder: ante o veto da transferencia da AP-9, ¿vai o deputado Feijóo presentar un recurso ante o Tribunal Constitucional, si ou non? Podo dicirlle que eu vouno presentar e vou defender que Galiza ten dereito a acabar coa estafa das peaxes da AP-9. E, en segundo lugar, ¿vai vostede permitir que o sigan ninguneando ou imos dar un paso para que nos respecten? E o paso que hai que dar é dicirlles con claridade a Ana Pastor e ao señor Mariano Rajoy que non aceptamos o seu desprezo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...que non aceptamos que ninguneen este Parlamento e que non aceptamos que impidan que as leis que aprobamos aquí se debatan. Porque non sei se para vostede iso é democracia. Eu realmente creo que é anular as competencias que ten Galiza recoñecidas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...neste cativo estatuto. *(Aplausos.)*

Fágase respectar, señor Feijóo, porque a quen están ofendendo e a quen están denigrando é a todos os galegos e a todas as galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. *(Aplausos.)*

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.



Señora Pontón, *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 323, 30 de marzo de 2017: o BNG en contra da transferencia da autoestrada. ¿De que presume, señora Pontón? ¿Que ocorre, que resulta que agora vostede é máis nacionalista que cando votaba en contra da transferencia da autoestrada? ¿É disto do que presume? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Pontón, eu estaba na oposición. Votei que si á transferencia da autoestrada. Sigo no Goberno e sigo defendendo a transferencia da autoestrada do Atlántico. (*Aplausos.*) E acabo de dicirlle, señoría, o que fixen e o que fun.

Mire, señoría, eu sei que aos nacionalistas de manual o único que lles interesa non é Galicia, senón o nacionalismo. A min interésame Galicia. Podo coincidir cos nacionalistas nalgún caso, pero Galicia é o primeiro, señora Pontón. E como Galicia é o primeiro, nós non estamos a favor das súas propostas de financiamento autonómico, porque vostedes, como son nacionalistas, queren un concerto nacionalista. Perdemos máis de 1.000 millóns de euros, pero vostedes insisten e persisten.

Mire, señoría, cando vostedes gobernaban dicían que o 8 % de investimentos do Estado sería magnífico. Agora ese ministro que vostede descualifica acreditou o pasado ano un 11 % do total dos presupostos do Estado, pero é un disparate.

Xa sei que vostede non está acostumada a ver ministros de Fomento por Galicia. Claro, vostede era a que apoiaba no Senado a Magdalena Álvarez, esa si que non viña por Galicia, esa non viña por Galicia nin cada trimestre nin cada ano, (*Aplausos.*) pero vostedes seguían apoiando a Magdalena Álvarez. Incluso o BNG foi clave no Senado para non reprobar a esa ministra. Iso está dentro da biografía do nacionalismo galego, señora Pontón. Por iso eu asumo a miña biografía e por iso debería vostede asumir a súa.

Acabamos de plantexar o Plan de transporte público en Galicia e vostedes están en contra. ¿Por que? ¿Que intereses ocultan? ¿É que acaso as empresas de transporte lles interesan a vostedes máis que os galegos que son transportados? (*Murmurios.*)

Pero, señoría, exactamente ¿de que se nos acusa? ¿Acúsasenos nada máis e nada menos de aforrarlle 400 millóns de euros a Galicia? Asuma a culpabilidade. Señorías, vostedes estaban no Goberno no ano 2006, e asinaron un convenio co Goberno de España para financiar unha autoestrada do Estado. Levamos pagados 60 millóns de euros, acabamos de conquistar, acabamos de conquistar, a resolución dese convenio impresentable para os intereses de Galicia. Acabamos de conquistar un aforro de 400 millóns de euros e vostede impútame que non defendo a Galicia. Señoría, non fago outra cousa dende que me levanto ata que me deito: defender a Galicia. E vouno seguir facendo sempre, podo asegurar que vou seguir traballando por iso. (*Aplausos.*)

Fala vostede das peaxes. Mire, señoría, cos nacionalistas pagabamos dúas peaxes: as peaxes na cabina da autoestrada e as peaxes nos presupostos da Xunta. Co Partido Popular non volveremos pagar unha peaxe cos presupostos da Xunta, esa é unha gran diferenza outra vez entre os nacionalistas que falan e os populares que actúan. Señora Pontón, dígollo con total e absoluto respecto: para nós Galicia é o primeiro, para vostedes é exclusivamente o nacionalismo o primeiro. E como Galicia se decatou, o nacionalismo en Galicia está como está.

Pero non se preocupe, señoría, supoño que vostede será das que lles fai caso aos letrados da Cámara. ¿Vostede pode presentar un recurso de inconstitucionalidade? ¡Ah!, ¿si?, ¿pode? Señores letrados da Cámara, gustaríame que me aclarasen ese asunto. Nós imos seguir os ditados competenciais dos letrados da Cámara. Espero tamén que vostede, señoría, acepte o que di a Cámara, a súa Cámara, grazas á cal vostede é deputada.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da defensa dos intereses de Galicia bloqueados polo Goberno central**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señor Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días, señor Núñez Feijóo.

Levamos xa un ano de lexislatura, como vostede lembraba, e é posible facer un balance da súa acción política en relación coas decisións do Goberno do señor Rajoy que están afectando negativamente os intereses de Galicia. E voulle pór algúns exemplos.

O primeiro, o financiamento da dependencia. Como vostede sabe, os recortes do ano 2012, segundo o Observatorio da Dependencia, supuxeron que perderamos, para esa competencia tan importante para miles e miles de galegos, 35 millóns no ano 2016 e 152 desde o ano 2012. ¿Está facendo algunha acción política para reclamar isto con forza diante do señor Rajoy ou do seu goberno?

O segundo é o financiamento autonómico. Vostede criticou reiteradamente o modelo do ano 2009. Tiña que revisarse en 2014. ¿Fixo algo para que esa revisión se producira en tempo e forma? Si, este ano grazas a iniciativas do noso grupo acordamos unha postura común. Houbo unha comisión técnica pero volveu meterse no conxelador. ¿Cando vai facerse esta revisión que, segundo vostede, debería supoñer máis recursos para Galicia? ¿Está disposto a facer algunha acción política nesta dirección?

O terceiro, os orzamentos xerais do Estado para o 2017. Perdemos nos investimentos para Galicia 440 millóns de euros, despois de que o seu goberno amigo desde o ano 2012 deixara de gastar, a pesar de estar orzados, máis de 2.200 millóns no Ministerio de Fomento, o que significa un retraso considerable para a chegada do AVE a Galicia. ¿Que acción política desenvolveu ou pensa desenvolver para isto?

En cuarto lugar, o pacto do señor Rajoy co PNV, que supuxo fondos adicionais para o País Vasco, que é a comunidade seguramente peor tratada de todas en España: 400 millóns menos cada ano no cupo e 1.400 millóns de condonación da débeda relacionada co cupo; e ademais impulsar as infraestruturas ferroviarias que conecten o «Y» vasco e as plataformas loxísticas do porto de Bilbao coa rede europea de transporte de mercancías. ¿Hai algo para a PLI-

SAN e a súa conexión co porto de Vigo, para o porto seco, para a liña Monforte-Venta de Baños? E ¡alerta!, que as exixencias do PNV van ser maiores agora para os orzamentos do ano 2018.

E, por último, ¿que acción política para levantar o veto do Goberno á transferencia da AP-9? Aprobamos unha segunda proposición de lei no Parlamento de Galicia, tamén co seu voto, eliminando as consecuencias financeiras negativas para a Administración xeral do Estado, pero o goberno do seu compañeiro de partido, o señor Rajoy, con premeditación, aleivosía e reiteración, con falsidades, vetou esta iniciativa, unha caste de filibusteirismo parlamentario que ten consecuencias moi negativas para Galicia. E vostedes, calados, prostrados, mudos, sen pór en marcha ningunha acción política en relación con este tema.

Antes do verán dixémoslle que tiña que escoller entre unha acción contundente de resposta a isto ou aparecer como cómplice, con complicidade. Dixeron que non. Plantexámoslle tamén un pleno extraordinario, dixeron que non. ¿Que acción política alternativa desenvolveron ou teñen previsto desenvolver para enfrontarse?

¿Señor Núñez Feijóo, segue aí como presidente da Xunta de Galicia? ¿Aínda está defendendo os intereses de Galicia fronte ao goberno do seu compañeiro de partido, non sei se amigo, o señor Mariano Rajoy? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, señor Leiceaga, se me pregunta se eu sigo aquí, a resposta é que si. Como é natural, non lle vou facer unha pregunta en relación con vostede, porque é vostede un gran parlamentario. Pero eu sigo aquí, si; pero non porque queira vostede, senón porque os galegos así o decidiron. E este é un país democrático, señor Leiceaga. E como é un país democrático, vostede pode interpelar o presidente sempre que o considere oportuno. E eu intentarei estar á altura das súas preguntas co maior interese.

Dime vostede e fala vostede da dependencia. Señoría, vostede é perfectamente consciente de como deixaron España desde o punto de vista do déficit público. ¿Non é consciente vostede diso? Mire, aquí en Galicia deixaron un pufo de 2.200 millóns de euros. Iso no ano 2009. E no ano 2011, cando perderon vostedes as eleccións, a débeda de España, o déficit público de España, estaba non só estratosférico, senón que vostedes falsearon as contas públicas e deixaron un déficit público sen contabilizar. E automaticamente entrou no debate a intervención de España. Vostede recordará que nas eleccións do ano 2012 dicían que as eleccións do ano 2012 aquí en Galicia eran para evitar que, durante a campaña electoral, fose intervido o Reino de España.

Vostede de dependencia debería dar explicacións na Cámara. Eu vou dar as que fixemos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señoría, deixaron o país sen un patacón e aínda encima presumen de dependencia.

Mire, señor Leiceaga, cando cheguei ao Goberno había 14.000 dependentes cobrando, agora hai 50.000. Ao finalizar o ano haberá 52.000 e o obxectivo da lexislatura é 60.000. Xa lle anticipo que cumpriremos estritamente o obxectivo da lexislatura. *(Aplausos.)*

Señorías, fala vostede de financiamento autonómico, fala de financiamento autonómico o mesmo partido que pactou unilateralmente entre a Generalitat de Cataluña e o goberno de Rodríguez Zapatero impoñer un financiamento autonómico a todas as comunidades autónomas. Recordarán vostedes aqueles recortes de prensa de Esquerra Republicana de Cataluña, que viaxaban a falar coa galega Elena Salgado, *ministra de Hacienda a la sazón*, que dicían: «*Conseguimos 1.000 millones de euros más*» —Esquerra Republicana dixit—.

Pois ben, señoría, ¿que fixemos no financiamento? Levar este asunto á Conferencia de Presidentes, propoñer que a sanidade teña un fondo específico de financiamento, concretar que a dispersión e o despoboamento sigan tendo un valor fundamental, pactar con vostede o experto para concretar o financiamento. E eu dígolle: señor Leiceaga, o Partido Socialista Obreiro Español ¿está disposto a pactar un sistema de financiamento para as comunidades autónomas? ¿Ou é que me imputa a min que non haxa un sistema de financiamento para as comunidades autónomas porque o Partido Socialista vai boicotear calquera proposta de financiamento de comunidades autónomas?

Señor Leiceaga, fáleme vostede dos presupostos. Acabamos de coñecer a noticia de que os presupostos non se van presentar en tempo e forma, que se van adiar, como mínimo, ata xaneiro. O Partido Socialista ¿estaría disposto a pactar uns presupostos co Partido Popular e concretar todo ese plantexamento de financiamento de investimentos en Galicia? ¿Estaría vostede disposto, señor Leiceaga? ¿Os seus deputados no Parlamento e no Congreso estarían dispostos a pactar un gran acordo entre o Partido Socialista Obreiro Español e o Partido Popular para que España non siga bloqueada e teña un presuposto en tempo e forma a partir do mes de xaneiro? ¿Estaría vostede de acordo ou, namentres me imputa a min que non haxa presupostos, vostede bloquea os presupostos?

Señor Leiceaga, dígollo con absoluta tranquilidade. Mire, somos a segunda comunidade autónoma con máis investimento por habitante, a segunda. Somos a segunda comunidade autónoma con máis investimento por habitante de España. Temos o 11 % do total dos presupostos do Ministerio de Fomento en Galicia. ¿De que se nos acusa, señor Leiceaga?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Como comprenderá, vou seguir defendendo Galicia, pero non pense que o presidente da Xunta é parvo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, señor Feijóo.

Ese déficit público sen contabilizar procedía do comportamento de comunidades autónomas do Partido Popular, como quedou perfectamente acreditado a continuación. (*Aplausos.*) E o que falaba catalán na intimidade era o señor Aznar, que cedeu o 30 % do IRPF a Cataluña, ao señor Pujol, como tamén vostede ben sabe. (*Aplausos.*) E o ministro de Fomento que máis viña por Galicia, ao que lle deron a medalla de Galicia, era o señor Francisco Álvarez Cascos —FAC nos papeis da Gürtel—. Ese era o ministro de Fomento que máis viña por Galicia, que vostede coñece ben. (*Aplausos.*)

E sabe vostede que eu estaría disposto a facer un esforzo co meu partido para que aprobara os orzamentos do Estado se vostedes están dispostos tamén a modificar substancialmente esas contas, para eliminar os axustes, para elevar o salario mínimo, para que a sanidade e a educación públicas recobren o seu protagonismo, para que as becas teñan as contías que deben ter. Se están dispostos a facer todo isto, poñámolo diante da mesa. Pero dáme a impresión, señor Feijóo, que lle gustaría estar no corpo do señor Rajoy, pero desgraciadamente non vai poder ser de momento.

Por outra parte, co que perciben os cidadáns de que hai un acordo unánime no Parlamento de Galicia a favor da AP-9, de que hai unha maioría no Congreso dos Deputados favorable á transferencia, de que hai un goberno en minoría que fai todo o posible, utilizando as argucias parlamentarias —filibusteirismo, dicía antes—, para evitar que ese Congreso se exprese e poida haber a transferencia para Galicia, ¿está vostede disposto a dicirlles aos deputados do Partido Popular de Galicia que voten a favor do que vostede votou aquí e fagan posible que esa transferencia se produza no Congreso dos Deputados, e na Mesa primeiro? A señora Ana Pastor, ¿vaille facer caso a vostede? Parece que non, de momento.

E o que vemos é que hai un presidente da Xunta de Galicia que non pronuncia unha palabra en dirección ao seu partido, un partido que di que non pode transferir —está por escrito— a Galicia a AP-9 porque custa 18 millóns de euros ao ano. Ese é o argumento definitivo. E, ademais, son contas que están mal feitas.

¿Que acción política nos propón, señor Núñez Feijóo, para defender os intereses e a dignidade de Galicia? Porque ten que ser contundente e consensuada á vez.

Díciolle a señora Pontón se está disposto a presentar un recurso de amparo. Eu dígolle que, de acordo cos letrados da Cámara, tamén o seu Goberno pode presentar un conflito de competencias diante do Tribunal Constitucional. ¿Está disposto a facelo? E se as vías legais non son posibles, se as vías legais non conducen a nada, ¿está disposto a facer unha acción política, está disposto a poñerse á fronte dunha delegación unánime con todos os grupos da Cámara para dirixirse á Mesa do Congreso, ao señor Rajoy, e dicirlles cales son as posicións de Galicia? ¿Está disposto a facer algo así? E, se non é isto, ¿que está disposto a facer para defender os intereses de Galicia e para conseguir a transferencia da AP-9? Iso é o que ten que contarnos aquí en vez de facer oposición da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Leiceaga, eu sigo con moito interese sempre as súas disertacións parlamentarias. Intentei contestarlle as súas dúbidas sobre a dependencia, as súas dúbidas sobre o financiamento, as súas dúbidas sobre o presuposto. Agora quere que lle conteste sobre a autoestrada. Ningún problema, señor Leiceaga.

Por iso, o difícil deste asunto é ter unha liña descontinua, o zigzag da oposición, en relación coa autoestrada. Miren —insisto—, é que non é un tema menor. É que eu estaba neste escano de aquí. Vostede estaba apoiando o Goberno, e vostedes asinaban co ministerio da señora Magdalena Álvarez o convenio polo que Galicia tiña que pagar o 50 % das peaxes da ponte de Rande e da Barcala. Eu critiquei ese asunto porque me parecía que era un gasto que non deberíamos asumir. Porque, con ese diñeiro, ata o ano 2048 teríamos que pagar 600 millóns de euros, e porque con iso poderíamos facer dúas pontes gratis.

Vostedes non soamente non escoitaron senón que desprezaron esa proposta. E agora resulta que vostede me pregunta qué fixen eu pola autopista dende que son presidente. Mire, señoría, non importa o que diga eu, importa o que diga o *Boletín Oficial do Estado*, e no *Boletín Oficial do Estado* o que di o Real decreto 803/2017 é que, a partir da data da súa publicación, Galicia non pagará un euro polas peaxes de Rande e a Barcala. (*Aplausos.*) E o que di este real decreto, señoría, é que Galicia vai aforrar 400 millóns de euros ata o ano 2048. Señor Leiceaga, ¿isto non é para aplaudir? ¿Isto non é para sentirse orgulloso de que neste Parlamento unidos conseguimos, entre outras cousas, isto?

Mire, señoría, Galicia non ten amigos nin inimigos, Galicia ten intereses permanentes. E, neses intereses permanentes, eu sigo. E eu sigo, señoría, porque hai que defendelos con intelixencia, hai que defendemos con diálogo e con prudencia. E eu sigo defendendo con intelixencia, con diálogo e con prudencia. ¿Sabe por que, señoría? Porque de momento conseguimos 400 millóns de euros. E entón quedáanos o último paso: conseguir a transferencia da autoestrada.

Se os letrados da Cámara nos sinalan os distintos vehículos legais, estudiaremos eses vehículos legais. Non, dende logo, presentar foguetes ou recursos de inconstitucionalidade por parte de seis deputados —que, evidentemente, nin serían admitidos a trámite, pero, en fin, mentres se faga a pancarta e se siga intoxicando os galegos, seguimos traballando—.

Nós imos seguir traballando, señorías, porque recordamos moi ben o que se fixo durante a época socialista. Si o recordamos con absoluta claridade. Mire, cando os socialistas tiñan previsto levar o AVE ata Benavente e punto, nós puxémonos en contra. Cando os socialistas non tiñan previsto facer ningunha conexión entre Ourense e Vigo, nós puxémonos en contra. E agora resulta que os socialistas son os que piden o AVE. Señor Leiceaga, un pouco de memoria, porque, se non hai memoria, non hai xustiza.

Cando os socialistas deixaron as bancadas dos estaleiros galegos sen un só contrato desde había sete anos, nós puxémonos a traballar para que houberse contratos. Lamento que os presupostos do Estado non se presenten rápido, porque ao mellor poderíamos entre todos celebrar algún contrato importante para os estaleiros galegos.

Señorías, mentres vostedes en Europa se opoñían e querían pechar todos os estaleiros de Galicia —*tax lease*, comisario Almunia—, o que facían os socialistas, os máis audaces, era declarar persoa non grata o señor Almunia. Mire, señoría, nós non fomos a Bruxelas, traballamos cos sindicatos, co lehendakari, co presidente do Principado de Asturias, e hoxe os estaleiros galegos están cheos de contratos. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, imos seguir traballando, pódollo asegurar. Vou seguir ao lado do meu parlamento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...vou seguir absolutamente de acordo coa transferencia da autoestrada. Pero, se vostedes queren falar en serio da autoestrada, recoñezan que hoxe Galicia ten aforrados 400 millóns de euros que con vostedes había que pagar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles solucións políticas aos problemas políticos**

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, un reclamo democrático cidadán tan esencial como votar está sendo aproveitado polo Partido Popular para un recorte sen precedentes en liberdades públicas e dereitos civís: secuestro de publicacións, prohibicións de reunións, de manifestacións, de conferencias... Ao Partido Popular moléstalle o pensamento diferente, son vostedes máis partidarios do pensamento *uno, grande y libre*, polo que se ve. E o problema das liberdades públicas e os dereitos fundamentais afecta plenamente o noso país. Dareille tres datos concretos.

En primeiro lugar, hai uns días o delegado do Goberno en Galicia, ese ao que vostede pon e quita a dedo, como membro do Partido Popular que é, ameazou con prohibir as reunións e as manifestacións que tiveran por obxecto en Galicia apoiar o dereito a decidir. ¿Parécelles a vostedes razoable a criminalización da liberdade de expresión?, ¿considera aceptable esta situación? Se non é así, ¿pedirá a dimisión do delegado do Goberno?

Mire, o outro día na Mariña o subdelegado do Goberno en Lugo tamén ameazou con sancións e con multas a aquelas persoas que se manifestasen diante do hospital de Burela e en contra

da súa reforma sanitaria. ¿Tamén lles parece mal que nos manifestemos en contra da súa reforma sanitaria? ¿Parécelles tan mal? ¿Por que non piden neste caso a responsabilidade do subdelegado do Goberno, ese que tamén é do seu partido, do Partido Popular, ese que vótedes queren poñer para a alcaldía de Lugo despois de quitar como candidato o señor Castiñeiras? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, señor Castiñeiras, candidato sen cabeza... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Silencio, por favor, silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Como era o da liberdade de expresión, señores?

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Non, non dialoguen. Señor Villares, non dialogue. Non dialogue, por favor. *(Proseguen os murmurios.)*

**O señor VILLARES NAVEIRA:** *Uno, grande y libre.*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non dialoguen, non dialoguen, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Isto vai moi a conto do que lles vou contar agora.

Esta fin de semana...

**O señor PRESIDENTE:** Estamos na pregunta ao presidente. Non dialogue.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Se podo.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, pero non dialogue.

*(Murmurios.)*

¡Silencio, silencio, por favor!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¿Podo seguir, señor presidente?

**O señor PRESIDENTE:** Si, agora pode seguir.

Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Mire, esta fin de semana en Zaragoza un grupo de ultranacionalistas españois —entre eles, destacados membros do Partido Popular de Aragón— asediaron, sitiaron, increparon e agrediron a unhas persoas que se congregaran, *(Proseguen os*



*murmurios.*) cargos públicos electos de todo o Estado que se congregaran por algo tan perigoso como pedir diálogo, convivencia e fraternidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Aos membros do Partido Popular pareceulles tan perigoso e tan antidemocrático pedir diálogo, convivencia e fraternidade, que a emprenderon a botellazos coa presidenta das Cortes de Aragón.

¿Imaxinan vostedes ao noso Miguel Santalices a botellazos con el por pedir diálogo, fraternidade e convivencia? (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

Silencio.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Pois iso foi o que fixeron os membros do Partido Popular de Aragón coa xente que pedía diálogo, fraternidade e convivencia.

Señor presidente, ¿respalda vostede estes feitos do Partido Popular de Aragón? No caso de que non os respalde, ¿condena vostede estes feitos do Partido Popular de Aragón? Vostede, como membro da dirección estatal do Partido Popular, ¿pedirá a exclusión desta xente? Vostede ¿do lado de quen está, da democracia ou do pensamento único, grande e libre?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente.

Como é natural, señoría, nós imos condenar sempre calquera tipo de atentado ou de agresión que sufra calquera político en España, calquera cidadán en España (*Aplausos.*), calquera persoa que por expresar as súas ideas sufra este tipo de agresións. Fixémolo sempre, fixémolo cando nos tocou a nós cos atentados de Resistencia Galega e ímolo seguir facendo sempre.

Por iso, señoría, nós non distinguimos. A nós non nos gusta o nacionalismo, señoría, nin o nacionalismo español nin o nacionalismo galego nin o nacionalismo vasco nin o nacionalismo catalán. (*Aplausos.*) Non nos gusta o nacionalismo. E por iso me sorprende, señoría, que un nacionalista coma vostede critique o nacionalismo. E é o primeiro paso para aproximar algunha postura.

Pero, señor Villares, vostede non sei se exactamente xa non quere preguntar sobre o que me pregunta. Pero vostede pregúntame se eu estou de acordo con que o Goberno do Estado con-

tinúe recortando dereitos fundamentais, como a liberdade de expresión, manifestación, reunión, etc.

Mire, señoría, levo escoitando por parte de vostedes algunhas aseveracións de que o problema de Cataluña é un problema político e que en consecuencia tocan solucións políticas. Vostede sabe que, por riba dos políticos, está a Constitución, porque a Constitución non foi aprobada polos políticos, foi aprobada polo pobo en referendo. Si, polo pobo, eu votei. Non sei se vostede non votou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah non votou! Bueno, señoría. Nótase bastante que vostedes non tiveron que traballar coa Constitución. (*Aplausos.*) Nótase en todas as actuacións que vostedes fan. ¡Evidentemente, señoría! (*Aplausos.*)

Xa sei, señoría, que vostede non votou a Constitución pero vostede traballaba coa Constitución. ¿Ou é que non traballaba coa Constitución? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿É que acaso vostede non xurou a Constitución moitas veces e a aplicou, entendo que todos os días, durante a súa antiga profesión?

Mire, sen respecto á lei, non hai dereitos cidadáns. Sen respecto á lei, non hai liberdades públicas. Sen respecto á lei, non hai liberdades individuais. E sen respecto á lei, non hai democracia. Por iso, señoría, o maior desafío que neste momento temos en España dende o golpe de estado do 23 de febreiro de 1981 é o que está ocorrendo cos políticos independentistas de Cataluña. E os dereitos exércense de acordo coa Constitución, e por iso me sorprende que aqueles que violan a Constitución pidan amparo da Constitución que queren violar e que violan todos os días.

Por iso, señoría, o referendo é inconstitucional e o referendo está neste momento deixado sen efecto. Pero non porque o digamos nós, senón porque o di o Tribunal Constitucional. O Tribunal Constitucional acaba de declarar nula de pleno dereito a Lei de desconexión. Acaba de declarar nulas de pleno dereito todas as normas que desenvolvan esa lei de referendo.

Polo tanto, señoría, o grave problema que temos neste momento en Cataluña é un problema de desacato ás leis, é un problema absoluto de brodio xurídico presentado no Parlamento de Cataluña e é un problema, señoría, de liberdades. E por iso me sorprende, señoría, que vostede non respecte as liberdades. As liberdades non son as que di unha maioría nun parlamento. As liberdades son aquelas que se conteñen nos textos sometidos a referendo, como a Constitución española e o Estatuto de Galicia ou de Cataluña.

Por iso, señoría, neste momento ¿a quen protexe vostede? Nós protexemos os cidadáns de Cataluña. Vostede ¿a quen protexe? ¿A quen protexe vostede con esas soflamas de independentismo?

Mire, señoría, o artigo 9 da Constitución di que os poderes públicos están suxeitos á Constitución. O artigo 10 di que respectar a lei e os dereitos dos demais son o fundamento da orde

política e da paz social. O artigo 17 di que a xustiza emana do pobo e é administrada por xuíces e maxistrados independentes, inamovibles e responsables.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E o artigo 118 di que é obrigatorio o cumprimento das sentenzas e das resolucións xudiciais. ¿Por que vostedes non acatan a sentenza do Tribunal Constitucional? ¿Por que?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿É que acaso vostedes están por riba das leis, por riba da Constitución, por riba dos españois, por riba dos cidadáns? Señor Villares, ten vostede a oportunidade de contestar. Vostede está... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sen dúbida, señoría, para aclarar o debate. Non se preocupe, señoría, a pregunta é fácil: ¿vostede acata a Constitución, si ou non?

Máis nada e moita grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Dentro de tres anos, cando En Marea governe, *(Risos.)* vostede terá a oportunidade de facer as preguntas que queira aquí neste hemiciclo *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

Mire, a súa negativa á condena expresa dos actos do PP de Aragón deixa de manifesto o seu carácter autoritario. *(Murmurios.)* ¡Ah!, o PP ten dúas varas de medir: a dos amigos aos que se lles regalan botellas, preferentemente de Vega Sicilia, *(Fortes murmurios.)* e a do resto, aos que se trata...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, por favor! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, silencio, silencio por favor! Se non, isto prolongarase. ¡Silencio, por favor, señor Trenor, silencio! ¡Silencio! Se non, suspendemos momentaneamente o pleno. Non hai ningún problema en suspendelo. Silencio.

Cando queira, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Teñen vostedes un problema coa liberdade de expresión, ¡eh! Fágano mirar.

Miren, aos amigos, botellas; e ao resto, a botellazos. Ese é o carácter autoritario do señor presidente. *(Aplausos.)*

Veiu a semana pasada e volve agora outra vez a pedir a inhabilitación daqueles que non pensan coma vostede. A vostede pásalle unha cousa: vostede confunde o poder lexislativo co poder xudicial, e é normal que o confunda, é normal que confunda poder lexislativo e xudicial alguén que preparou as oposicións de xudicatura e non as aprobou. ¡Pero non pasa nada, non pasa nada! (Aplausos.)

Mire, eu explícolle a diferenza, e explícolle a diferenza a Rueda tamén, a ver se aprende. (Risos.) (Murmurios.) Mire, os xuíces aplican as leis e os políticos cambian as leis. Eu deixei a toga para vir á política con esta boa xente de En Marea e cambiar leis inxustas para as maiorías sociais. (Fortes murmurios.) E vostede, señor presidente, ¿que facía vostede antes de vir á política? ¿A que se dedicaba? ¿A que veu vostede á política?

Nós o único que sabemos de vostede é que se paseaba pola ría de Arousa conducindo un barco dun narcotraficante (Aplausos.) (Murmurios.) Alberto Núñez Feijoo, de profesión, [...] (Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retírase esta expresión do Diario de Sesións.). (Risos.) (Aplausos.)

¿Que vai facer vostede cando remate a súa vida política? ¿A onde vai volver? ¿Vai volver ao barco cando remate a vida política? Mire, fala vostede de cumprimento da lei e de sentenzas... (Fortes murmurios.)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio! Responde o presidente.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Ao señor Rueda tamén isto lle interesa, interésalle moito ao señor Rueda, igual que a Feijóo.

Mire, estase xulgando estes días, señora Prado, o caso Campión, o caso Campión, que é un caso de corrupción que afecta de pleno ao Partido Popular. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si, si, ao presidente do Igape, do Partido Popular, nomeado por Feijóo, e ao deputado do PP Pablo Cobián. Ben, a Fiscalía acusou a todos os investigados. E o Partido Popular, personado mediante a Xunta de Galicia, acusounos a todos menos aos que tiñan o carné do Partido Popular. ¿Acabóuselles a pluma no momento de formular a denuncia? Non, ¿verdade?

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, remato.

¿Por que a Xunta non acusou os membros do Partido Popular e os deixou só en mans da Fiscalía? ¿Sabe? Onte eses membros do Partido Popular recoñeceron a súa responsabilidade... (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señora Prado!

Perdón, perdoe un momento. Señora Prado, responde o presidente, responde o presidente, e terá o seu tempo. Por favor, non interrompan este debate. Son preguntas dirixidas ao presidente e ten tempo para responder o presidente. E despois falarei eu.

Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente. *(Murmurios.)*

Xa remato. Se me deixan, claro.

Mire, vostede non deu orde de acusar os membros do Partido Popular por unha razón: porque é igual ca eles, foron condenados por corrupción e vostede é digno representante do partido máis corrupto de Europa.

Polo tanto, e remato...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Non, non, déixeme acabar.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, remate xa.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** O presidente dos *botellazos*, o presidente [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*, o presidente cómplice da corrupción, non está habilitado politicamente para vir dar leccións a esta Cámara de democracia. ¡Que teña bo día, campión! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Silencio.

Voulle pedir que retire esa expresión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoen, a ver se respectamos.

Estalle pedindo o presidente a un deputado, neste caso portavoz, que retire unha expresión. Hai dúas opcións: retíraa vostede ou a retiro eu con chamada á orde. Escolla.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Vou explicarme, e despois... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non me explique nada. Soamente lle pido que a retire vostede, e entón queda retirada; ou retíroa eu e chámoo á orde.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Un señor que conduce un barco dun narco... *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, perdón, non a retira. Chámoo á orde, señor Villares. Queda retirada e ten vostede unha chamada á orde. *(Murmurios.)*

Silencio, son preguntas ao presidente, por favor.

Señor presidente, o seu turno. *(Murmurios.)*

Silencio, silencio. Resposta do presidente.

Cando queira.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Creo, señorías, que a intervención do señor Villares debe de facer reflexionar a todos os galegos. Non hai máis que volver lela ou relela.

Mire, non vaia pretender de min que lle diga o que vostede é, porque non toca. Eu son o presidente dun goberno democrático, e estamos nun parlamento democrático. Vostede lamentablemente necesita aprobar unha oposición, a oposición de que o manteñan nese cargo. ¿Está vostede disposto a prescindir de calquera tipo de dereito cara aos demais? Está disposto a insidiar, a calumniar, a insultar. Vostede xa tiña pouco prestixio como político, pero a partir de agora, señoría, hai un antes e un despois sobre o seu prestixio como persoa. *(Fortes aplausos.)*

Mire, señoría, comprendo que é ben fácil de responder a unha pregunta que consiste en dicirlle a un deputado nunha Cámara se acata ou non acata a Constitución Española, canto máis se ese deputado incluso foi maxistrado —como lle gusta que lle digan os periodistas, que os corrixe cando lle poñen «ex-maxistrado», porque lles concreta que teñen que poñer «maxistrado en excedencia»—. *(Murmurios.)*

Mire, señor Villares, ¿vostede realmente cre en algo do que di? Pero a pregunta é: ¿vostede realmente creu na súa vida en algo do que fixo? *(Murmurios.)*

Os xuíces non están exixindo responsabilidades políticas a ninguén, os xuíces están exixindo responsabilidades penais. A autoridade pública que dita, sabéndoo, resolucións manifestamente inxustas, ¿sabe o que é? Un delito de prevaricación. Quen dá un destino ilegal aos fondos públicos ¿que é? Un delito de malversación de fondos públicos. Quen desobedece unha resolución xudicial, ¿que é? Un delito de desobediencia. Iso sábeno todos os estudantes de dereito, salvo o maxistrado en excedencia señor Villares. *(Aplausos.)*

Mire, señor Villares, vostede, cando empezou nisto, dicía —e leo textualmente—: «Eu só milito na Constitución Española», Villares *dixit*. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que cambiou dende hai un ano a esta parte, señor Villares? ¿A que señor Villares hai que crer? Vostede engadía: «*No puedo esconder que en ciertos ambientes definirme así provoca malas caras, pero ser independientes trae estas cosas*».

Señor Villares, ex-militante da Constitución Española *(Risos.)*, ex-militante de calquera principio básico de democracia en Galicia, ex-maxistrado do Tribunal Superior e ex-político. *(Aplausos.)*

Mire, señor Villares, compara vostede o referendo inconstitucional de Cataluña co referendo en Silleda. Resulta que para tomar a decisión de onde se pon a casa consistorial en Silleda, fixeron unha consulta. Sabería vostede que esa consulta estaba autorizada polo Consello de Ministros, ¿verdade?

Señor Villares, non soamente nos sorprende a súa técnica procesual e xurídica, senón que nos sorprende a súa miopía política continuada.

Señor Villares, as festas nas que vostedes participan, a Galicia, de momento, pódennlle custar 5.000 millóns de euros, que é exactamente o que neste momento está en risco, diñeiro dos galegos, coa independencia de Cataluña. Cataluña ten 70.000 millóns de euros do Estado en débeda. Nós somos case o 6 % da poboación, e débennos 4.000. A Cataluña acábanlle de condonar 18.000 millóns de intereses de débeda. Nós somos case o 6 % do Estado, correspóndennos 1.000. As súas festas independentistas estannlle custando a Galicia, de entrada, 1.000 millóns de euros que condonamos en intereses á Generalitat de Cataluña, e temos un préstamo de 4.000 millóns de euros que, coa lei de desconexión, non pagarán.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Villares, vostede ¿a quen defende?

Eu comprendo que defende o seu escano. Pero fágao con dignidade. Pódese defender un escano e defender os galegos tamén, pódese defender un escano e defender a legalidade tamén, pódese defender un escano e defender a Constitución tamén.

Señor Villares, nin todos os políticos somos coma vostedes, (*Fortes murmurios.*) nin a inmensa maioría dos xuíces son coma vostede. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E, por iso, espero que vostede dure moito no cargo, de verdade que llo aseguro, e non só para que o seu partido siga perdendo as eleccións senón para que a xustiza siga gañando.

Máis nada e moitas grazas. (*Fortes aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

(*O señor Castiñeira Broz pide a palabra.*)

Si, señor Castiñeira, ¿para que quere a palabra?

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Polo artigo 76...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Cal é exactamente a alusión? Eu escoitei e non me parece...

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** O señor Villares fixo unha alusión claramente ao meu descabezamento, segundo el.

**O señor PRESIDENTE:** Eu escoitei unha alusión, primeiro, polo seu nome, que non foi correcto (*Risos.*). Foi o que escoitei, pero, bueno, non me parece que sexa...

En todo caso, ten un brevísimo turno.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Moi breve. Vou aclararlle sencillamente como funciona o noso partido, que democraticamente elixe os seus candidatos (*Risos.*), e dificilmente se pode descabezar ou decapitar un candidato cando non está nomeado a candidato. E agradézolle a súa preocupación pola miña cabeza, pero que se preocupe pola del, que ao mellor ten máis problemas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeiras.

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luís Rivas Cruz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta Proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a que cumpra coas obrigas que ten legalmente establecidas e que elabore un plan especial de promoción do Camiño Inglés e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*

*1º) Que se dirixa á Deputación Provincial da Coruña para a creación da mesa sobre O Camiño de Santiago, tal e como establecen o Plan director e o Plan estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia*



2015-2021, na súa liña estratéxica L.E.1 Coordinación e organización administrativa; Acción 1.1.2 Creación de mesas de traballo para as rutas que carecen de órgano coordinador.

2º) Que dote unha contía orzamentaria necesaria para proceder a reparar e substituír aqueles indicadores que están en mal estado, colocalos naqueles lugares nos que sexan insuficientes, adecuar as mouteiras necesarias para ter unha boa sinalización do camiño; así como proceder ao acondicionamento de aqueles tramos que están en mal estado, tal e como establece a liña estratéxica L.E.3 Conservación e mantemento do camiño de Santiago. Accións 3.1.3 Implantación da sinalización do Camiño de Santiago.

3º) Que proceda a dotar orzamentariamente as contías necesarias para corrixir, á maior urxencia posible, os problemas de seguridade viaria en todos os camiños de Santiago, tal e como establece a Liña estratéxica L.E.3 Conservación e mantemento do Camiño de Santiago, Plan de actuación 3.1 Mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago. Accións 3.1.4 Establecemento de pasos peonís ou outras vías de tránsito.

4º) Que dote unha partida orzamentaria para que no exercicio 2018 se proceda a construír ou acondicionar os novos albergues necesarios naquelas zonas do camiño nas que hai unha deficiencia na oferta deste tipo de establecementos, nomeadamente, nos lugares de Sigüeiro, Ferrol e A Coruña, segundo se establece na liña estratéxica L.E./ Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino. Accións 7.1.5 Impulso á creación de novos albergues en zonas onde non existe aloxamento público e hai unha deficiente oferta de albergues privados:- Camiño inglés: etapa dende Bruma-Mesía a Santiago e valoración da posibilidade de albergues nas cidades de Ferrol e A Coruña».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Antón.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Sempre se fala do Camiño de Santiago como un dos piares da construción europea. Europa fíxose peregrinando a Compostela. E certamente os pobos e os países que conforman Europa recoñecen o Camiño de Santiago como ese elemento común que nos une, un espazo compartido desde hai máis de once séculos.

Europa fixo seu o Camiño de Santiago incluso antes que nós mesmos nos decataramos da súa existencia, do seu valor e da súa importancia. O camiño latexaba a finais do século XX nas mans das asociacións de peregrinos, dos profesores, dos catedráticos, dos investigadores das universidades, e tamén dalgún político. De feito, no seo do Consello de Europa foi cando se deu un paso de xigante na consideración universal do Camiño de Santiago ao denominalo «primeiro itinerario cultural europeo», recoñecendo nel os valores fundamentais que propugna esta institución, os dereitos dos homes e mulleres, a diversidade e a democracia cultural, a comprensión mutua e os intercambios transfronteirizos.

Galicia, cunha recente estreada autonomía, soubo recoñecer que tiña ante si un tesouro único. A aposta decidida da Xunta de Galicia hai máis de vinte e cinco anos pola posta en

valor dos camiños de Santiago en Galicia é hoxe unha realidade compartida por todos os axentes políticos, sociais, económicos, turísticos e culturais.

Aquelas dúbidas que xurdían sobre o Xacobeo e o Camiño de Santiago na década dos noventa do século pasado son iso, pasado. Porque hoxe, ninguén pode discutir a importancia do Camiño de Santiago para Galicia, ninguén pode poñer en dúbida os beneficios que xera para os concellos polos que discorre e para a sociedade en xeral. O carácter poliédrico do Camiño de Santiago queda reflectido en todos os ámbitos nos que o Camiño se manifesta e inflúe: o aspecto económico, pola transacción de bens e servizos que xera ao seu arredor; ou o ámbito xurídico, pola necesidade de ordenar o espazo físico, os seus elementos funcionais e a súa protección. Un amplo abano no que a historia, o patrimonio cultural construído, o patrimonio inmaterial que atesoura e a riqueza natural pola que discorre forman parte dun todo que non se pode partillar, senón que debe ser tratado no seu conxunto para que a súa esencia e a súa razón de ser non se perdan.

Nestes case vinte e cinco anos, o Camiño de Santiago sempre estivo na axenda do Executivo autonómico, toda vez que o éxito do Xacobeo 93 contrastou que os esforzos non foron baleiros. Abriu unha nova fiestra e unha nova etapa para as rutas xacobeas en Galicia e no mundo, e podemos dicir que agora tamén estamos nun momento especial.

Desde un punto de vista cuantitativo, de coñecemento e de presenza, o Camiño de Santiago, sen dúbida, é o elemento que máis identifica a Galicia no mundo enteiro. As cifras de peregrinos —que todos coñecemos— que cada ano se achegan a Santiago de Compostela non deixan de medrar en número e en nacionalidades: 277.854 peregrinos de 146 nacionalidades no ano 2016, por poñer un exemplo. Pero estes datos non deben de facernos compracentes, senón exixentes.

A inclusión na Lei de patrimonio cultural de Galicia —que se aprobou nesta Cámara hai pouco máis dun ano— contén un título VI dedicado exclusivamente aos camiños de Santiago, e responde a esa exixencia de protexer e conservar a herdanza recibida para as xeracións que virán.

A aprobación do Plan director e estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia —do que se cumpren tamén dous anos— responde a esta mesma exixencia. Unha exixencia e un compromiso do Goberno galego coas rutas xacobeas, non só do que poderíamos denominar a parte física do Camiño —a traza, a sinalización, a acollida e a realización de monumentos—, senón tamén da parte social —a creación de emprego, a potenciación da axenda cultural, impulso á investigación, etc.—.

Esta visión integral e xeralista é obvio que non pode recaer exclusivamente na Administración autonómica, xa que hai múltiples axentes públicos e privados implicados na consecución dos obxectivos que se marcan neste plan estratéxico. Entre outras cousas, porque este plan é consecuencia do seu tempo, do tempo que está a vivir o Camiño de Santiago, sempre en permanente renovación, como un ser vivo que se retroalimenta das propias vivencias e experiencias. Unhas experiencias que nos demostran a necesidade de establecer novos marcos de relación e novas formas de gobernanza para aqueles proxectos que afectan a territo-

rios onde a responsabilidade da xestión pública non é dunha única Administración e mesmo conviven diferentes niveis administrativos e competenciais.

E falo de responsabilidade compartida porque tamén hai un grande interese e traballo por parte do tecido asociativo —de fundacións e doutras figuras— que aglutina a persoas anónimas que traballan a prol do Camiño. E a isto debemos engadir un puxante sector privado que desenvolve a súa actividade en diferentes eidos a pé de camiño, como un novo motor da economía local.

Intentar establecer unha mesa de traballo que permita mellorar a gobernanza do Camiño de Santiago con todos estes vimbios debera ser de interese de todos os grupos aquí presentes, porque, en definitiva, se trata de crear sinerxías, de sumar esforzos, tanto materiais como humanos ou financeiros. Trátase de ter directrices conxuntas, posicións unánimes e mesmo debater sobre aquilo sobre o que non se está de acordo. En definitiva, trátase de abrir unha canle de diálogo.

Este discurso serve para todos os camiños de Galicia, evidentemente, mais hoxe imos focalizalo en dous camiños que discorren integramente pola provincia da Coruña; dous camiños singulares, como xa se di na exposición de motivos desta proposición non de lei. É o caso do Camiño Inglés, por ser a continuación das peregrinacións marítimas do norte de Europa, e o caso do Camiño de Fisterra a Muxía, por ser un camiño de ida e volta, xa que malia que normalmente se fala do Camiño de Fisterra a Muxía como aquel que ten a súa orixe en Santiago de Compostela, non podemos esquecer que tamén hai unha peregrinación de Fisterra a Muxía cara a Santiago con orixe nestas dúas zonas costeiras.

As cifras máis recentes avalan un constante crecemento de peregrinos en ambos os dous camiños: 9.703 persoas recolleron a Compostelá en 2016 despois de percorrer o Camiño Inglés; 3.261 persoas máis que no Ano Santo de 2010, e 6.611 persoas máis que no Ano Santo do 2004. O Camiño de Fisterra a Muxía tamén incrementa os seus peregrinos. Aquí os datos hai que recompilalos de diferentes fontes, porque para coñecer a realidade do Camiño hai que ter en conta as persoas que recollen a Compostelá pero tamén as persoas que recollen a Fisterrá e as persoas que desde este ano recollen a Muxiá. ¿Ven como necesario crear unha mesa de traballo?

Os datos do 2016 reflicten que 26.529 persoas percorreron este camiño, o que implica un incremento dun 5,72 % con respecto ao 2015. Que estes dous camiños discorran integramente na provincia da Coruña, na nosa consideración é unha vantaxe, porque delimita perfectamente os actores a un territorio máis pequeno, máis homoxéneo, e, polo tanto, debería ser sinxelo coadjuvar todos os intereses cara ao mesmo fin, que non é outro que a mellora constante e diaria dos camiños.

Podería seguir dando razóns polas que consideramos interesante e necesario crear esta mesa de traballo, pero, como todos vostedes saben, esta idea —que está xa no Plan director estratéxico do Camiño de Santiago— é polo que lle pedimos á Xunta de Galicia que sexa proactiva en cumprimento desta medida, e solicitámoslle que se dirixa á Deputación da Coruña para que, xunto cos concellos afectados, procure a creación dunha mesa de traballo por en-

tender que a Deputación é a Administración local máis preto do territorio e a máis axeitada, porque é o órgano que representa os concellos na provincia.

Espero poder contar coa aprobación do resto dos grupos con representación neste Parlamento.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Antón.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Recordar simplemente, en principio, que hoxe hai corenta e dous anos que foron fusilados Humberto Baena e outros catro máis como o último coletazo dun franquismo que non morría. *(Aplausos.)*

De verdade, unha espléndida intervención de louvanza ao Camiño, pero que agocha algo máis. Ao ler a parte resolutiva da súa proposición non de lei, sen querelo, este humilde deputado deduce que xa gastaron os cartos en algo e queren que as deputacións, cos diñeiros dos concellos, sosteñan o que é exclusivamente competencia da Xunta de Galicia. Unha vez máis, o PP, coa súa xa sabida vocación municipalista, pretende cargar sobre os concellos o bo estado de conservación e demais asuntos arredor do Camiño de Compostela. Repítolle, teñen vostedes competencias exclusivas, únicas, sobre os camiños de Santiago.

A Deputación da Coruña xa mantén un diálogo regular de coordinación cos concellos en materia de turismo e de patrimonio. Froito dese diálogo —e mais do que se vén mantendo co propio Xacobeo— son os proxectos que se levaron e levan a cabo de mellora da sinalización, campañas de divulgación, presentación dos camiños en eventos turísticos, etc.

Hai poucos meses, a Deputación da Coruña organizou un programa, Primavera no Camiño Inglés; acaba de presentar unha expo sobre o patrimonio no Camiño Inglés; mantén contacto con administracións inglesas para a promoción do Camiño Inglés; executa melloras de sinalización do Camiño de Fisterra a Muxía; edita unha Fisterrá, etc. ¿Non estarán a facer de máis?

Saben ben que a creación de mesas sectoriais sobre materias que son competencia da Xunta de Galicia debe partir da propia Administración galega. A Deputación da Coruña estaría disposta a formar parte delas, mais habería que coñecer as condicións e os compromisos aos que dará lugar. O normal é que a Xunta de Galicia informe primeiro á Deputación e logo solicite opinión.

A cesión de competencias nas administracións locais, segundo a Lei de sustentabilidade e racionalidade das administracións públicas —a coñecida Lei Montoro—, só se pode levar á

práctica con cesión dos orzamentos destinados a satisfacer os custos que a referida cesión represente para as administracións que as asumen. ¿Poden explicarnos se nesas mesas que pretenden facer van poñer cartos ou pretenden que os paganos sexan outros?

O que non é de recibo é que o Partido Popular trate de evadir os problemas, ou a súa incapacidade, e trasladarlllo ás deputacións. Confesen que á da Coruña téñenlle ganas, ¡eh! (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Téñenlle ganas! (*Aplausos.*) Pois ben, neste caso á da Coruña queren trasladarlle compromisos orzamentarios para os que non ten competencia. Vostedes, na súa desvergoña política, levan ao pleno da Deputación da Coruña iniciativas sobre o transporte metropolitano, sobre as indemnizacións no caso de temporais, as cancelas municipais... —por poñer algunhas cuestións—, tratando de que esta —a Deputación— asuma competencias impropias para lle lavar a cara á falta de compromiso orzamentario da Xunta de Galicia con estas cuestións.

A Xunta de Galicia, na súa relación coa Deputación, debería orientarse a tomar conta de cuestións que nestes momentos asume o ente provincial e que debería asumir exclusivamente a Xunta de Galicia. E poño por caso, en materia de patrimonio histórico, a xestión do dolmen de Dombate; en materia de seguridade, os parques de bombeiros; en estradas, o mapa de estradas totalmente anómalo, que fai que a Deputación da Coruña asuma estradas que claramente deberían formar parte da rede galega e non provincial, pola densidade de tránsito e importancia viaria. Cuestións como que, sendo a educación competencia exclusiva da Xunta de Galicia, a Deputación aínda conte con recursos formativos; en materia asistencial outro tanto, e así tantas outras cuestións.

Para rematar, efectivamente, debería existir unha mesa de coordinación Xunta-Deputación para abordar un montón de cousas —moitas— pero non para poñer no debe da Deputación aínda máis cuestións que non son da súa competencia. ¿Facemos unha mesa e falamos da estrada Carballo-Compostela, tramo ata Portomouro? ¿Falamos do gasto social dos concellos de menos de 20.000 habitantes, que asume a Deputación da Coruña? ¿Falamos do mesmo tema? Eu creo que non.

Por iso a nosa emenda é que o Parlamento de Galicia inste o Goberno da Xunta de Galicia a que cumpra coas obrigas que ten legalmente establecidas e a que elabore un plan especial de promoción do Camiño Inglés e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía. É algo diferente, ¿ou non? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021, elaborado pola propia Xunta de Galicia, contén catro obxectivos, cinco retos e catro eixes de desenvolvemento e liñas estratéxicas. Voume parar en tres liñas estratéxicas.

A primeira, a LE1, coordinación e organización administrativa, di que establece plans de acción para fortalecer os organismos competentes e potenciar a colaboración e coordinación entre eles. E no Plan de actuacións prioritarias, fomento da cooperación interadministrativa, expón que os axentes implicados son: presidencia, Turismo de Galicia, que é o axente coordinador; as consellerías da Xunta de Galicia, as deputacións e os concellos do Camiño, que son axentes principais, e a Administración xeral do Estado como axente colaborador. Así mesmo, establece as accións, que son a creación da Comisión interdepartamental, cun regulamento interno, e a creación das mesas de traballo.

Na Liña estratéxica 3, conservación e mantemento do Camiño de Santiago, o plan de actuacións prioritarias é o mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago, e o Camiño de Santiago accesible.

E, por último, na Liña estratéxica 7, especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino, establécense os plans de acción destinados a lograr a excelencia na atención ao peregrino. E, así mesmo, no plan de actuacións prioritarias establécese a xestión integrada da rede pública de albergues, mellora das súas infraestruturas e o fomento da excelencia aos servizos de atención ao peregrino.

Pois ben, a Xunta de Galicia, como ente coordinador, ten constituídas a día de hoxe as mesas con tres das catro deputacións galegas, nas que se debate sobre todos os camiños que pasan pola provincia que corresponda. Dentro das funcións desas mesas, está a posta en común das accións que cada un dos integrantes debe levar a cabo en exercicio das súas competencias. O coñecemento das deficiencias existentes, a busca de solucións conxuntas, a colaboración na divulgación e promoción do Camiño e a elaboración do regulamento de funcionamento.

Con respecto á Deputación de Ourense, temos coñecemento de que se reuniron unha soa vez e non volvemos ter sinais da súa existencia nin da súa programación. Na Deputación de Lugo, na que se constituíron mesas —como insistía— para todos os camiños que pasan pola provincia, teñen establecidas tres mesas. Unha primeira, institucional, na que está a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e os concellos por onde pasa o Camiño. Unha segunda mesa, de expertos, destinada á investigación. E unha terceira mesa, das asociacións relacionadas co Camiño.

Así mesmo, na Deputación de Pontevedra, na que tamén se establecen mesas de todos os camiños que pasan pola provincia, está representada a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Turismo, a Dirección Xeral de Patrimonio e a Xerencia do Xacobeo; ademais da Deputación de Pontevedra, os concellos por onde pasa o Camiño e as asociacións relacionadas co Camiño.

A día de hoxe, as deficiencias manifestadas polas deputacións nas ditas mesas, ou mellor dito, polos integrantes nas ditas mesas, chegan á mesma conclusión, e son: a falta de seguridade en varios puntos do Camiño; rutas non seguras; deficiencias na sinalética do Camiño; deficiente accesibilidade para as persoas con diversidade funcional; wifi moi deficiente, falando nalgúns casos dun 80 % dos tramos en Galicia nos que non existe wifi libre e aberta;

as campañas de promoción non se artellan conxuntamente coas deputacións e cos concellos afectados; as prazas nos albergues son insuficientes; os albergues non contan con sinalización adecuada para as persoas con diversidade funcional, como poderían ser os pictogramas para as persoas co espectro de autismo, e falta de apoio da Consellería de Cultura nos concellos por onde pasa o Camiño.

A Deputación da Coruña nestes intres está en condicións de formar parte desta mesa, pero insistimos en que a quen lle corresponde constituíla e quen debe dar o paso é a Xunta de Galicia como ente coordinador establecido polo propio organigrama do seu plan director.

En canto ao Camiño Inglés, a Deputación da Coruña ten feito unha serie de iniciativas moi importantes, mentres que a Xunta de Galicia anuncia o ano 2017 como Ano do Camiño Inglés sen que teña reparado as grandes deficiencias que aínda existen a día de hoxe, o cal non parece o máis axeitado.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** No caso da Deputación da Coruña, presentou a campaña Primavera no Camiño Inglés, accións de mellora que levan aparellados 114.000 euros, nas que se fai unha análise e sensibilización para a recuperación dos espazos naturais; un estudo da mellora da accesibilidade nas distintas etapas e programas para a eliminación de barreiras arquitectónicas; o emprego de novas tecnoloxías para a sinalética e a orientación...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...con plataformas interactivas do código QR.

Remato xa, señor presidente.

Traballos elaborados na propia imprenta provincial para promocionar o Camiño Inglés; exposicións e a propia participación en Fitur xunto coa Xunta de Galicia.

Polo tanto —insisto—, a Xunta de Galicia está en disposición, quen ten que actuar é o axente coordinador...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e ademais establecer, igual que no resto das deputacións...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...que sexan todos os tramos que pasan por esta provincia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo Lorenzo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías.

O Plan estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 xa contempla vías e mecanismos para desenvolver estas tarefas que se piden hoxe nesta PNL. A Liña estratéxica 1 establece plans de acción para fortalecer os organismos competentes e potenciar a colaboración e coordinación entre eles, fomentando canles para a participación do tecido asociativo nas políticas de xestión do Camiño. A Liña estratéxica 2, no seu punto 2.1, contempla e pon como exemplo dunha das vías a desenvolver precisamente o trazado de Muxía-Fisterra, entre outros moitos. A Liña estratéxica número 3 establece plans de acción para a coordinación dos servizos de mantemento e conservación do Camiño de Santiago no relativo ao seu trazado, ao seu territorio vinculado e ao conxunto dos elementos patrimoniais que a compoñen.

O noso grupo non ten moi claro o que quere valorar esta iniciativa. Nós pensamos que pode ser, quizais, unha forma de detectar certo desleixo por parte da Consellería de Turismo e que lle están a dar un impulso con esta iniciativa para que fagan o que teñen comprometido, o cal é un bo indicio de que están facendo o seu traballo; ou, por outra banda, ten outras intencionalidades diferentes, como tratar de gravar ou cargar o traballo que tería que estar desenvolto por dita consellería a outras administracións.

En todo caso, tomarémola como unha especie de autocrítica, porque queda claro, como xa expuxeron os outros grupos e como estou a expoñer eu agora mesmo, que todo o que se está a pedir aquí xa está contemplado no propio Plan estratéxico da Consellería, e, polo tanto, entendemos que detectan que non están a facer o seu traballo.

Nós pensamos que tamén hai que darlle un impulso a este tipo de cuestións e dicirles que fagan o que se comprometeron. Se se comprometeron a desenvolver unha serie de iniciativas nun ambicioso plan estratéxico, pois o propio é que o fagan. E coincidimos en que é de interese que se cumpran eses obxectivos comprometidos polo Goberno do PP.

Gustaríame que na súa segunda intervención nos explicase como queren compoñer esa mesa, cal é a parte da proposta, porque o que están a esbozar aquí xa está dito no Plan estratéxico. Entón, ¿a proposta que engade a maiores? ¿Como queren compoñer esa mesa? ¿Que competencias lle queren dar, máis aló do diálogo?

Nós estamos a favor de todas as mesas que faciliten o diálogo, a fraternidade e o desenvolvemento de políticas que redunden no beneficio do común, pero nos falta esa parte de que tipo de mesa queren facer. ¿Como as que se fixeron nas outras provincias, nas outras deputacións? ¿Queren darlle outros compoñentes? ¿Quen vai executar o resto dos orzamentos, se é que os hai, para desenvolver todas estas liñas de acción que están contempladas? Iso gustaríame que nolo respondera para determinar a dirección do noso voto.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Merlo.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da proposición non de lei, a señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Vou empezar respostando ao señor Merlo por ser a última intervención.

Efectivamente, señor Merlo, eu xa dixen na miña intervención que era unha das liñas que conformaban o Plan estratéxico da Axencia de Turismo de Galicia. Non é consellería, non é dirección xeral, é unha axencia, isto para o seu coñecemento. E ademais díxeno en bo ton, porque precisamente ao que non vin aquí foi a criticar a actuación da Deputación da Coruña, que podería. E podería porque a Axencia de Turismo de Galicia, para poder facer efectiva esa medida, púxose en contacto coa Deputación da Coruña no ano 2015, e a Deputación da Coruña nin está nin se espera; por iso hoxe, elegantemente, vimos aquí para dicirlle á Xunta de Galicia que, por favor, se volva dirixir á Deputación da Coruña a ver se desta volta temos moita máis sorte.

Porque, señor Cruz, a Xunta non abdica das súas competencias, para nada; nin abdica das súas competencias nin deixa de investir, nin quere cargar os concellos, que sabemos perfectamente como está a súa situación financeira.

*Cree el ladrón que todo el mundo es de su condición, señor Cruz. ¿Que está a defender vostede aquí? ¿A actuación da súa compañeira, a señora Gorette Sanmartín, vicepresidenta da Deputación da Coruña? Porque resulta que agora, segundo vostede, a Deputación da Coruña é unha administración exemplarizante. ¿Pero non eran vostedes os que querían facer desaparecer as deputacións? ¿En que quedamos, señor Cruz? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A Xunta de Galicia mesmo está asumindo moitísimas das competencias que vostede sabe perfectamente que teñen en exclusiva os concellos, como a prevención de incendios, as emerxencias, e poderíamos poñer moitos máis exemplos.

Lamentablemente non podemos aceptar a súa emenda. Primeiro, porque cae polo seu propio peso. E, segundo, porque incluso é máis miope que a nosa iniciativa, porque vostede substitúe esta emenda por un plan exclusivamente de promoción, de promoción turística, o que significa que ten unha visión moi reduccionista do Camiño de Santiago.

Sobre a emenda do PSdeG, señora Rumbo, teño que dicirlle dúas cousas. Por unha banda, que estaríamos dispostos a poder chegar a un acordo sobre o punto 1, pero sobre o resto, señora Rumbo, lamentablemente non podemos chegar a ningún acordo porque vostede sabe perfectamente, porque ten os datos, que llos deu a propia directora da Axencia de Turismo de Galicia na pasada Comisión 6ª, todo o que está a facer xa a Xunta de Galicia nesas cuestións.

Como parece que non lles quedou claro, e para coñecemento do conxunto dos deputados desta Cámara, coméntolles eses mesmos datos.

Investimento previsto no Camiño Inglés para 2017, 1.400.000 euros, destinados a actuacións de melloras en sinalización, indicadores, mouteiras e tamén tramos que están en mal estado. Un novo albergue en Oroso, co cal teremos, a finais desa consecución, un 179 % máis de prazas que no ano 2010. *(Aplausos.)* Programas culturais como Vive o Camiño, e actividades educativas e culturais. Todo iso contáronllo a vostede na Comisión 6ª da semana pasada. E non lle contaron o que lle vou contar tamén agora: os investimentos do Camiño de Fisterra a Muxía.

O 15 de setembro asinouse a acta de actuación do proxecto licitado para a mellora de acondicionamento e sinalización por importe de 515.532,73 euros.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Ten que sumar a previsión dun investimento de 328.000 que vai estar conveniado con cinco concellos, cos cinco concellos que teñen o seu tramo en peor estado, que son Muxía, Dumbría, Ames, Fisterra e Negreira. ¿Cantos son do PP? ¡Ah!, ningún. ¡Que pena!

É evidente que a Xunta de Galicia está cumprindo coas súas obrigas. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** É evidente, é evidente, señorías. E o que non entendo son estas reticencias, cando noutras provincias xa están funcionando estas mesas, o que está furtando que estes camiños —se a Deputación da Coruña non se pon realmente a traballar nisto— poidan desfrutar dunha realidade existente noutras provincias, que é o diálogo.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Antón.

Pasamos agora ao debate acumulado das proposicións non de lei 15416 e 16054, puntos 5.6 e 5.7 da orde do día, ao abeiro do disposto no artigo 162.2 do Regulamento desta Cámara.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María de la Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre o impulso do Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública**

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás, coñecidas como pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A estas proposicións non de lei se presentaron emendas, a número 17386 e 17385 do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará

Torres, e a 17389 e 17388 do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona María Ángeles Cuña Bóveda.

Na reunión da Mesa do pasado 25 de setembro, dicírlles que se admitiu esta emenda, agás a letra a), en todos os seus puntos, e os puntos 1 e 2 da letra b), por non gardar coherencia co texto resolutivo das proposicións non de lei obxecto das emendas. Asemade suxeriuse a posibilidade de que formen parte da exposición de motivos para o suposto que a formulase.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 15416, do G. P. dos Socialistas de Galicia.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

*1. Adherirse á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público, entidade da que participan a Deputación da Coruña e concellos, asociacións de memoria histórica e organizacións políticas, sociais, culturais e sindicais.*

*2. Rexeitar a xestión por parte da Fundación Franco das visitas ao BIC Pazo de Meirás, instar a súa ilegalización e condenar as declaracións de apoloxía do franquismo realizadas por representantes da Fundación.*

*3. Apoiar a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco, e sobre o proceso para posibilitar a súa*

*devolución e incorporación ao patrimonio público co obxecto de converter este espazo nun centro destinado a divulgar a memoria histórica democrática galega e a loita antifranquista.»)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei, doc. núm. 15416, do G. P. dos Socialistas de Galicia.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«a) O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Estado español para:*

*1.- Derrogar a Lei de Amnistía do ano 1977.*

*2.- Declarar nulas e sen efectos xurídicos todas as condenas, os xuízos sumarísimos, os consellos de guerra e as sentenzas, así como a declaración expresa de ilexitimidade dos tribunais creados ao efecto.*

3.- *Modificar a Lei 52/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, para facer efectiva a reparación e a memoria ás vítimas.*

4.- *Localizar, identificar e exhumar as persoas desaparecidas, por parte do Estado español, e crear un Protocolo de Exhumacións segundo os estándares internacionais vixentes, un Plan nacional de busca e un plan nacional de Fosas.*

5.- *Garantir o exercicio da xurisdición dos tribunais españois sobre desaparicións forzadas durante o golpe de Estado e posteriormente nos 40 anos de ditadura.*

6.- *Recuperar o exercicio da xurisdición universal nos casos de desaparición forzada.*

7.- *Introducir os cambios normativos na lei de fundacións que permitan que non exista nin a Fundación Franco nin ningunha similar que fagan apoloxía do franquismo e negacionismo do mesmo.*

b) *O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

1.- *Lexislar no ámbito das súas competencias, anulando e deixando sen efecto as condenas, sentenzas e os consellos de guerra.*

2.- *Facer unha Declaración de Reparación e Recoñecemento conxunto a todas as vítimas e aos familiares en Galicia.*

3.- *Realizar un estudo xurídico coas Universidades galegas, cos expertos en memoria, historiadores, xuíces e tribunais, asociacións para a recuperación da memoria e familiares das vítimas a fin de recuperar o patrimonio espoliado ao pobo galego, nomeadamente as Torres de Meirás e outros bens similares.*

4.- *Apoiar ao Concello de Sada na xestión das visitas ao BIC.*

5.- *Condena expresa das declaracións da fundación así como as da familia do ditador, así como existencia de desculpa pública ás vítimas.*

6.- *Devolución das Torres de Meirás para a titularidade e uso público e reparación e compensación ás familias das vítimas espoliadas e devolución, se procedese, do incautado.>>)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á proposición non de lei, doc. núm. 16054, do G. P. Popular de Galicia.*

*Emenda de substitución.*

*Propónse substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

1. Adherirse á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás para o patrimonio público, entidade da que participan a Deputación da Coruña e concellos, asociacións de memoria histórica e organizacións políticas, sociais, culturais e sindicais.

2. Rexeitar a xestión por parte da Fundación Franco das visitas ao BIC Pazo de Meirás, instar a súa ilegalización e condenar as declaracións de apoloxía do franquismo realizadas por representantes da Fundación.

3. Apoiar a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco, e sobre o proceso para posibilitar a súa devolución e incorporación ao patrimonio público co obxecto de converter este espazo nun centro destinado a divulgar a memoria histórica democrática galega e a loita antifranquista.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa a seguinte emenda á proposición non de lei, doc. núm. 16054, do G. P. Popular de Galicia.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<a) O Parlamento insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Estado español para:

1.- Derrogar a Lei de Amnistía do ano 1977.

2.- Declarar nulas e sen efectos xurídicos todas as condenas, os xuízos sumarísimos, os consellos de guerra e as sentenzas, así como a declaración expresa de ilexitimidade dos tribunais creados ao efecto.

3.- Modificar a Lei 52/2007, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a Guerra Civil e a Ditadura, para facer efectiva a reparación e a memoria ás vítimas.

4.- Localizar, identificar e exhumar as persoas desaparecidas, por parte do Estado español, e crear un Protocolo de Exhumacións segundo os estándares internacionais vixentes, un Plan nacional de busca e un plan nacional de Fosas.

5.- Garantir o exercicio da xurisdición dos tribunais españois sobre desaparicións forzadas durante o golpe de Estado e posteriormente nos 40 anos de ditadura.

6.- Recuperar o exercicio da xurisdición universal nos casos de desaparición forzada.

7.- Introducir os cambios normativos na lei de fundacións que permitan que non exista nin a Fundación Franco nin ningunha similar que fagan apoloxía do franquismo e negacionismo do mesmo.

b) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1.- *Lexislar no ámbito das súas competencias, anulando e deixando sen efecto as condenas, sentenzas e os consellos de guerra.*
- 2.- *Facer unha Declaración de Reparación e Recoñecemento conxunto a todas as vítimas e aos familiares en Galicia.*
- 3.- *Realizar un estudo xurídico coas Universidades galegas, cos expertos en memoria, historiadores, xuíces e tribunais, asociacións para a recuperación da memoria e familiares das vítimas a fin de recuperar o patrimonio espoliado ao pobo galego, nomeadamente as Torres de Meirás e outros bens similares.*
- 4.- *Apoiar ao concello de Sada na xestión das visitas ao BIC.*
- 5.- *Condena expresa das declaracións da fundación así como as da familia do ditador, así como existencia de desculpa pública ás vítimas.*
- 6.- *Devolución das Torres de Meirás para a titularidade e uso público e reparación e compensación ás familias das vítimas espoliadas e devolución, se procedese, do incautado.>>)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular, por tanto, a proposición non de lei, ten a palabra a señora Burgo López.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Estaba falando eu co meu compañeiro señor Torrado de que intentarei ser máis breve que vostede...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si, vale máis.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...nesta exposición.

Traemos á Cámara de novo unha iniciativa sobre o pazo de Meirás, que segue estando aínda na propiedade da familia Franco; unha clara inxustiza que ademais calou na sociedade galega.

Este é un tema que importa á sociedade, estámolo vendo continuamente nestes últimos días. O feito de que as torres de dona Emilia Pardo Bazán sigan en mans da familia dun ditador responsable de centos de miles de mortos neste país, e responsable do período máis negro da nosa historia, importa á sociedade, e ademais o debate que se produciu abriu un proceso moi interesante de memoria colectiva, poñéndose en común, de xeito absolutamente espontáneo, de forma continua, recordos das persoas que puideron vivir o espolio do Pazo e das súas familias, receptoras en moitos casos do relato da inxustiza. Polo tanto, é un tema que prendeu na sociedade galega, seguramente como símbolo de todas as traxedias e horrores sufridos ao longo desa longa noite de pedra.

É un tema, ademais, que produce indignación e escándalo; unha anomalía democrática coa que os socialistas cremos que hai que rematar xa.

Dende logo, para os socialistas, como creo que para a inmensa maioría da sociedade galega —nestes momento incluso española, porque tamén o tema está sobrepasando o noso país para chegar ao resto de España—, a propiedade, por parte dos Franco, do pazo é absolutamente ilexítima, e non porque o digamos nós, senón porque hai probas documentais múltiples para pensalo así; máis alá do sentido común, porque todos consideramos que non pode haber voluntariedade nunha doazón de diñeiro, de terras, cando se fai para darllo ao xeneral que dirixe un golpe de Estado en plena Guerra civil, coa legalidade republicana abolida e cando todos os días aparecen mortos nas cunetas e fusilados nas tapias dos cemiterios. (*Aplausos.*) Polo tanto, xa o sentido común di que aquí do que podemos falar xa, ademais de espolio, de coaccións, é realmente dun botín de guerra, que é o que foi todo isto.

Miren, as investigacións históricas din claramente que era Franco quen quería esta propiedade, porque tiña todas as características que podían darlle esa simboloxía que el quería adoptar, e, entre elas, un falso halo de señorío e intelectualidade que lle ofrecía o feito de que este edificio era creación e un fundamental taller literario de dona Emilia Pardo Bazán. Por iso puxo en marcha todo un entramado de rede de influencias para facerse con el, tal como demostran investigacións de Carlos Babío e Manuel Pérez Lourenzo.

Polo tanto, está claro que estamos falando dunha espoliación, dun botín de guerra que segue en mans da familia do ditador. E todo isto, ademais, aderezado polos incumprimentos da familia Franco e aderezado pola aparición da Fundación Francisco Franco, facendo apoloxía do franquismo a través do pazo de Meirás, lévanos a pensar que é absolutamente necesario que atopemos entre todos unha solución a este problema, que atopemos entre todos unha solución que dea fin a esa inxustiza e a esta anomalía democrática que supón que o pazo ou as torres de Meirás estean nas mans da familia Franco e que atopemos unha maneira de reverter esta propiedade no pobo de Galicia, que é realmente quen pagou o pazo.

E, por iso, nós presentamos nesta proposición non de lei o que consideramos que é un método ou unha solución que pode ser creo que asumida por todos os grupos desta Cámara: a creación dunha comisión especial onde estean a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña e o Concello de Sada, abrindo a porta a que poidan formar parte desta comisión todas aquelas institucións ou asociacións que a comisión en si mesma considere necesario: as universidades, outras asociacións...; é dicir, abrindo a porta a que sexa maior.

Esta comisión que propoñemos ten —cremos— varias vantaxes. Unha delas é que é absolutamente plural: plural nas administracións que están dentro dela, plural porque están todas as administracións que tiveron algo que ver con todo este espolio —no ano 1938 referímonos—, a Deputación e o Concello da Coruña, e tamén plural politicamente porque están a través destas institucións representados todos os partidos políticos que estamos aquí presentes. Polo tanto, é unha comisión plural. E é unha comisión que tería como misión dirixir a posta en marcha, a través, por suposto de expertos, dun número importante de expertos que van ser necesarios, un estudo histórico-xurídico para acadar unha solución, un procedemento, que nos leve a conquistar o obxectivo principal, e é que o pazo de Meirás reverta no pobo de Galicia, que consigamos que sexa de dominio público, tendo en conta, por suposto, a nosa lexislación, pero tamén tendo en conta —porque hai que ampliar, cremos, o abano— toda a lexislación europea que hai ao respecto e tendo en conta tamén os exemplos

doutros países que tamén viviron, desgraciadamente, problemas e períodos da súa historia dirixidos por ditadores. Neste caso, é paradigmático o caso de Alemaña e as propiedades usurpadas aos xudeus, que Alemaña atopou a maneira de devolvelos aos seus donos.

Polo tanto, creo que temos que contemplar toda esa lexislación, e logo, se esta comisión de expertos non consegue atopar unha solución para devolver o pazo sen que supoña o pago nin dun só euro pola sociedade galega —que xa o pagou—, pois, entón, que analicen que cambios legislativos teñen que darse para que poidamos acadar ese obxectivo. Creo que iso é tamén absolutamente necesario. Non podemos parar simplemente en buscar un procedemento coa lexislación que temos. Temos que buscar os cambios que nos leven a ese obxectivo; a ese obxectivo, que, insisto, é terminar cunha inxustiza histórica que xa non pode manterse por máis tempo nunha sociedade democrática.

Hoxe un medio de comunicación escrita titula, di no seu titular, que Galicia quere probar que a cesión de Meirás foi forzada. Ben, pois creo que nós, neste momento, estamos ofertando unha fórmula que inclúe a todos, que cremos que pode ser votada por todos e que nos levaría a buscar esa solución. Unha fórmula que nos uniría a todos fronte á inxustiza que se está producindo, porque consideramos que é un problema que non pode resolver por si mesmo nin o Partido Popular, nin En Marea, nin o BNG, nin o Partido Socialista. Temos que buscar entre todos esa solución.

Neste senso —agora non vou ter o tempo para falalo integramente—, a esta proposición non de lei que presentamos o Grupo Socialista presentáronse emendas por parte do Bloque Nacionalista Galego e por parte de En Marea. Eu creo que podemos chegar a unha transacción, e oferto esa posibilidade de transacción, porque creo que esas emendas, por unha parte, non anulan en absoluto o que é a base da nosa proposición nin que exista esa comisión plural —canto máis plural, mellor— que integre todas estas administracións —iso para nós é básico—, e buscar tamén os cambios legislativos, e, por outra, introducen outros temas que xa se falan aquí e nos que eu creo que estamos todos de acordo. Esta comisión non está en contra nin ten ningunha incompatibilidade coa Xunta pro Devolución do Pazo, que se está formando cada vez con máis asociacións, cada vez con máis institucións, porque cada unha ten o seu labor e cada unha ten a súa importancia. Non son en absoluto incompatibles.

E logo hai outra serie de temas que se falan aquí, nos que creo que todos estamos de acordo, que nós tamén pedimos, e nos que incluso o Partido Popular dixo que estaba de acordo, como condenar que a Fundación Franco estea nas visitas e legalizar esa Fundación. Todos creo que queremos esas ideas.

Polo tanto, penso que podemos chegar a un acordo coas emendas que esta proposición ten, que son do BNG e de En Marea, e que sexan asumidas por todos.

No seguinte turno falo un pouco máis de todo isto e da proposición do Partido Popular, porque, ao estar acumuladas, teño que facelo no próximo turno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Bos días, señor presidente.

Hoxe estamos a debater conxuntamente dúas proposicións non de lei, unha do noso grupo, o Partido Popular, e outra do Grupo Socialista, que teñen un obxectivo, que é a recuperación para o patrimonio público do pazo de Meirás. Son certamente moi semellantes; coinciden no obxectivo, que é recuperar o pazo de Meirás para o patrimonio público, e coinciden no medio, que é facelo a través dunha documentación xurídica e histórica que probe que iso se pode integrar no patrimonio público... Por certo, o mesmo que está a facer, iso si, co apoio do Grupo municipal Popular, o Concello de Santiago en relación coas figuras do Mestre Mateo, que está a intentar recuperar o Concello e que tamén están nas mans da familia Franco.

E tamén coincidimos no instrumento co Grupo Socialista: unha comisión de expertos que estableza xuridicamente e dentro da lei como se pode recuperar para o público o pazo de Meirás. Dentro da lei certamente, quere dicir que se poden modificar as leis, de acordo co noso sistema xurídico. Hai unha diferenza moi grande entre facelo cumprindo as leis, mesmo que haxa que reformar unha lei, certamente, que tomar o asalto dun ben xurídico sen título habilitante.

Cambiar a lei, polo tanto, tampouco vai ser problema, como non o é que a comisión sexa o máis plural e tecnicamente cualificada posible. Serán os expertos os que nos digan se, polo tanto, convén ou non hai outra saída coa reforma dalgunha lei.

¿Como estamos a levar este debate? Salvo unha apreciación da señora Cuña no pleno pasado —que eu agradezo—, estamos tendo este debate como consecuencia de que no pasado pleno non se quixo pactar co Grupo Popular unha saída nesta liña que agora o Grupo Socialista e o Grupo Popular traen á Cámara. E digo, salvo unha alusión da señora Cuña, que eu persoalmente agradezo, quero dicir que a actitude da oposición nesta cuestión foi sinxelamente algo frustrante.

Nós entramos neste debate con tres principios, que son: primeiro, o de respecto ás vítimas do franquismo; (*Aplausos.*) segundo, que democracia é respecto ao que pensa a minoría, pero tamén, por suposto, ao que pensa a maioría; e terceiro, respecto ás normas xurídicas, desde a Constitución, pasando polo Estatuto, ata as normas administrativas que establecen como se sanciona o incumprimento de acceso a un ben de interese cultural que democraticamente a comunidade autónoma se ten dado. E fixémoslo cunha clara filosofía, que resumía eu nunha frase dun xornalista, literato, que dicía que do que se trata é, nesta xeración, de retirar os escombros das almas. Unha frase que representa a intención do noso grupo de abordar estas cuestións procurando que o que pasou no pasado non condicione a capacidade de convivencia, de pacto e de paz social no presente e no futuro.

Sen embargo, outros preferiron utilizar medias verdades, falsidades, posverdades ou mentiras. E téñense dito aquí cousas sorprendentes. O portavoz do Bloque Nacionalista Galego

aproveitou unha cousa que ocorreu no 1938, en plena Guerra Civil, para dicir que había vicios de orixe no sistema democrático vixente. Tamén dixo que cando se fundou Alianza Popular os compromisarios gritaban: « Franco, Franco, Franco », cousa que é absolutamente falsa e que non me vai levar recordar qué estaba facendo a Unión do Pobo Galego naqueles anos da Transición e a que cousas estaba xogando. Porque eu dei a cara polo Bloque precisamente para separar o Bloque do que naqueles momentos da Transacción facían algúns do Bloque. A señora Pontón mírame e sábeo. *(Aplausos.)*

Acusounos de conivencia co franquismo por non ter xa integrado o pazo de Meirás quen foi director xeral de Cultura e de Patrimonio Cultural durante catro anos do Goberno bipartito. ¿Será que hai algunha dificultade e que non dependa de que haxa unha vontade de defender a ninguén desa familia?

E pedíronnos que enterráramos o franquismo. Eu, francamente, son dos que pensa que, afortunadamente, o franquismo está ben enterrado. Hai quen vai debater cos que defenden a Fundación Franco e queren resucitar o franquismo. Nós, desde logo, tampouco imos contribuír a resucitar o franquismo, por moi mediático que resulte. *(Aplausos.)*

A representante do Grupo Socialista tamén nos tachou de ambigüidade, pese a que este grupo condenou explicitamente tres veces o franquismo nesta Cámara —anos 2008, 2014 e 2016— e pese á condena explícita do presidente da Xunta das declaracións dos representantes da Fundación Franco. Dixo que eramos un goberno timorato, cando é o único goberno que ten sancionado ao propietario de Meirás por non telo aberto ao público. E mesmo dixo que o presidente Feijóo se negaba á apertura do pazo por unhas declaracións que fixo no ano 2007, cando a declaración de BIC, que permite acceder ao pazo, é do ano 2008, co cal, xa vemos, en fin, como se leva este tema.

Criticaron que non faláramos de ditadura. Señores, hoxe hai dúas PNL a votación. A única que fala de ditadura de 40 anos é a nosa; a do Grupo Socialista nin sequera cita que Franco sexa unha ditadura na súa parte resolutiva. Ese é o debate que temos. E, por certo, lea vostede o que fixo o Bipartito, que tampouco fala de ditadura, senón do antigo xefe do Estado de España, cando declara BIC o pazo de Meirás.

Finalmente, dixéronnos aquí que non condenáramos en Madrid unhas sentenzas que, pola Lei de memoria histórica, xa estaban declaradas inxustas e ilexítimas en relación con Companys, algo que, por certo, os mesmos que o propuxeron o outro día xa o levaran ao Congreso na lexislatura pasada. ¿Sabe vostede que dixo o representante do Grupo Socialista naquel debate para opoñerse ao que votou en contra o PP? O representante do Grupo Socialista, o señor Torres Mora, dixo aos que propoñían aquilo —que vostede nos vota enriba de que non votamos—: «*Confundiron ser republicano con ser antimonárquico, ser de esquerdas con ser radical, ser demócrata con ser populista, ser patriota con ser nacionalista e ser catalanista con ser antiespañol*».

Nós non confundimos e respectamos un republicano, e iso non quere dicir que sexamos antimonárquicos. Pódese ser de esquerdas sen ser radical, pódese ser demócrata sen ser populista, pódese ser patriota sen ser nacionalista e, por suposto, pódese ser galeguista sen ser antiespañol. *(Aplausos.)*

Señorías —remato—, ¿a quen beneficiaría que hoxe non chegáramos a un acordo con relación á recuperación do pazo de Meirás, cando estamos de acordo no obxectivo, no medio — e refírome ao Partido Socialista— e nos instrumentos para logralo?

Coincidimos en todo. Eu teño a impresión de que da división da Cámara os únicos que poden sacar proveito son, precisamente, os propietarios da pazo de Meirás, que en vez de ter en fronte a toda a Cámara galega, por unhas cuestións que como lles acabo de explicar non acabo de comprender... En todo caso, temos a oportunidade única de ter unha resolución que permita facilitar o retorno do pazo de Meirás á Cámara. Nós, desde o primeiro momento, procuramos o consenso, mesmo facendo unha emenda no pleno pasado, e hoxe estamos abertos a pactalo con calquera das emendas, porque o obxectivo é que sexa unánime a decisión desta Cámara.

Eu pregúntome: se é tan claro que os únicos beneficiados da división desta Cámara son precisamente os propietarios actuais do pazo de Meirás e se do que se trata con esta iniciativa é de proceder a unha reparación da memoria histórica, e imos con iso a non conseguir chegar á unanimidade, quen estea en contra desa unanimidade ¿a quen beneficia?, ¿á democracia e á reparación da memoria histórica ou, polo contrario, á familia do ditador?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Bo día.

Efectivamente, ten razón o señor Puy, non é a primeira vez que se trata este tema nesta Cámara. E hai un denominador común en todos os debates: que o Partido Popular sempre votou en contra de calquera iniciativa de recuperar o pazo de Meirás (*Aplausos.*), sempre, en todos os debates, no de hai quince días e en todos as ocasións que este tema se trouxo aquí, ao Parlamento, ben en pleno ou ben en comisión. Niso son perfectamente coherentes.

Eu creo que nos temos que facer unha pregunta, e é: ¿por que estamos a falar da devolución do pazo de Meirás oitenta anos despois de que fose roubado e corenta e dous anos despois da morte do ditador? ¿Como é posible que bens roubados sigan en poder da familia Franco e que aínda por riba se chuleen e se burlen do pobo galego? ¿Como pode pasar isto? É inconcibible nun país civilizado. Estamos —e xa o dixemos— ante unha anomalía histórica, ante unha vergoña democrática; unha vergoña que pon, ademais, en evidencia as complicidades co franquismo. Si, señor Puy, as complicidades con franquismo tamén na Transición, e diso o Partido Popular e Alianza Popular saben moito, porque sete fundadores de Alianza Popular foran ministros do franquismo; polo tanto, hai unha continuidade natural aí.

E Meirás é tamén o símbolo da impunidade da que segue desfrutando a familia do ditador, incluíndo os títulos nobiliarios do señorío de Meirás e do ducado de Franco, que son unha auténtica vergoña para unha democracia. Meirás é o símbolo do espolio e do terror do fran-

quismo, pero tamén é o símbolo da podremia, dos entullos aínda que hai que retirar do réxime do 1978.

Insistimos en que é unha cuestión de decencia e calidade democrática, de defensa de valores e de dereitos, de respecto pola memoria histórica, que vostedes non teñen e que non se pode adiar por máis tempo. Temos a obriga e a responsabilidade de resolver esta cuestión.

E unha vez recoñecido isto como punto de partida, podemos entrar no debate sobre cuestións patrimoniais ou xurídicas. E hai que recoñecer, desde logo, a verdade, a verdade dun espolio, dun roubo perpetrado por un réxime ilegal, saído dun golpe de Estado; un espolio e un roubo perpetrado por unha organización criminal, mafiosa e corrupta, que foi a que roubou Meirás e todos os demais bens dos que estamos a falar.

Isto xa de por si é suficiente para a anulación e para a reversión, non só do roubo das torres de Meirás, senón de todos os demais bens, das esculturas, das terras, dos terreos, dos solares, tamén que roubaron, ou da casa Cornide, e non só en 1938. Non estamos a falar só do ano 1938, foi un roubo e un espolio continuado no tempo durante toda a Ditadura e despois, despois tamén legalizado con esa impunidad.

É, por tanto, un exemplo de libro do enriquecemento a base de corrupción, de extorsión e de pillaxe, de desvío de grandes cantidades de diñeiro público para beneficio da familia do ditador.

E agora ao Partido Popular acordoulle tarde, mal e a rastro e vén cunha proposta limitada, que ten moitos erros de enfoque, moitas inexactitudes e que é unha manobra oportunista, cando hai xa un clamor social, unha presión social, a favor de resolver este tema. Tráenos esta proposta cando, efectivamente, vostedes opuxéronse no seu día á tramitación do BIC, que o señor Feijóo dixo que non era un pazo, que eran unhas torres, e que había moitos outros bens que declarar BIC.

Pois si, opuxéronse, e por iso teñen unha absoluta falta de credibilidade. Vostedes agora insítanse nunha posición de aparencias, pero vostedes durante todos estes anos negáronse a apoiar as iniciativas que houbo sobre Meirás, mantiveron unha complicidade continua coa familia Franco e coa Fundación, con axudas de 53.000 euros para abrir o pazo de Meirás, coa permisividade absoluta pola non apertura do pazo, cunha posición contraria ás políticas de memoria histórica, con hostilidade e desprezo ás vítimas. Non veñan aquí dicir que respectan as vítimas do franquismo, porque tomaron multitude de decisións que ofenden a memoria das vítimas e as súas familias, desde eliminar as subvencións, desde acabar coas exhumacións, desde dicir algo tan absolutamente infame como dixo o señor Hernando de que as familias se movían por intereses económicos, convertendo a illa de San Simón na illa do esquecemento ou asfixiando o proxecto universitario *Nomes e voces*, que precisamente estaba investigando o franquismo. (*Aplausos.*) ¡E vostede agora quérelle encargar á universidade unha investigación cando asfixiaron ese proxecto!

Esta iniciativa é unha iniciativa de contraprogramación, de boicot a unha iniciativa que xa existe, que tomou a Deputación da Coruña con outras institucións, con outros concellos, de

crear unha xunta pro devolución. Son estas institucións as que teñen a responsabilidade e a obriga de tomar esa iniciativa, porque foron parte fundamental e moi activa en todo o proceso de espolio. Vostedes din, no caso das esculturas, que actúe o Concello de Santiago; no caso de Cornide, supoño que dirán que actúe o Concello da Coruña. Pois ben, no caso de Meirás, quen ten a primeira obriga e responsabilidade de actuar é a Deputación da Coruña, os concellos da Coruña e de Sada, os concellos todos que foron parte fundamental dese espolio.

Tamén se aprobou por parte da Deputación da Coruña a creación dunha comisión de investigación para pedir a devolución dese patrimonio, e tamén unha cuestión que nos parece importante, que é deixar claro cal vai ser o uso futuro do pazo —que a vostedes este tema non lles interesa—: convertelo nun espazo da memoria histórica democrática galega e da loita antifranquista. Queremos que iso tamén estea no acordo, como queremos que estean outras cuestións que vostedes obvian na proposta de acordo, non lles interesan, aínda que si as inclúen na exposición de motivos, como a condena á Fundación Franco. Queremos que este Parlamento e o Partido Popular condenen a Fundación Franco. ¿Que problema teñen para condenar a Fundación Franco? E que condenen as declaracións de apoloxía do franquismo, que eviten, como está pasando, que o guía das visitas ao pazo de Meirás sexa un represor, un policía represor. Non podemos permitir isto, nin que se utilicen esas visitas para facer apoloxía do franquismo. Pedimos que este Parlamento inste á ilegalización dunha fundación que fai apoloxía do xenocidio e do franquismo.

En consecuencia, o obxectivo é recuperar Meirás e todos os bens espoliados —non só Meirás, todos os bens espoliados—, como se fixo co patrimonio incautado a partidos e sindicatos. Hai que desmarcarse do franquismo, enterralo definitivamente e expulsalo de Galiza e da democracia, porque non teñen lugar aquí, e quen ten lexitimidade e obriga para facelo xa lle dixen que eran esas institucións.

A Xunta de Galiza desde logo ten que colaborar, ten que participar tamén nese proceso sumándose a esas iniciativas que xa están en marcha. É unha cuestión de xustiza histórica, de defensa da dignidade do pobo galego, de decencia democrática. E sería, desde logo, unha homenaxe ás vítimas do franquismo e ás persoas que loitaron contra a Ditadura para poñerlles definitivamente punto final ao franquismo, aos pactos co franquismo e á impiedade da que desfrutaban a Fundación Franco e a familia Franco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

O tema é absolutamente prioritario, crucial e importante. Nunca é tarde. Realmente, non se entende como despois de oitenta anos isto non está resolto nun país que se chama democrático.

Ben, eu queredría empezar cun conto, o máis curto da historia, que todos e todas coñecerán: cando espertou, o dinosauro seguía alí. Cadaquén que pense no dinosauro. Eu cando penso no dinosauro, podo pensar no franquismo e podo pensar na Fundación Francisco Franco.

Reiteramos e dixemos xa noutras ocasións que hai varios pasos. Nós compartimos que se dean pasos, pasos adiante, pasos para restablecer a verdade, a xustiza, e para reparar tanta aldraxe, tanta masacre, tanta vítima sen exhumar.

Xa o expresamos, porque consideramos, en primeiro lugar, que hai que ilegalizar a Fundación Francisco Franco; en segundo lugar, que hai que cambiar a xestión, darlla ao Concello de Sada; e, en terceiro lugar, que teñen que voltar ou ben as torres, como lle chamaba dona Emilia, ou o pazo de Meirás, como se lle chamou despois, a ser patrimonio de quen ten o dereito absoluto.

Permítanme dicir varias palabras, que non son palabras, son conceptos que van saír nestes cinco ou seis minutos que temos de tempo: negacionismo, resignificar o que é o interese xeral, levantar o veo, botín de guerra, a xustiza do revés... Se queren pasar páxina, se alguén quere pasar páxina, o que hai que facer primeiro é reescribila coa verdade.

Responsabilidade simétrica, ¿si ou non? ¿Cumprir a lei? ¿Agasallo, roubo ou que? Personalidades históricas. Unha rosa é unha rosa e un masacre é un masacre. ¿Por que o primeiro paso que nós propomos e queremos é ilegalizar a Fundación? Porque vulnera o dereito legalmente recoñecido á reparación moral de quen sufriu o réxime ilexítimo e foron vítimas da represión exercida por institucións contrarias ao dereito. Isto hai que aceptalo; mentres non se acepte isto, non hai ningún paso e todo ao respecto é relativo.

Vexáronse as vítimas do franquismo. A Fundación Nacional Francisco Franco é negacionista, e éo porque, en realidade, ningunha institución, no que levamos de democracia, desenvolveu unha política de memoria histórica democrática que permitise a nidia cualificación de rebelión militar de xullo do 1936, da posterior violencia xenocida do bando franquista, atentando contra a democracia. E tamén estamos en contra da Fundación porque exalta —é o seu principio— a figura do ditador golpista. Vai en contra da Constitución, vai en contra da Lei de fundacións, por iso falamos de resignificar. ¿Que significa resignificar? Que política e xuridicamente a expresión «interese xeral» debe significar o que é, e a Fundación Francisco Franco non o significa.

Despois, seguindo co noso argumentario, non abonda coas favorables disposicións duns propietarios, como din vostedes. E as palabras non son inocentes, as palabras significan. É moi importante, cando se fai un relatorio, como se establecen os... Fálase de dúas personalidades históricas de gran notoriedade, é certo: unha muller ilustrada, feminista, culta e as torres de Meirás, forno de creación; e outra personalidade histórica de gran notoriedade, si, xefe de estado —din vostedes—. ¡Funesta ditadura!, corenta anos de espolio e roubo, actualmente consentida, ditador golpista. Si, son dúas figuras, pero ben diferentes. Non están á par.

Falan tamén do regalo, de doazón, de agasallo. Non, non foi agasallo; foi espolio, extorsión, roubo. Efectivamente, foi botín de guerra. Non rematara a guerra no 1938, ¡foi botín de gue-

rra! Non ten lexitimidade ningunha a familia Franco. Por iso cando desde Sada se di que a familia sexa declarada non grata é lóxico e ten absoluta coherencia. ¿Como vai ser grata unha familia que ten unha propiedade froito do espolio, da crueldade, do saqueo, das comisións, que ían a golpe de pistola aldraxando, forzando, presionando a máis de 200 familias, que non cederon, que non agasallaron terreos, que foron absolutamente presionadas? Isto, señoras e señores, non é unha cuestión banal, esta é unha cuestión de altísimo nivel internacional de dereitos humanos. E, entón, temos que mollarnos, tomar partido. E cando se falou e se fala constantemente de cumprir a lei con respecto á independencia, díganme, ¿é culpa colectiva o que pasou na Guerra do 36? Milleiros de militares leais ao Goberno, deputados e algunha deputada, alcaldes, concelleiros, sindicalistas, intelectuais, funcionarios, mestres e mestras, militantes, simpatizantes de partidos democráticos, xulgados en procedementos sumarísimos, inxustamente; xente inocente asasinada cruelmente.

¿De que falamos? Falemos de cumprir a legalidade. Eles e elas estaban cumprindo a lei, era un goberno constituído. A primeira vez que as mulleres puideron votar neste país en sufraxio universal foi no ano 1933. Esa é a data de referencia da democracia. É o 1936, non é unha guerra, o franquismo. Cando se fala de xustiza ao revés, falamos porque eles —os sublevados— condenaban á rebelión a quen paradoxalmente defendía a legalidade vixente. O mero feito de non ter apoiado «*el Movimiento Nacional con actos concretos o pasividad grave*» era motivo suficiente para acabar no paredón, na cuneta ou pasar décadas entre as reixas baixo tortura, baixo miseria, con roubo, con aldraxe.

Ben, a maioría da poboación —e isto xustifícao moito— educouse —e eu tamén, que teño xa 60 anos; a xente nova pode ter menos memoria, pero nós somos netas, non somos fillas directas pero vivimos as consecuencias— mantendo a idea de responsabilidade simétrica, de conflito entre dúas Españas, de reforzo da política de borrón e conta nova.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Morreron 1 millón de cidadáns e cidadás, houbo violación de dereitos humanos, abusos e violencia. O réxime foi xenocida. Hai que reescribir a historia antes de pasar páxina. Legalmente hai moitas medidas que se poden tomar, pero falta vontade política, falta acordo. Se hai consenso, marabilloso.

Nós imos apoiar a iniciativa do PSdeG, aínda que cremos que queda curta. É un paso, hai que dar pasos. E seguiremos insistindo. Realmente, o que se fixo coa Lei de 2007 non foi..., non houbo negación...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ten que haber cambio de lei —é obvio— e para iso están os parlamentos, para cambiar as leis. ¡Oxalá cheguemos a cambiala aquí...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...neste país, dunha vez! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Puy, non sabía que iamos converter isto nunha réplica ao que dixemos no anterior debate. Non teño tempo a dicirlle máis... *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero vou contestarlle. Non teño tempo a dicirlle máis que manteño cada unha das palabras que dixen sobre a actitude do Partido Popular en torno á memoria histórica; todas e cada unha. É máis, dígolle que me sinto moi honrada de poder dicir estas cousas e de mantelas en nome do meu partido, *(Aplausos.)* do meu grupo, do Partido Socialista. *(Aplausos.)* E manteño todas e cada unha das que dixen tamén sobre a actitude do Goberno.

Señor Puy, a súa iniciativa e a nosa iniciativa non teñen nada que ver, nin teñen o mesmo obxectivo —vou dicirlllo— nin teñen o mesmo método. Non son as mesmas, nin moitísimo menos. Vostede di que a Xunta faga un estudo xurídico. Nós dicimos que sexa unha comisión plural de Xunta, Deputación e concellos —plural— que faga un estudo, non soamente xurídico, para conseguir a reversión do bens, senón para cambiar a lexislación, que vostede non di nada ao respecto. Polo tanto, non ten nada que ver unha e a outra.

E aquí dáse unha situación de uso parlamentario, de formas parlamentarias. Vostede e mais eu non podemos negociar porque vostede non ten unha emenda miña e eu non teño unha emenda súa. Entón, vostede pode negociar co BNG e con En Marea, que si presentaron as súas emendas, e eu negocio unha transacción con eles porque son as emendas que teño. *(Aplausos.)* Claro, entón, vostede non pode dicir que non chegamos a un acordo porque non admitimos..., porque os demais grupos non admiten a súa proposta. Se vostede quere chegar a un acordo, é vostede o que ten a obriga de intentar chegar a un acordo con todos nós e utilizando as emendas dos outros grupos.

Eu ofrezco unha transacción aos grupos aos que podo ofrecérllela. Por certo, que entendo que vostede pode unirse a ela porque, a ver, señor Puy, eu ofrezco esa transacción a todos; a vostede non podo oficialmente, pero pode unirse a isto. ¿Ten algún problema vostede en rexeitar a xestión por parte da Fundación Franco das visitas ao pazo de Meirás? Porque o señor conselleiro dixo que non lle gustaba iso. Polo tanto, digo eu que non terá ningún problema en rexeitar iso. ¿E en instar á ilegalización e a condenar as manifestacións de apoloxía do franquismo? ¿É que vostede admite esas manifestacións da Fundación? Imaxino que non. ¿Ten algún problema en adherirse á Xunta para a Devolución do Pazo de Meirás, onde está a Deputación, onde hai...? Por certo, señor Bará, non é o mesmo, e son perfectamente compatibles, creo, unha e outra. ¿Ten algún problema? ¿Ten algún problema con que despois, unha vez conseguido —que desgraciadamente imos tardar en facelo—, se promova a súa conversión nun centro de divulgación e tamén da recuperación da figura de dona Emilia Pardo Bazán? ¿Hai algún problema en todo isto?

Bueno, pois, a ver, como eu non podo ofrecérlle a vostede ningunha negociación —pero si que dixen que oxalá tiveramos unha postura todos común—, ofrezca vostede unha negociación aos



grupos da oposición, cos que pode. Negocie vostede —que parece que non quere—. Vostede quere impoñer a súa. Eu non quero impoñer a miña, quero unha negociación con todos os grupos. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** E quero buscar unha fórmula plural —señor Puy, plural, non dirixida pola Xunta, senón plural— de todas as administracións para conseguir a reversión.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora BURGO LÓPEZ:** E a súa proposición —remato— e a nosa, señor Puy, non teñen nada que ver.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Señora Cuña, coincido con vostede en que estamos aquí hoxe nunha cuestión importante —e nós, particularmente— para evitar que nunca máis en España se poida producir unha traxedia como a que vostede moi ben describiu. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor PUY FRAGA:** Bueno, se a vostede un masacre non lle parece unha traxedia, pois vostede dirá... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) pero a min si. (*Aplausos.*)

O representante nacionalista dixo que xa estaba estudado, e por iso Santiago está estudando e fai un informe xurídico, por iso vostedes apoian a Santiago; e, sen embargo, cando se plantea iso en plan serio aquí, na Xunta, vostedes pasan.

E está tan estudado, está tan claro e vai tan polo libro que xa se ve que en catro anos que estivo vostede nesa dirección xeral e que podía ter tomado a iniciativa —co cal hoxe non estaríamos debatendo, porque o pazo de Meirás sería público— non fixeron nada máis que declaralo BIC, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cousa que eu recoñezo que é un primeiro paso. Do mesmo xeito que vostede, en cambio, non recoñece que esta Xunta está a aplicar a lexislación BIC tal cal, incluídas as sancións que vostedes deixaron na lei e que son as que legalmente se poden poñer. Eu digo que, estando tan claro, despois de vinte e dous anos de Goberno socialista en Madrid e catro do Bipartito é pena que —estando tan claro— o pazo de Meirás non sexa público.

Mire, nós condenamos a Fundación Franco; o que creo é que o Parlamento non está para ilegalizar ningunha fundación. Iso si que o penso. (*Pronúncianse palabras que non se perci-*

ben.) Entón, instar a Fiscalía pode facelo calquera cidadán, pero eu creo que que nós nos pronunciemos contra a ilegalización dunha fundación, aínda que non compartamos nada do que eles fan nin do que eles din, me parece arriscado. Eu, como demócrata, non entro nese xogo.

E, por certo, a Fundación Franco creouse —se mal non me lembro— no ano 1976-1977, e despois de vinte e dous anos de Goberno socialista e de seis do Bipartito ou Tripartito en Galicia segue sendo legal. (*Murmurios.*) Polo tanto, tampouco debe ser tan fácil ilegalizar unha fundación como a Fundación Franco. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, imos poñernos —insisto— no presente.

Hai unha película, señor Bará, e tamén señora portavoz do Grupo Socialista, que se chama *O sexto sentido*, na que hai un neno que se pasea por toda a película dicindo: «Ás veces vexo mortos». Eu acordeime desta película, porque vostedes veñen aquí e parece que ás veces ven franquistas. (*Risos.*) Están completamente equivocados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Aí está! Recorde como acaba a película, o que estaba morto... (*Aplausos.*) Recorde como acaba a película: o que estaba morto era o neno e o seu psicólogo, (*Aplausos.*) eses eran os que estaban mortos. (*Murmurios.*) Entón, imos coller as cousas con calma (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque vostede ve moitos franquistas e ve moito franquismo e, en cambio, ten diante do Concello —polo que leva entrando e saíndo pola porta moitos anos— o escudo franquista máis grande que eu teño visto en Galicia. Entón, imos traballar con seriedade. A ver se deixamos de ver franquistas, nos fixamos de verdade nos franquistas e sabemos quen son. (*Murmurios.*)

Señorías, se coincidimos en que isto é un exemplo de xustiza e reparación simbólica; se coincidimos en que hai que facer os procedementos legais oportunos para a recuperación para o público do pazo de Meirás, se coincidimos na condena ás declaracións da Fundación Franco e na visita a Meirás a exaltación do caudillo, deberíamos de poñernos de acordo. ¿E a quen beneficia que non haxa acordo? Beneficia aos que defenden que a Fundación Franco leve a visita do pazo de Meirás.

Fíxese, señora Burgo, se estou convencido de que a nosa e a súa son tan similares, que estou disposto a retirar a proposición de lei do Partido Popular se vostede nos deixa votar a súa orixinal. Fíxese se son eu partidario de votar iso. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** E agora é vostede, con independencia de que falemos dalgunha posible modificación da súa orixinal, con independencia diso, é vostede a que ten que decidir se ve franquistas ou quere recuperar o pazo de Meirás para o pobo galego.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

(*A señora Burgo López pide a palabra.*)

Si, señora Burgo, ¿para que quere a palabra?

**A señora BURGO LÓPEZ:** ... *(A señora Burgo López pronuncia palabras que non se perciben.)* pregunta de procedemento.

Eu non sei se pode, dado que... A ver, eu non teño máis turnos de palabra, como ninguén de nós... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. A ver o que pregunta.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Un momento, é unha pregunta. Eu non vou referirme a nada, vou facer... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...unha pregunta...

**O señor PRESIDENTE:** Fágaa.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...ao señor presidente.

Non teño máis turnos, non sei se vostede pode, dado que acaba o señor Puy de facer unha oferta que eu non podo respostar porque non teño turno, non sei se teño dereito a uns minutos de resposta pública, porque podemos falar en privado, pero non sei como respostar publicamente e que todo o mundo teña dereito a coñecer a miña opinión... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio....

**A señora BURGO LÓPEZ:** ...sobre esa proposta. Porque eu quero...

**O señor PRESIDENTE:** Eu entendina xa.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ¿Si?

**O señor PRESIDENTE:** Eu creo que hai un procedemento que máis ou menos todos entendemos, salvo que o letrado me corrixa. Poden falar vostedes, e despois pódese facer...

**A señora BURGO LÓPEZ:** Non, non, pero eu quero aquí...

**O señor PRESIDENTE:** Falen vostedes. Poden falar vostedes, e o acordo ao que cheguen fano público. *(Murmurios.)* É o mesmo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** A ver, señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** É o que se fixo sempre.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Señor presidente, eu non coñecía esa...

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pero agora van falar. Fíxose público, teñen dereito a falar vos-  
tedes, e despois fai público o acordo ao que cheguen.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Vale, moi ben, era unha pregunta.

**O señor PRESIDENTE:** Está ben, perfecto. Entendemos a cuestión.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día.

Como o señor presidente desta Cámara non é tan flexible como a señora Forcadell no Parlamento catalán, e non puidemos escoitar á compañeira do Partido Socialista, pois imos pasar de asunto...

**O señor PRESIDENTE:** Non me compare, por favor.

Un momentíño, perdoe. (*Murmurios.*) Perdoe, non me compare. Aínda hai diferenzas de momento, jeh! (*Aplausos.*) Por favor, ¡ata aí podíamos chegar! Pero non me compare, por favor. (*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, ao tema. Xa sei que foi unha brincadeira, ¡vamos ao tema!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Eu dixen que había diferenzas, efectivamente. Non se me ofenda, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, tranquila, non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** O asunto que centra esta proposición que trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego a este pleno aborda unha situación de emerxencia diante da que entendemos que esta Cámara non pode permanecer allea. É a situación límite de moitos traballadores e traballadoras das autoescolas galegas diante da folga por todos e todas coñecida do persoal examinador.

Como saberán as súas señorías, foi xa finais de xuño cando este colectivo de persoas examinadoras e examinadores de tráfico, dependentes da Dirección Xeral de Tráfico, polo tanto

do Goberno do Estado, iniciaron xornadas parciais de folga. Estas xornadas continuaron en xullo, pararon en agosto, retomáronse neste mes de setembro, e, se nada cambia nos próximos días, a expectativa é que no mes de outubro, do que estamos ás portas, continúen e se manteñan eses novos paros convocados.

En primeiro lugar, que quede claro, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos dicirle a este colectivo que entendemos as súas razóns, que respectamos a súa convocatoria, como non podería ser doutro xeito, e tamén que lle desexamos o maior dos éxitos. O que están a facer estes traballadores e traballadoras, que nalgún caso son criminalizados, é simplemente defender os seus dereitos, pero xa non só defender lexitimamente os seus dereitos, tamén —hai que dicilo— reaccionar ante os incumprimentos do Estado español. Cómpre recordar que o colectivo fai unhas demandas que non son en absoluto novas. É máis, de feito están a reivindicar o cumprimento dun acordo que tiñan pactado co Estado no ano 2015 e que o Estado incumpriu. Polo tanto, alén dos incumprimentos, a actitude ante este conflito dos últimos meses nós avaliámola como a dunha auténtica estatua de sal. Limitáronse practicamente a mirar para outro lado, descargando a culpa no Ministerio de Facenda, como se o Ministerio de Facenda fora un fenómeno paranormal que nada ten que ver co Goberno do Estado e que nada ten que ver coa mesma estrutura orgánica. Debían pensar que por cansazo, pola presión doutros sectores, pola presión das novas aparecidas na prensa, este colectivo ía desistir do seu intento, pero non foi así.

Polo tanto, o que quero resumir con isto é que, chegar a esta situación e que non haxa unha saída inmediata e que, polo tanto, haxa moitos galegos e galegas afectados, vén fundamentalmente da incapacidade do Goberno central, pero tamén —hai que dicilo— da indiferenza absoluta da Xunta de Galiza, que durante estes meses non fixo absolutamente nada e evidencia que tamén ten unha falta de folla de ruta.

Nós entendemos que non é de recibo nin a pasividade do Estado nin a indiferenza da Xunta cando isto afecta a tantas persoas, e máis cando a responsabilidade, as causas estruturais e últimas, son, en resumo, os recortes do Partido Popular. Poñamos un exemplo. Desde o 2009 perdeuse unha quinta parte dos postos de traballo de persoal examinador de tráfico —de case 1.000, a menos de 800—, con consecuencias, loxicamente, no empeoramento das condicións de traballo, no empeoramento do servizo, xa que a falta de persoal non só levou a ese incremento de traballo, tamén a que en moitas ocasións se suspendan exames, se amplíe o prazo entre eles e demais, como unha práctica habitual.

Coa crise económica é certo tamén que se reduciu o número de aspirantes, pero non é menos certo que o fondo destes recortes está xustificado unicamente por criterios economicistas, non por unha baixada que leve necesariamente a esa redución. Por exemplo, se de 2009 a 2013, efectivamente, houbo unha baixada, estancouse en 2014 e 2015, e xa repuntou dunha forma importante no ano 2016, co cal tiveron case tres anos de previsión para solventar esta situación antes de que acontecera. Máis aínda, a situación xerada este verán tamén fora advertida tanto polos sindicatos como polos colectivos profesionais. Neste escenario, polo tanto, entendemos que non cabe máis silencio desde Galiza e que hai que intervir e exercer o poder político do noso país para buscar unha saída, por diversos motivos.

Primeiro, é unha cuestión —como xa dixen— que afecta a moitos galegos e galegas, tamén desde a perspectiva do consumidor. Moitas persoas que precisan sacar o carné de conducir, algo que no noso país xa por motivos xeográficos nalgúns casos é absolutamente imprescindible, e tamén a ninguén se lle escapa que o carné de conducir é un importante plus á hora de buscar emprego.

Ademais, tamén hai que ter en conta que esta situación está xerando un impacto dramático en moitas das máis de 500 autoescolas do noso país. Hai que pensar que moitos e moitas deles son pequenos autónomos, pequenas empresas de 2, 3, 4 traballadores, e isto ten graves repercusións. Estamos falando de empresas nas que ademais a época forte, a época na que aumentan os ingresos, a época que permite compensar outros meses do ano, é precisamente o verán, no que moita xente, non só estudantes, aproveitan para enfrontar esa tarefa de sacar o carné de conducir.

Segundo os datos que temos, a folga no noso país foi secundada nun 70 % e algo menos no mes de setembro, e veñen a resumir os colectivos afectados que, segundo os seus cálculos, se suspenderon por cada día de folga entre 300 e 400 exames de carné de conducir, deixando xa a máis de 6.000 persoas sen examinar.

Hai que ter en conta tamén que moito deste alumnado diante deste parón, diante do tapón que se está a acumular, cesa da súa matrícula, polo tanto, cesan ingresos. Tamén moitos dos que acoden a examinarse fano sen refrescar esas prácticas do carné de conducir, suspenden e, polo tanto, contribúen nun círculo vicioso a aumentar ese gran tapón de demandantes.

Recordaba, ao fío desta iniciativa, que precisamente no pleno pasado, cando veu o señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria falarnos dos autónomos, acordeime moito dun señor que coñecín este verán que ten unha pequena autoescola nunha vila de Ourense; el chámase Luís e son dous traballadores. Precisamente é a historia dun deses emigrantes retornados que nós tanto ansiamos. Persoas que estaban vivindo fóra da nosa comunidade e que volveron. El volveu, montou unha pequena empresa e foi pulando pouco a pouco. Pero agora mesmo Luís está absolutamente afogado. En dous meses fixo 4 exames, cando debería ter tido polo menos 12, o último o 4 de setembro, e estima que ata o 4 de outubro, ata a semana que vén, non volverá facer máis. Polo tanto, a maioría do alumnado do verán xa cancelou, pero o que non se cancelan son as facturas da auga, da luz, do seguro, do alugueiro e demais, que Luís ten que seguir pagando puntualmente, mentres os ingresos non chegan.

A situación de Luís é a situación de miles de galegos e galegas neste momento. Polo tanto, diante desta situación, entendemos que non vale mirar para outro lado e dicir que é competencia da facenda do Estado, como se fose un fenómeno paranormal e alleo, ou dicir que é unha mera cuestión de trámites.

Desde o BNG, polo tanto, propoñémoslles ás súas señorías tres grandes acordos.

Primeiro. Arbitrar, desde a capacidade das nosas competencias, medidas fiscais e económicas que axuden a estas persoas a non ter que pechar, que lles permitan aguantar uns meses máis

ata que haxa unha solución a esta situación e que poidan restaurarse con normalidade os exames. Desde axudas, créditos, rebaixas ou aprazamentos das obrigas fiscais, haberá que falalo cos sectores afectados, pero hai amplas posibilidades para que arbitremos medidas co fin de que nin unha soa persoa por esta crise teña que pechar o seu establecemento ou levar a alguén ao paro.

En segundo lugar, pedímoslle exercer de Goberno galego, chantarse na porta de Montoro, se fai falta, e dicirlle que, se hai amnistías fiscais para os defraudadores, terá que haber amnistías fiscais para estas persoas afogadas. Dicirlle que, se o ano pasado os orzamentos do Estado aumentaron os seus ingresos, será menester que nos próximos orzamentos do Estado haxa partidas para solucionar este asunto. As prazas créanse cos números na man, e non con promesas de cargos do Partido Popular na prensa.

En terceiro lugar, en vista de que non se pode confiar na palabra do Estado, recordo que —como dicía ao comezo da miña intervención— esta situación é xerada precisamente polos seus incumprimentos, nós pensamos que é o momento de reclamar para Galiza as competencias en materia de tráfico, tamén no que atinxe ao persoal examinador, tamén para redefinir as súas funcións, para redefinir o seu acceso e todas estas cuestións das que o sector está demandando que se volvan falar.

Nós entendemos que a situación xerada pola xestión do persoal examinador é un motivo máis para reclamar unha competencia absolutamente elemental e estratéxica para o noso país. Esta crise remarca a irracionalidade de que a competencia non sexa propia. É máis, é unha das saídas que xa moitas asociacións de autoescolas están apuntando. Para nós, a militarización ou a privatización son dúas saídas que non entran directamente neste debate, pero si reorganizarmos a xestión pública.

Pedímoslle que sexamos neste sentido ambiciosos e ambiciosas e que aceptemos este reto, porque non só contribuiría a non derivar en situacións como as que estamos vivindo, senón que nos permitiría tamén avanzar en moitísimas cuestións que temos pendentes en canto á seguridade viaria e que xa teñen pasado por esta Cámara nalgún outro momento.

Polo tanto —remato xa, compañeiros e compañeiras do Parlamento galego—, nós entendemos que sobran os motivos para que hoxe deamos un paso adiante. Para o futuro a medio prazo, solicitando as competencias nesta materia. E tamén para o inmediato, exercendo de Goberno galego cando hai que tensionar a Madrid, e tamén disponibilizando os recursos para esta emerxencia, porque hai moitas persoas nunha situación de apuro que están mirando para nós e non podemos defraudalas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados.

Bo día a todas e a todos.

Quero, en primeiro lugar, no nome do Grupo Parlamentario Socialista dar a benvida e agradecer a presenza na tribuna de invitados de examinadores de tráfico e titulares de autoescolas.

Tamén queremos agradecer as súas aportacións aos grupos parlamentarios para poder debater nesta Cámara unha problemática de actualidade con coñecemento de causa, coas aportacións de primeira man facilitadas polos afectados.

A situación actual, dende o catro de setembro, é de folga parcial indefinida dos examinadores de tráfico, un dereito fundamental —debemos recoñecer— recoñecido no artigo 28 da Constitución española. No futuro inmediato xa está anunciada a continuidade da folga parcial, que afectará os luns, martes e mércores de cada semana durante o mes de outubro.

Este anuncio do futuro e esta situación do presente, folga parcial dos examinadores de tráfico, ten a súa orixe inmediata na situación de desamparo dos examinadores por parte da Dirección Xeral de Tráfico, cuxo proceder chegou a límites insoportables.

Os feitos obxectivos que ocorreron dende o pasado 19 de xuño, cando comezou a folga, foron só dúas reunións mantidas co comité de folga, nas que o director xeral de Tráfico amosou a súa incapacidade á hora de xestionar o conflito laboral que ten na súa dirección xeral.

Non deixa de ser curioso, ademais, que el mesmo recoñecera que as reivindicacións dos examinadores eran xustas, e incluso chegara hai dous anos a un acordo cos examinadores para —entre outras cousas— subirlles o complemento específico, que loxicamente aumentaría o seu salario, dado que se trata de postos desincentivados e pouco atractivos. Tanto é así que practicamente ninguén solicita este destino.

A irracionalidade da Dirección Xeral de Tráfico, ao non cumprir os compromisos adquiridos, está a provocar incertezas e graves consecuencias no sector. E non parece entendible nin aceptable que a DGT manteña vivo este conflito despreocupándose das súas graves consecuencias. Sería só entendible, e non aceptado polo Grupo Parlamentario Socialista, ae na intención da Dirección Xeral de Tráfico se estea a privatizar un servizo que resultaría moi rendible para a Confederación Nacional de Autoescolas, tendo en conta que as taxas recadadas no ano 2016 ascenderon a 114,4 millóns de euros. E mentres isto acontece, coa pasividade da institución competente, examinadores, autoescolas e aspirantes a condutores perden cada día dereitos, recursos económicos e oportunidades.

Eu coincido co argumentario e cos datos aportados pola señora Presas, voceira do BNG, e polo tanto non vou repetilos máis. Os examinadores, dende logo, perden recursos económicos pola inexecución por parte da Administración de compromisos asinados, tamén por ser situados no centro da diana de forma social, culpabilizándoos desta situación.



As autoescolas sofren unha caída de actividade de arredor do 40 %, e debátense entre proceder a despedidos dos seus traballadores ou incluso peches. Os aspirantes a obter o carné de conducir debátense entre matricularse ou non, asumindo xa un sobrecusto na súa inscrición. Hai casos nos que a situación se agrava, ao estar ligada esta consecución do carné a un emprego, polo tanto, poden ter a posibilidade real ou é a causa de que non poidan acceder ao traballo por esta dilación na consecución do seu carné de conducir.

Dende logo, o Grupo Socialista vai apoiar esta iniciativa do BNG por varias razóns.

Primeiro, porque cremos que a Dirección Xeral de Tráfico debe cumprir os compromisos adquiridos cos examinadores e pór fin a este conflito.

Segundo, porque cremos que é dereito dos cidadáns obter o carné, e debe ser unha resposta que debe dar a propia Administración.

Terceiro, porque o sector, xa castigado pola crise —como reflexionou a señora Presas nos seus datos—, necesita medidas económicas e fiscais que o impulsen.

E cuarto, porque cremos que as competencias en tráfico serían moito máis efectivas xestionadas desde Galicia.

Neste conflito —e xa para rematar— hai un culpable, a Dirección Xeral de Tráfico, e hai vítimas: examinadores, autoescolas e cidadáns.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas. Benvidas tamén as convidadas na tribuna.

O Grupo Parlamentario de En Marea vai apoiar esta iniciativa —como non pode ser doutra maneira— para dar solución ao problema ou ao conflito que teñen os examinadores e as examinadoras, á situación dramática e urxente na que se atopan as autoescolas e tamén para solicitar esta transferencia de competencias de tráfico.

Non se comprende como podemos estar nesta situación, unha situación á que non había necesidade de chegar —como xa comentaron os que me precederon na palabra— se o Goberno do Partido Popular tivese cumprido coa súa palabra.

En 2015 hai este acordo da Dirección Xeral de Tráfico cos examinadores e examinadoras para asumir estas demandas, demandas que o director da Dirección Xeral de Tráfico cualifica de demandas xustas e que segue dicindo que as está defendendo porque son xustas.

O corpo de examinadoras e examinadores é relativamente pequeno, polo tanto, dende o punto de vista orzamentario tampouco supón un excesivo problema para as arcas públicas, e non se entende como se permite chegar a esta situación. Parece que se quixera humillar os examinadores e as examinadoras, porque parece que non hai ningún motivo para chegar a este acordo e para sacalo adiante.

Os examinadores e examinadoras convocan folga como única forma de visibilizar a súa situación e presionar para que se cumpra este acordo do Goberno, e tras dous meses —xuño e xullo— en folga reclamando que o Goberno do Partido Popular cumpra cun compromiso que ten adquirido, ao non conseguir nin tan sequera unha soa resposta nin unha soa proposta, agora en setembro volve convocar outra vez a folga.

Asextra, Asociación de examinadores, tamén solicitou xuntanza co Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, xa que a DXT se desentende e di que non pode solventar esta situación, e seguen tamén agardando algún tipo de resposta. Non entendemos como un goberno que debería ser responsable está actuando desta maneira e provocando todo este conflito.

A escusa peregrina que está poñendo o Goberno é que non pode dar unha suba só a uns funcionarios e non a todos, que cando faga unha suba tena que facer xeneralizada. Aquí o que se está pedindo é unha nova categoría, unhas novas oposicións. Sería unha nova categoría e, polo tanto, nada ten que ver cunha suba xeneralizada de todos os funcionarios e funcionarias. Isto, por suposto, é unha escusa peregrina que nada ten que ver con este tema. E parece que dando esta escusa quixera enfrontar os funcionarios e xerar outro conflito máis.

E por suposto que hai que subir o soldo de todos os funcionarios e funcionarias, e esa recuperación da que vostedes falan comezar a estendela ao resto da cidadanía, que ata o de agora parece que só se benefician os máis pudientes.

Recentemente, no Congreso dos Deputados, a Comisión sobre seguridade vial e mobilidade sostible, na súa sesión do 22 de xuño, acordou aprobar con modificacións a PNL presentada por Unidos Podemos-En comú Podem-En Marea, que daba solución ao problema dos examinadores. Está aprobada no Congreso dos Deputados cunha emenda de engádegas do Partido Socialista, polo tanto, o Partido Popular no Goberno xa non só ten que cumprir coa súa propia palabra, senón que ten que cumprir cun mandato democrático do Congreso dos Deputados e desatascar dunha vez esta situación.

A situación que está provocando o Partido Popular, de inestabilidade nas autoescolas, precisa de medidas urxentes no tema económico e fiscal para darlles un alivio, un pequeno respiro, neste momento tan difícil que están a pasar e para que non se destrúan postos de traballo e empresas, pero coidamos que hai que ir máis alá e que se debería replantear o modelo de formación vial. Este sector podería acceder a máis mercado de traballo facendo unhas políticas de concienciación e formación, educación no ensino e concienciación de condutores, e virar ese modelo mercantilista que ten a formación neste momento por un modelo de formación e concienciación, que creo que cos datos de sinistralidade que temos en Galicia ben deberíamos afrontalo, e abriríamos ao mercado de traballo das autoescolas ao mesmo tempo que melloraríamos a seguridade viaria.

E xa remato, que se me acaba o tempo. Tamén defendemos, por suposto, a transferencia das competencias de tráfico para poder tomar medidas e gobernar en función das peculiaridades que ten Galicia. Os datos de sinistralidade creo que dan imaxe clara da necesidade que temos de tomar medias neste asunto. E unha xestión desde o próximo pensamos que é moito máis axeitada.

Polo tanto, apoiamos esta iniciativa.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Bo día ás persoas que nos acompañan na tribuna.

A proposta do BNG, como se acaba de explicar, efectivamente, refírese a un conflito laboral que manteñen os examinadores de tráfico coa Dirección Xeral de Tráfico. Antes de nada, correspóndenos amosar o máximo respecto fronte ao exercicio dun dereito fundamental, o dereito de folga, dos examinadores, pero ao mesmo tempo velar tamén por que non se conculquen os dereitos dos galegos, tanto dos galegos que precisan obter o permiso de conducir como dos titulares das autoescolas, que están sufrindo os prexuízos económicos derivados desta situación.

Aproveitan toda ocasión para responsabilizar de algo á Xunta de Galicia, e neste caso acúsana de non implicarse, pero a súa competencia —e vostedes sábena— é unicamente, no marco das súas competencias laborais, velar polo cumprimento da legalidade laboral, e isto é porque os examinadores son funcionarios da DXT e os exames son competencia exclusiva do Estado.

Acusan tamén ao Estado de non ter feito propostas de achegamento e de pasividade, aínda que se teñen desenvolvido varias reunións entre a DXT e os examinadores que, por certo, deron lugar a melloras como a creación diso que pedían: unha especialidade de tráfico no Corpo xeral administrativo da Administración do Estado que lles permitirá melloras económicas pero tamén administrativas e profesionais, e tamén a convocatoria de máis de 500 prazas, 435 delas de promoción interna, que permitirán a promoción do 60 % dos examinadores.

De feito, os examinadores desconvocaron a folga indefinida, aínda que a reanudaron con paros parciais en setembro. ¿Por que? Porque aspiran a un complemento salarial duns 250 euros mensuais.

A nós non nos corresponde valorar as reivindicacións do sector, pero a resposta dada polo ministro do Interior parécenos coherente. Non se pode subir o soldo dos examinadores como corpo sen subir ao resto dos funcionarios.

En todo caso, o portavoz da Marea, se teñen tanto interese en subir o soldo dos funcionarios, en axilizalo, colaboren na aprobación dos orzamentos do Estado, que se non bloquearía ese incremento, por exemplo. *(Aplausos.)*

Pero mire, o que acaba de argumentar o ministerio precisamente é que o que hai que priorizar neste momento é o incremento do número de policía e de gardas civís necesarios tralas restricións das últimas convocatorias, argumento que nós consideramos bastante coherente.

En todo caso, nós cremos que sempre hai espazo para conciliar posturas, por iso coincidimos na conveniencia de continuar as negociacións ata acadar ese consenso cos examinadores, como propoñen no punto número 2. Polo tanto, nin pasividade do Estado nin indiferenza, pero tampouco a proposta que fan de chantaxes. Miren, nin este Goberno se move a conta de chantaxes, nin este Parlamento nin o seu presidente se poden comparar con outros que vostede acaba de citar, afortunadamente para todos os galegos. *(Aplausos.)*

No que atinxe ao punto 1, sobre avaliar, en diálogo cos afectados, o impacto da crise derivada deste conflito e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas, certamente, señorías, esta folga está afectando a moitos cidadáns que precisan obter o permiso de circulación, en moitos casos mesmo para acadar un posto de traballo, pero tamén ten importantes repercusións económicas para as pequenas e medianas empresas, as autoescolas, que se poderían ver abocadas ao peche e mesmo ao despedimento dos seus traballadores, con perdas de postos de traballo. Por tanto, nós tamén neste punto imos amosar conformidade.

En canto ao punto terceiro e á proposta de demandar do Goberno a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria, o feito de que estiveran transferidas non resolvería este conflito, porque isto acontece en Cataluña e mesmo eles tamén teñen esta folga de examinadores, porque a competencia dos exames é estatal. O certo é que esa cuestión xa foi debatida no Pleno do Parlamento de Galicia, aprobouse por unanimidade esa proposición de lei orgánica de transferencias complementarias en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, que foi debatida e rexeitada no Congreso dos Deputados no 2010, e por tanto é evidente que Galicia conta cunha dispersión poboacional, cunha orografía, cunha climatoloxía, cunha rede viaria con moitos quilómetros de estradas secundarias, por tanto, poñer en marcha políticas sobre tráfico e seguridade viaria adaptadas ás nosas condicións particulares, e deseñar políticas máis axeitadas para Galicia, seguro que sería sempre benvido para o interese que nos corresponde.

Por iso lle amosamos a nosa disposición a apoiar o terceiro punto da súa proposta no que atinxe á transferencia das competencias en materia de tráfico e de seguridade viaria. Non así no que corresponde á transferencia da seguridade pública, porque a seguridade cidadá ten actualmente un gran impacto na calidade de vida de todas as persoas, e garantir esa seguridade representa un gran desafío e un gran reto para todos os gobernos e obríganos a deseñar políticas comúns.

Vivimos nun tempo no que a cooperación e a coordinación das distintas forzas policiais resulta imprescindible para garantir a seguridade cidadá, que se volve vulnerable precisamente cando esta coordinación non existe, mesmo aínda que se dispoña de máis efectivos policiais.

De feito, a coordinación da Policía Autonómica co resto dos corpos e forzas de seguridade do Estado está sendo excelente, mesmo se teñen incrementado os efectivos. No Goberno do señor Rodríguez Zapatero contabamos con 400 efectivos de Policía Autonómica, e hoxe, dende o 2011, contamos con 500 efectivos co Goberno do Partido Popular, e, por tanto, está por estudar se a transferencia desta competencia de seguridade cidadá incrementaría ou non o nivel de seguridade dos galegos.

Os galegos, señorías, contamos cun elevado nivel de seguridade que haberá que afianzar e incrementar, pero nunca reducir. Por iso o que lle propoñemos dende o Grupo Popular é que apoiaremos a súa proposta integramente se están dispostos a retirar do terceiro punto a referencia á transferencia da seguranza pública. No resto dos puntos mostramos conformidade. E, se non, pediremos a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Barreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, agradecer aos voceiros de En Marea e do Partido Socialista o seu apoio íntegro a esta iniciativa, e agradecer tamén á voceira do Partido Popular a vontade de chegar a un acordo. Xa lle adianto que imos aceptar a súa proposta porque, aínda que discrepamos fundamentalmente coa análise que vostede facía ao final da súa intervención en canto á estruturación da seguridade viaria e en canto a esa demanda rexeitada por parte do Congreso dos Deputados, concordamos en que o espírito de consenso é unha necesidade pola urxencia que están a ter agora mesmo nomeadamente os colectivos afectados, para alén de que teñamos unha lectura política desta cuestión e de que nós pensemos que a solución para que o tráfico sexa competencia galega precisamente é reclamála, e pese ás discrepancias que temos tamén en que nós entendemos que a raíz fonda deste conflito é precisamente a desorganización e o incumprimento do Estado.

Nós discrepamos. Por exemplo, se o Estado español incumpriu o acordo de 2012, que nós interpretamos que é a raíz desta folga do persoal examinador, non acreditamos que vaia cumprir coa súa promesa baldía de creación de prazas; máis aínda cando se acaba de anunciar que xa os orzamentos van ser aprazados; e discrepamos de que por esa vía poida vir unha saída curta no tempo e que non poida empeorar a situación de todas estas familias, polo cal estaremos vixiantes de que o Goberno galego negocie co Estado español para que esta cuestión se resolva.

Insistir en que nós pensamos, desde o Bloque Nacionalista Galego, que a cuestión da competencia en seguridade viaria ten que ser un cabalo co que continuemos a loitar, e non lle permitiremos ao Estado español que nos volva tomar o pelo con esta cuestión.

Entendemos que a proximidade da xestión resolvería moitos obstáculos administrativos absurdos que moitas veces se atopan nas nosas institucións propias, e que se reordenarían

de acordo coas nosas necesidades moitas das cuestións que afectan ao tráfico e á seguridade das estradas; e entendemos que a ambición última ten que ser tamén acabar por xestionar este persoal examinador. E, dende logo, aproximando os prazos, os tempos e as institucións que teñen que negociar este tipo de cuestións, non volver repetir unha situación como esta.

En todo caso, aceptamos esa proposta e estaremos vixiantes para que o Goberno galego cumpra coa súa palabra. Quero transmitir tamén, ao final da miña intervención, de novo en nome desta Cámara, a nosa solidariedade con todo o persoal afectado, que neste momento está pasando unha situación complicada. Nós agardamos que, cos mecanismos que se habiliten a nivel fiscal, poidan ver aliviadas as presións que teñen no seu día a día e que a medio prazo poidan manter abertos os seus negocios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Rematados os debates das proposicións non de lei, procedemos á súa votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Vázquez Verao.

Acéptase a autoemenda, por suposto, e tamén acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María Luisa Pierres López.

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha transacción que consta de dous puntos e que leo.

«Primeiro punto. Establecer convenios cos colexios profesionais dos campos de arquitectura, urbanismo e enxeñería para promover e fomentar concursos de ideas, comprometéndose a un incremento progresivo dos mesmos, ata acadar a porcentaxe do 20 %, sempre que sexa posible en atención ás actuacións que se executen do total das contratacións de proxectos de arquitectura, urbanismo ou enxeñería no horizonte do ano 2020.»

«Segundo punto. Que os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público adopten e poñan en práctica medidas de discriminación positiva nos procesos de contratación, e favorezan o acceso ou presenza nas contratacións de proxectos e obra pública dos profesionais novos e novas, así como dos pequenos estudos de arquitectura.»

Votamos esta transacción.

*(A señora Pierres López pide a palabra.)*

Perdón. ¿Si, señora Pierres?

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Agradecéndolle que lera por nós, agradeceríalle, con todo o respecto, que na vindeira ocasión que se dea esta circunstancia nos permitise ler a transacción a nós.

Nada máis. Soamente era iso.

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe, non hai ningún inconveniente.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Agradecemoslle de verdade que a lera tan ben.

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe, pero é que hai aquí unha mala interpretación. Como ben sabe, eu sempre deixo que a lea todo o mundo. A min pasáronma agora dicindo que esta era a transacción por se a lía. Hai un mal entendido. Desculpe, pero hai un mal entendido, non o lín por... Non nos entendemos. Pasáronma para que a lera. Desculpe.

En todo caso, quedou lida e votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de don Xosé Luís Bará, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplezo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños, Cabral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 51.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de don Antón Sánchez García, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Parece ser que hai unha transacción...

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Ao final non hai transacción.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Ao final non a hai? Había unha aquí. Moi ben. Que non se volva repetir o de antes, ¡eh! (Risos.) Non teño ningún interese, por suposto.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación*



*Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño Inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 19; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Concepción Burgo López.

Parece ser que houbo unha transacción coa emenda dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea. ¿Pódenos ler a transacción?

**A señora BURGO LÓPEZ:** Si. Grazas, señor presidente.

Eran as emendas existentes do BNG e de En Marea, e chegamos á seguinte transacción:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

«Primeiro, promover a constitución dunha comisión especial integrada cando menos polo Goberno galego, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña e o Concello de Sada, ademais doutras institucións que os integrantes de dita comisión consideren necesario, que conte coa colaboración das universidades de Galicia e de expertos na materia de memoria histórica. Esta comisión terá o labor de analizar a fondo o expediente orixinal de doazón da propiedade do pazo de Meirás a Franco e calquera outro ben espoliado polo ditador, e atopar e presentar os procedementos necesarios para recuperar a titularidade pública deles, tendo en conta a nosa lexislación pero tamén a lexislación e xurisprudencia internacionais e os casos similares europeos de devolución de propiedades subtraídas ilexitimamente. En caso de que tecnicamente non atopen procedementos para conseguir a devolución da titularidade ao pobo galego, estará encargada de propoñer todos os cambios lexislativos necesarios para chegar ao dito fin.

2. Rexeitar a xestión por parte da Fundación Franco das visitas ao pazo de Meirás, instar á súa ilegalización e condenar as manifestacións de apoloxía do franquismo realizadas pola Fundación.

3. Adherirse á Xunta pro Devolución do pazo de Meirás para o Patrimonio Público, entidade da que participan a Deputación da Coruña e concellos, asociacións da memoria histórica e organizacións políticas, sociais, culturais e sindicais.

4. Unha vez recuperada a titularidade pública do pazo de Meirás, promover a súa conversión nun centro de divulgación da memoria histórica democrática galega e da loita antifranquista, compatible co recoñecemento da figura de dona Emilia Pardo Bazán.»

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Votamos, polo tanto...

*(O señor Puy Fraga pide a palabra.)*

¿Si, señor Puy, para que quere a palabra?

**O señor PUY FRAGA:** Dado que eu fixen unha oferta no seu momento de retirar a seguinte PNL, que basicamente tamén propoñía a constitución dunha comisión, dado que sobre ese tema de mantemento da iniciativa orixinal parece que non houbo un acordo e dado que o punto 1, aínda que amplía o obxecto do estudo, é basicamente semellante á iniciativa orixinal do Partido Socialista, eu pediría que se deixase votar o punto 1 por separado dos demais.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede, señora Burgo?

**A señora BURGO LÓPEZ:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Vale, moitas grazas. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio. Está no dereito de non aceptar a votación por puntos. Ninguén... *(Murmurios.)*

¡Silencio!

Votamos. *(Fortes murmurios.)*

¡Por favor! ¡Por favor a todos! Isto é un Parlamento, non empecemos... É un Parlamento, estanos vendo moita xente e, entre outras persoas, os invitados. Creo que debemos comportarnos todos, de aquí e de aquí. Pídollelo por favor.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López e tres deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Pedro Puy.

Non se aceptaron as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque nin de En Marea.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e quince deputados/as máis, sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres de Meirás, coñecidas como pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 32.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Houbo unha proposta de transacción que, se non entendín mal, creo que consiste en que no punto 3 da proposta se retira «a seguranza viaria e a seguridade pública». ¿Correcto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿A seguranza viaria e a seguranza pública? *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Seguranza pública, si. ¿Que dixen? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Viaria, non. ¡Ah! Vale, ¿entenderon? *(Asentimento.)*

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto por unanimidade.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Contiuamos coa orde do día, co punto 6, que é o de interpelacións.

**Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa regulación do sector eólico**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos e a todas.

Bos días, señor conselleiro.

Presentamos unha interpelación moi concreta pero que tamén debera de servir de reflexión xeral sobre o sector eólico en Galiza.

Hai ben poucas semanas visitei, cos veciños e veciñas de Laxe, o lugar onde se pretende instalar un parque eólico, na Pena Forcada. E falando con esta xente vin unha vez máis un exemplo concreto do que é o modelo eólico desenvolto nos últimos vinte anos neste país. En Laxe nin a corporación nin a veciñanza queren eses eólicos; queren evitar que se coloquen alí tres eólicos de 3 megavatios cada un, de 151 metros de altura, porque é un concello que está libre de aeroxeradores, porque é un concello no que o seu propio plan xeral explicita que o futuro se basea na potenciación do turismo sostible medioambiental e porque, aínda por riba disto, eles ven que non lles trae ningún tipo de beneficio, e que o beneficio o van levar, unha vez máis, as grandes empresas, que ademais utilizan as armas que lles dan os gobernos, como a declaración de utilidade pública e expropiación forzosa, para facer os seus negocios privados.

Na propia interpelación explicamos por que os veciños nin sequera se van beneficiar dun instrumento que pretende compensar o dano ambiental e o impacto ambiental destes parques eólicos para nós de xeito insuficiente, pero que neste caso nin sequera vai ser posible porque a tecnoloxía permite que cada vez se coloquen menos aeroxeradores e se reduza o número para obter a mesma ou máis potencia. Polo tanto, observamos que no artigo 15 da Lei 8/2009, o tipo de gravame e a cota tributaria aos parques eólicos que dispoñan de entre 1 e 3 aeroxeradores é unha cota de cero euros por cada unidade, que é a base impositiva. Polo tanto, vanlles instalar tres eólicos que non queren. É tamén significativo que un concello aprobe na súa corporación que non quere os eólicos e, a pesar de todo, se lle coloquen aí. Pero van ter iso e aínda por riba non van recibir ningún euro polo canon eólico, ou non van pagar —mellor dito— polo canon eólico.

Isto parécenos un exemplo do modelo que se veu desenvolvendo aquí; un país, Galicia, cun enorme potencial eólico e cun recurso eólico incomparable con outras zonas do Estado e que se utilizou para darlles sobre todo negocio a unhas poucas empresas; polo tanto, non aproveitando a oportunidade que había para dinamizar o rural, dinamizar a nosa economía, crear máis emprego e redistribuír os recursos que se producen cos nosos recursos naturais entre a xente.

Nós cremos que o modelo que aquí se implantou vén caracterizado por un modelo que causa graves impactos ambientais e que ten moi pouco retorno social. Non se utilizou ningún tipo

de medida para que ese retorno social fose maior, para que a cidadanía puidese participar tamén na produción de xeito cooperativo ou para a participación pública na produción eólica.

Ademais, o modelo do concurso do Goberno Feijóo ten demostrado ser un fracaso. Vostedes anularon un concurso, aprobaron outro, e durante os anos que vostedes levan gobernando desde o 2010 practicamente paralizaron o sector eólico. Ademais, significou un tapón para o desenvolvemento da actividade eólica neste país durante todos estes anos. Durante estes anos tamén vimos reclamando un debate en profundidade sobre o cambio de modelo do eólico. Vostedes sabían que había que cambiar o modelo; de feito, a lei aprobada no Estado é un cambio no modelo do eólico, como agora vemos. Pero, en vez de dar ese debate de cambio de modelo, vostedes fúrtano e queren meter esas medidas pola porta de atrás.

Nós si que vimos repetindo cal é o noso modelo. Bueno, pois o noso modelo incluso cabe dentro da Directiva europea da enerxía, que prioriza as enerxías renovables fronte ás non renovables, a liberdade de mercado, a condicionalidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado —primas ou axudas á previa ineficacia do mercado libre—, a xeración distribuída —é dicir, a produción de poucos e pequenos—, o acceso universal ás redes de distribución e transporte, a transparencia nos procesos de asignación de axudas. Cremos que ata o de agora todos estes principios foron vulnerados. Todo está inventado: noutros países europeos hai presenzas masivas de paneis solares nos tellados de naves industriais e vivendas, hai presenza de rexeneradores nas granxas agrícolas e nas fábricas e a preferencia é a subministración de moitos e pequenos produtores e tamén a presenza da cidadanía participando en iniciativas cooperativas de produción. Para nós este é o modelo de interese xeral, o modelo sostible, o modelo viable.

Ata o de agora vostedes foron por un modelo diametralmente diferente, o de non só beneficiar e privilexiar o oligopolio eléctrico, senón o de poñer obstáculos ao autoconsumo, obstáculos á pequena produción, obstáculos á participación pública ou á non decisión da participación pública e obstáculos á participación da cidadanía neste modelo.

Por iso nós vimos reclamando dende hai anos que se tomen medidas conducentes a elaborar un marco normativo que permita priorizar o que chamamos democratización da produción da enerxía eólica, que posibilite a entrada da cidadanía con base na produción descentralizada e a prioridade das plantas de pequeno tamaño e xeración distribuída e que potencie o autoconsumo e non que o penalice, como fixeron vostedes co decreto de garantir, efectivamente, o acceso universal ás redes de distribución e transporte, onde o oligopolio eléctrico segue controlando con man de ferro o que lle interesa.

Vostedes lexislaron en contra das renovables, paralizaron un sector totalmente. Cústannos diñeiro as súas decisións, cústannos diñeiro directamente polas indemnizacións, pero cústannos diñeiro tamén polo parón que vostedes provocaron. E tamén se negaron a dar ese debate durante estes anos.

Agora vostedes plantexan unha proposición de lei de fomento das iniciativas empresariais vendendo unha cousa e, en cambio, presentando outra. E o que fan realmente no sector eólico é furtar ese debate do que estaba falando eu. Vostede e eu podemos ter opinións dife-

rentes de cal é o modelo que convén ao país, pero deberíamos de poder, neste Parlamento, ter un proceso de debate de cal é o modelo eólico que beneficia este país. Vostedes nesa lei meten cambios transcendentais que modifican o modelo, que lle dan carpetazo ao modelo do concurso eólico —con moita discreción, pero danlle carpetazo— e un período de tempo para rematar eses investimentos ou esas instalacións —que veremos se chegan—, e xa a través fundamentalmente —porque non teño moito máis tempo para explicar— deses proxectos de especial interese lles dan un encaixe legal ás persoas que participan no marco das subastas de enerxías renovables que fai o Estado.

Parécenos intolerable o proceder e parécenos intolerable que se esconda este debate á sociedade e a este Parlamento. Ademais de estar en contra tamén do contido, porque este contido non só profunda no seu modelo, senón que nos retrotrae aos tempos de Fraga, cando se lles entregou a cinco empresas todo ese potencial eólico, que nestes anos vén facturando entre 600 e 700 millóns de euros, practicamente o mesmo que o sector lácteo, iso si, xerando a metade de postos de traballo e moi poucos beneficios.

Os proxectos de especial interese parécennos que son coherentes coa filosofía da lei; é darlles unhas vantaxes aínda maiores a estas empresas fronte á cidadanía. Vostedes reforzan a figura da declaración de utilidade pública para que a utilicen estas empresas como mecanismo de extorsión aos propietarios de terreos. Non ten sentido a declaración sistemática de utilidade pública para estas instalacións que son un negocio privado. Pero, é máis, nos proxectos de especial interese, vostedes reducen á metade o período de exposición pública. Reducen moitísimo a posibilidade da xente —como a de Laxe, como a de Cabana de Bergantiños— a poder defender os seus dereitos e a poder dicir lexitimamente que non queren esa instalación que lles provoca impactos e que non lles produce ningún beneficio.

É unha lei, unha vez máis, feita ao servizo destas empresas —non nos sorprende—, pero si que polo menos pedimos que estes debates non se furten, non se escondan, que se dean aquí. Eu non sei se para vostede un sector que factura 600 millóns de euros anuais pode ter un marco normativo non debatido seriamente neste Parlamento. Xa que todos estes días falamos de democracia, non sei se a vostede lle parece moi democrático isto, que se tomen medidas transcendentais para un sector que afecta todo o país pola porta de atrás.

Tamén lle preguntamos na interpelación xa concretamente se vai tomar algunha medida para que se garanta o retorno social desta produción; é dicir, unha pequenísima parte era o canon eólico. Vostedes, na Proposición de lei de fomento de iniciativas empresariais, non presentan ningunha medida para que paguen dende o primeiro aeroxerador, que podería ser unha medida perfectamente legal e factible. Non presentan iso, pero ¿van presentar algunha medida para que polo menos parques que teñen 9 megavatios paguen o canon eólico e teñan un mínimo de retorno á sociedade? Tamén lle pregunto se van ter outro tipo de iniciativas, como a participación pública ou a entrada da cidadanía, para que esta produción non se vaia maioritariamente fóra das nosas fronteiras e sirva para dinamizar a economía, sobre todo a economía do rural, e se se van poñer a ter algún tipo de iniciativa política fronte ás medidas que vén tomando sistematicamente o Partido Popular no Estado. No Grupo Parlamentario Popular díxose na lexislatura pasada que non se estaba de acordo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...co Decreto de autoconsumo porque lle pon trabas. Aí si que se lle poñen trabas administrativas. Vostedes din que están para reducir trabas administrativas nesta lei, pero só para uns. E díganos se vostede está de acordo co Decreto do autoconsumo ou se está disposto a ter algún tipo de iniciativa política para fomentar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...unha produción eléctrica, que sería unha oportunidade para este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, o primeiro, creo que estamos debatendo dalgunha forma sobre o modelo eólico. Polo tanto, aquí non se coarta ningún tipo de debate neste Parlamento. Este goberno está permanentemente aberto a compartir e a establecer un debate sobre o modelo eólico, e creo que, polo tanto, insisto, non se coarta ningún debate. Hai unha lei en tramitación onde todos os grupos poden presentar emendas, que, loxicamente, serán analizadas e serán abordadas e, polo tanto, serán tamén contestadas, e esperemos tamén que poidamos chegar a acordos. Polo tanto, nin se coarta ningún debate nin hai ningún tipo de regulación pola porta de atrás. Creo que debería de ser rigoroso, cando menos, nos plantexamentos porque, insisto, hai debate e, loxicamente, hai un trámite parlamentario onde a oposición e tamén o Grupo de En Marea poden plantexar calquera tipo de proposta, calquera tipo de emenda que poida mellorar o texto lexislativo.

En calquera caso, eu agradézolle enormemente que, por fin —xa foron moitos anos—, compartan as teses deste goberno e acepten a legalidade do canon eólico como un imposto medioambiental, que saben que entra nas competencias da nosa comunidade, como así ten avaliado tanto o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como o Tribunal Supremo. E tamén lle agradezo, señor Sánchez, que por fin acepten que o canon eólico é un instrumento útil para Galicia, porque ata o de agora nin aceptaban que o canon fora un imposto medioambiental nin tampouco aceptaban que era útil para Galicia. E sabe perfectamente que este goberno vén defendendo que o canon é útil para protexer o medio ambiente en Galicia, que é útil tamén para estimular o uso das novas tecnoloxías e que tamén, loxicamente, é útil para contribuír cos concellos a mellorar o seu financiamento. O dato creo que o coñece: preto de 180 millóns de euros foron recadados ata xullo deste mesmo ano e teñen permitido a realización de máis dun millar de actuacións, que son actuacións propostas polos propios concellos.

Espero, polo tanto, que siga ao lado deste goberno e que, polo tanto, defenda a posición que temos trasladado ao Goberno central, no senso de que o canon eólico é un tributo que grava o medio ambiente e que, polo tanto, non é un tributo que estea gravando as actividades ou as instalacións destinadas á subministración eléctrica. Creo que iso é importante, e aí estaremos xuntos tanto o Goberno como os grupos parlamentarios que se unan a este planteamento.

En calquera caso, tamén lle agradezo, señor Sánchez, que acepte que o canon eólico está a servir ao seu fin. É unha boa noticia creo que para todos e é unha boa noticia tamén para os cidadáns.

Sabe —e sabíao, pero hoxe por primeira vez recoñéceo— que este canon eólico está a servir primeiro para compensar o impacto paisaxístico e o impacto ambiental dos parques eólicos e tamén, loxicamente, serve como un acicate —aspecto moi importante e que foi sempre o plantexamento do Goberno— para introducir novas tecnoloxías e para que, polo tanto, a través de procesos de repotenciación, se puidera ter un menor impacto no noso territorio.

Cítolle o artigo 7 da Lei 8/2009: «Para protexer o medio ambiente, para estimular a incorporación das tecnoloxías nos aeroxeradores, para minorar o número destes e para reforzar o equilibrio territorial xerado pola instalación de parques eólicos, créanse o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental». E por iso, nesta política de mellora da tecnoloxía, xa temos abordado dúas repotenciacións de parques eólicos que teñen permitido, por exemplo, que o parque eólico de Cabo Vilán pasara de 22 aeroxeradores a 2 e que un parque de Malpica que tiña 69 aeroxeradores hoxe teña tan só 7. Esa é a política e ese é o motivo polo cal o canon eólico está a servir ao seu fin: compensar polo impacto paisaxístico ambiental e tamén introducir as novas tecnoloxías.

Polo tanto, señoría, creo que aí é onde podemos ter punto de encontro en conxugar os intereses do medio ambiente cos intereses produtivos e, polo tanto, a partir de aí, mantendo a legalidade ambiental, tamén favorecer o desenvolvemento do sector.

Se vostede, señor Sánchez, quere abrir un debate sobre o canon eólico, eu estou de acordo. Pero tamén estou de acordo en que vostede acepte entrar, loxicamente, ao debate de como podemos impulsar esta enerxía renovable da man do sector, porque as únicas propostas que vostedes plantexan no seu modelo —que agora vou entrar nel—, loxicamente, non favorecen o desenvolvemento do sector.

Fálame vostede da Lei de implantación empresarial. Vostede sabe que esta lei é a oportunidade que ten Galicia para desenvolver máis de 600 megavatios que aos promotores galegos foron adxudicados na subasta de renovables do Goberno central. É, polo tanto, unha oportunidade para que se poida desenvolver e incrementar a capacidade eólica en Galicia. ¿Vostede está de acordo ou está en contra? ¿Cal é a posición de En Marea?

Mire, falemos con propiedade, porque creo que é bo aclarar algunhas cuestións que, por moito que as digan tanto nos medios de comunicación como no Parlamento, non deixan de ser incorrectas. A nova lei, señor Sánchez, non introduce ningunha minoración da protección



ambiental e non introduce ningunha minoración da protección do patrimonio. Invítoos a que traia aquí que artigo concreto minora a protección ambiental ou do patrimonio dentro do sector eólico. Tampouco, señor Sánchez, modifica a consideración de utilidade pública. Sexamos rigorosos: a lei non introduce ningún tipo de consideración nin modifica a consideración de utilidade pública. E tampouco reforza en ningún momento o dereito de expropiación.

Polo tanto, señoría, creo que o debate da Lei de implantación empresarial e, en concreto, da modificación da Lei 8/2009, hai que centralo no que se plantexa. Plantéxase, efectivamente, unha simplificación reducindo os trámites á metade; certo, o cal non significa que haxa que cumprir todos e cada un dos informes sectoriais. Establece un procedemento único, e, señor Sánchez, non introduce ningunha redución dos compromisos que teñen adoptado e que teñen asumido os promotores no concurso do ano 2010. Os promotores teñen que seguir cumprindo os seus plans industriais, teñen que seguir cumprindo tamén e aboando o canon eólico. Polo tanto, señor Sánchez, a lei estou disposto, loxicamente, a compartila, a debatela e disposto a introducir emendas.

Fálame vostede do modelo do concurso eólico. Señor Sánchez, eu lamento traer aquí o seu modelo. Laméntoo, e vouto recordar porque, ao mellor, loxicamente, non se acorda dos planteamentos do Bipartito e, polo tanto, dos plantexamentos que se defenderon aquí pola súa parte. Ao mellor, é un lapsus, pero eu recórdolle que o Bipartito —insisto, o Bipartito— adjudicou 560 megavatios a empresas como Gas Natural, como Acciona, como Enel, como EDP, como Gamesa ou como FCC. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E iso está aí. Polo tanto, cando vostede me fala dun modelo e resulta que vostedes apoian e apoiaron aquí outro modelo distinto, pois, loxicamente, eu teño que sorprendeme. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por favor, garden silencio e escoiten a quen está no uso da palabra.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Nós plantexamos un modelo con total transparencia, un modelo que entendemos que responde ás necesidades do sector. As modificacións que se plantexan aquí no Parlamento están consensuadas co sector, señor Sánchez, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e, polo tanto, entendemos que é unha forma de dinamizar. Seguramente vostede —vouto recordar tamén— esquece que o concurso do Bipartito lle concedeu, cando fala de participación minoritaria, unha participación minoritaria do 10 % a Aucosa Eólica; curiosamente, señor Sánchez, a empresa participada por Alfacame á que ese mesmo Goberno bipartito lle outorgou avais ao final do seu mandato por 30 millóns de euros e que, lamentablemente, lle supuxeron á Xunta de Galicia e a todos os galegos un quebranto de 32 millóns de euros. Creo, señor Sánchez, que o seu modelo está claramente atestiguando o seu fracaso e, polo tanto, eu invítoos (*Murmurios.*) a falar do futuro, non do pasado, e a non plantexar aquí...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...un modelo que non é o modelo que o Bipartito defendeu neste Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a réplica o señor Antón Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, creo que se confunde de persoa. Creo que se confunde de persoa, primeiro, porque nunca este deputado nin este grupo cuestionou o carácter do canon eólico; nunca, nunca. Non sei se pensa que eu estou no Grupo do BNG e se o ten cuestionado, non o sei; eu non, o noso grupo, nunca. Agora si, cuestionámolo por insuficiente, exactamente. ¿Por que? Vostede dixo 120 millóns de euros, como o señor Feijóo, sumando os dos oito anos. Si, 120 millóns de euros de recadación. ¿Nese mesmo período de tempo canto se facturou no sector eólico galego neste país co noso vento, co noso territorio? 50.000 millóns de euros. ¿Parécelle suficiente ese retorno para un país que dá todo o seu territorio, os mellores lugares onde maior impacto ambiental hai a unhas empresas que veñen coa declaración de utilidade pública, coa expropiación forzosa, que vostedes lles dan para extorsionar a xente e para plantar os seus aeroxeradores? ¿Parécelle a vostede —e contésteme— este modelo o máis beneficioso para o interese xeral? ¿Ou prefería vostede que houbera máis retorno, que a xente se beneficiase máis e que os propietarios e en xeral a cidadanía se beneficiase do noso vento e do noso territorio? Estamos falando de 600 millóns anuais, señor conselleiro, e vostede estame dicindo que con 120 millóns de euros —que así, a bote pronto, significa unha porcentaxe non sei se do 1 %; aproximadamente do 1 %, ou de menos do 1 %—, máis o que teñen estimado estudos como o da Universidade de Vigo, que por alugueiro se está cobrando entre un 1 % e un 1,5 %. ¿Parécelle suficiente ou lle parece, como nós cremos, que isto é un agasallo a determinadas empresas? Iso é o que nós cremos. E, ademais, estamos dicindo que nin sequera poñemos un modelo. Os que están incumprindo o modelo da directiva europea son vostedes. A directiva europea di que hai que proporcionar trámites administrativos proporcionalmente, á dimensión do proxecto; é dicir, que aos pequenos produtores se lles teñen que dar máis facilidades e poñer menos trabas administrativas e que o autoconsumo hai que fomentalo, como fan case todos os países da Unión Europea. E vostedes fan todo o contrario, estanlles quitando trabas administrativas a Gas Natural Fenosa, que xa lle digo que na realidade ten ben poucas, e estanlle poñendo as trabas administrativas á xente que quere autoconsumir, para escapar, precisamente, das prácticas mafiosas do oligopolio eléctrico. E digo mafiosas porque todos estamos vendo todas as sentenzas contrarias que están vindo contra as empresas eléctricas polas súas prácticas.

E, despois, tamén se confunde de persoa, porque aínda que eu teño defendido moitas veces as políticas do Goberno bipartito, que están a anos luz da que están facendo vostedes, en todos os aspectos, a pesar de que o concurso do Bipartito era mellor que o que plantexaron vostedes, eu fun crítico sempre e aquí tamén co concurso do Bipartito, porque eu dixen que o modelo do concurso se tiña que rematar. Entón, non me conteste a min esas cousas. Ese modelo do Bipartito tampouco nos vale a nós, non nos vale. ¿Entende, señor conselleiro? Entón, contésteme ao que lle estou dicindo e ao que eu sempre dixen —como tampouco supoño que vostede asume todas as decisións do Partido Popular—, porque non me contestou.

¿Que pensa facer en relación co autoconsumo, señor conselleiro? ¿Parécelle que non ten potencial neste país para xerar riqueza e emprego? ¿Pensa dicirlle algo ao Goberno do Estado, que está obstaculizando o desenvolvemento desta iniciativa?

Despois falou de Aucosa e desas cuestións tamén referidas ao Bipartito, precisamente a empresa que lles gañou unha sentenza no Tribunal Supremo, que declara ilegal a súa anulación do concurso do Bipartito; no Tribunal Supremo, sentenza firme por desvío de poder, señor conselleiro. Os seus erros estámolos pagando todos directa ou indirectamente. Directamente coas indemnizacións ás empresas, pero indirectamente coa paralización dun sector que nos tempos de crise podería ser unha saída para moita xente que tivo que emigrar, incluso a países latinoamericanos, señor conselleiro, como vostede ben sabe.

E vostede claro que desprotexe e claro que reduce as garantías ambientais da lei. ¿Leu a lei, señor conselleiro? Eu creo que foi o Goberno o que a fixo e despois lla pasou ao grupo parlamentario precisamente para facer filibusterismo político.

Señor conselleiro, ¿como que non se coarta? ¡Só faltaría que non puidera presentar unha interpelación! Pero vostede puido plantexar a lei polo método ordinario presentándoa ao Goberno cos informes previos e cos tempos ordinarios e non pola vía de urxencia do grupo parlamentario, que vén sen os informes e nos dá a metade do tempo. Esta lei —mire que gran debate abre vostede— vai estar aprobada definitivamente co seu rodillo o día 17 de outubro, se non me equivoco. Ese é o gran debate de modelo eólico, mesturado cos cambios transcendentais en minería e cos cambios transcendentais en patrimonio. Claro que reduce. Mire, nos proxectos de especial interese, reduce á metade a participación pública, reduce á metade todos os procedementos. E si, si que fortalece a declaración...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...de utilidade pública como mecanismo extorsionador.

Remato agora xa.

Mire, nos proxectos de especial interese, un dos efectos que ten —e estou falando de memoria— é a redución dos prazos á metade, e o outro é que a Dirección Xeral de Enerxía é a responsable de outorgar a declaración de utilidade pública. E pon no apartado b) que automaticamente supora a prevalencia dese uso sobre os outros usos. Está escondidiño, pero sabemos ler, señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Claro que reduce a protección patrimonial, porque onde antes había que ter unha autorización de Patrimonio, nos bens de interese cultural e no seu contorno, agora non hai que ter autorización...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Hai que incorporar un informe...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Estou rematando, e creo que é importante, e nunca me excedo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Bueno, a primeira...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...un informe que chegará en tempo. Mire, para axilizar, ¿sabe o que hai que facer, señor conselleiro?...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Que se fagan ben as cousas. Non se deben reducir as garantías nin reducir os trámites. Contraten persoal para que se fagan os informes de Patrimonio, cando unha persoa quere facer unha corta de madeira, que están tardando dez meses, que están tardando un ano en dar contestación. Pero son vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** É o funcionamento e a ineficacia do Goberno da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas pola súa intervención.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, eu insisto en que lle agradezo enormemente que se posicione claramente a favor do canon eólico e que se posicione claramente a favor da utilidade do retorno social que ten o canon eólico. Efectivamente, o canon eólico como tal, como tal imposto medioambiental, que así o defende o Goberno, pois, loxicamente, pode ter capacidade de mellora, como os diferentes aspectos vinculados co modelo.

Pero fala vostede da lei; eu vou insistir nela. Mire, a lei non reduce ningunha garantía, nin medioambiental nin patrimonial, ningunha. A lei o que establece é un procedemento integrado e único que, efectivamente, vai poder permitir tramitar simultaneamente unha declaración de impacto ambiental, unha autorización ambiental integrada e un proxecto sectorial. Imos reducir os trámites á metade sen reducir ningún tipo de garantía. ¿Está vostede de acordo ou non? Esa é a pregunta. Terá ocasión, loxicamente, de mellorar o texto no proceso de emendas.

Imos coa lei, coa modificación da Lei do eólico. ¿Está vostede a favor da liberalización do sector e, polo tanto, de que calquera promotor, independentemente do seu tamaño, poida

presentar un proxecto eólico ao Goberno? Este goberno, si. ¿Está vostede a favor de que, efectivamente, haxa un rexistro que con total transparencia permita coñecer cales son os proxectos que se dan en tramitación? Este goberno, si. ¿Está vostede de acordo en establecer unha certeza temporal e acoutar, polo tanto, o tempo de tramitación dos proxectos eólicos? Este goberno, si. ¿Está de acordo, señor Sánchez, en que hai que manter o canón eólico e en que hai que manter tamén todos os compromisos dos promotores durante o concurso do ano 2010? Este goberno, si.

Creo, señor Sánchez, que a lei, tanto dende o punto de vista da tramitación administrativa como dende o punto de vista de todos os aspectos que se recollen na modificación do sector eólico, é unha oportunidade para Galicia no senso de que significa unha simplificación administrativa, sendo absolutamente garantista con todos os trámites.

Polo tanto, señor Sánchez, benvido ao debate. Creo que teremos oportunidade, loxicamente no proceso de emendas, de mellorar o texto, pero creo que, como lle dicía, hai que establecer con criterio o que recolle a proposta.

Fálame vostede das sentenzas do concurso. Vostede sabe perfectamente que esa sentenza non é firme, sábeo perfectamente, e sabe perfectamente que a sentenza é contraria ao criterio maioritario, porque hai máis dunha vintena de sentenzas que avalan o que ten feito este goberno tanto por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como por parte do Tribunal Supremo.

De todos modos, señor Sánchez, se ten algunha dúbida, seguramente lle pode pedir ao seu compañeiro de filas as explicacións sobre esa sentenza, porque as coñece perfectamente, señor Sánchez; coñéceas perfectamente.

En calquera caso, insisto, o seu modelo do sector eólico claramente era o que era, un absoluto fracaso. Eu, se quere, recórdolle aquí o que dicía, loxicamente, o partido que estaba neses momentos no Goberno: que estaba totalmente en contra do que quería facer o socio de goberno. Polo tanto, creo que aí, nese sentido, sería bo centrar o debate.

Pero eu creo que hai que falar, señor Sánchez, de futuro, e iso significa ver onde podemos abrir esas oportunidades.

Señor Sánchez, no eólico, hai que favorecer a súa implantación onde hai vento; se non partimos dese principio, mal imos, porque de pouco serve poñer eólico onde non hai vento. Polo tanto, cando vostede me fala de ubicacións concretas, loxicamente, son ubicacións concretas onde hai condicións para desenvolver os parques eólicos, pero todos os parques —incluído ese polo que vostede me interpela— teñen que cumprir todas as garantías medioambientais, paisaxísticas, de patrimonio e urbanísticas que establece a lei, e a Lei de implantación empresarial non reduce en ningún caso todas esas garantías.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos agora a debater a interpelación 6.3, procedendo a unha alteración da orde do día, que supoño que sería comunicada, aínda que non o sei. Pídolles desculpas porque non llelo podo dicir.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día, señor conselleiro.

Hoxe o BNG interpélaos sobre a situación da dependencia en Galiza. Galiza é unha das comunidades..., é a nación máis envellecida do Estado. Na franxa de idade de persoas maiores de 80 anos, que nutren dun xeito moi importante as persoas dependentes, pois temos a 237.237; é dicir, case o 9 % da poboación, e na das de maiores de 65 anos representa o 24,6 %, 665.000; é dicir, temos moita poboación envellecida. E en Galiza existen case 80.000 solicitudes de persoas que piden prestación por dependencia, case 80.000 solicitudes rexistradas. Desas, 67.552 —estou dando datos do Observatorio estatal do primeiro semestre deste ano 2017— teñen a prestación recoñecida, mais desas só 49.100 están a recibir esa prestación de xeito efectivo; é dicir, que temos 17.393 persoas beneficiarias —co dereito que a lei lles outorga—, avaliadas e beneficiadas, que están agardando por unha prestación, o que significa case o 30 % das persoas que teñen dereito porque o reclamaron, porque, se temos tempo, falamos desas persoas que xa non reclaman o dereito, que non o están a percibir. Pois trátase de que en Galiza hai 1,79 persoas beneficiarias por cada 100 habitantes e que isto se sitúa por debaixo da media do Estado.

O ditame ou o informe do Observatorio da Lei de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia tamén nos arroxa outra serie de datos. E con respecto ao financiamento do sistema en Galiza, o que nos di é que o recorte acumulado en Galiza, derivado dos recortes implementados polo Partido Popular, fundamentalmente os derivados dese Real decreto infame 20/2012 —sábeo perfectamente, ese decreto a partir do cal se recortaron servizos, dereitos e prestacións, desde laborais ata de dependencia—... A partir dese decreto que ten que ver coa supresión do nivel acordado en canto á implementación dos recursos que había que asignar á dependencia, ese informe, o informe a nivel estatal —non son datos do BNG— ascende a 151,8 millóns de euros, que son os cartos que o Estado lle debe a Galiza para atender a dependencia.

Tamén di ese informe que o gasto público por dependente atendido en Galiza é claramente inferior á media do Estado. Di que mentres no ano 2016 o gasto por dependente no conxunto do Estado era de 6.833 euros, en Galiza son 792 euros menos, case 800 euros menos por persoa a atender en Galiza. E, ademais, o que é grave é que non é un dato puntual, non é un dato dunha anualidade, senón que o que di é que desde o ano 2012, ano tras ano, este dato non fixo máis que minguar. Pasamos dos 6.701 euros no ano 2012 aos 6.041 actuais. É dicir,

foise continuamente descendendo. Estamos falando dunha redución de 660 euros desde o ano 2012; é dicir, é unha tendencia, que é o máis grave.

A evolución máis recente resulta especialmente preocupante. Desde o 2015 ao ano 2016 esa contía rebaixouse en 304 euros. É dicir, é unha tendencia, e o que é máis grave é que esa tendencia no último ano multiplicouse. Entre o 2015 e o 2016 esa rebaixa foi de 304 euros.

Sendo Galiza das comunidades máis envellecidas do Estado, o gasto por habitante no sistema de dependencia é inferior ao do Estado: 21,66 euros menos. É dicir, son todos estes, pois, datos para facernos unha composición de cal é a situación.

Coa entrada en vigor da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia recoñeciase o dereito a que as persoas maiores ou con discapacidade que non puideran valerse por si mesmas serían atendidas polas administracións públicas, garantíndolles acceso a servizos públicos e ás prestacións económicas axeitadas ás súas necesidades. A atención ás persoas en situación de dependencia debería ser un tema de máxima prioridade para o Goberno, señor conselleiro, atender as persoas que o solicitan e que se lles recoñeza o dereito á prestación que deriva dese recoñecemento.

Desde logo, no BNG cremos que ten que ser unha prioridade rematar co limbo da dependencia, e dio o BNG e seguen a dicilo as organizacións que representan as persoas en situación de dependencia. E non o están dicindo no ano 2009, non o están dicindo no ano 2010 nin no ano 2012, estano dicindo no ano 2017. No ano 2017 —podemos falar do Cerme— seguen a demandar que se remate co limbo da dependencia, seguen a demandar que se atenda as persoas que necesitan esa atención, e que se atendan na medida das súas necesidades. Mais a realidade é que esa concreción, ese dereito recoñecido por lei, non se está a facer nin en tempo nin en forma, por falta de orzamentos, falta de persoal, persoal insuficiente, orzamento insuficiente, poucos medios, trámites burocráticos excesivos, colapso en moitos dos servizos de xestión e atención. E isto ¿que está a facer? Pois retrasos escandalosos na resolución dos expedientes, escándalo e retrasos na valoración para recoñecer ese grao de dependencia e retrasos na adjudicación dalgún servizo que deriva dese recoñecemento dese grao de dependencia.

A lexislación en vigor —salvo que a cambiaran hai uns minutitos, señor conselleiro, que me parece que non— establece tres meses para facer a valoración de grao de dependencia e de entrada da solicitude no rexistro do órgano. ¿Con que nos estamos encontrando? Pois con que estes prazos non se están a cumprir. Primeiro porque hai unha entrada no rexistro da Xunta que non computa como data de inicio, porque desde que entra no rexistro da Xunta ata que logo entra no rexistro da dependencia, pois en moitos casos pasan meses. ¿Por que pasan meses? Pois porque vostedes, entre outras cousas, se cargaron varios dos equipos e pretenden que un mesmo equipo faga o traballo que antes facían tres ou catro. E estámonos encontrando con que a lei di tres meses, e vostedes incúmprenlo. Pero xa incumpren o prazo desde que entra no rexistro de dependencia. E se computamos desde que entra no rexistro da Xunta, eses meses multiplicaríanse.

Encontrámonos con que, desde que se fai o PIA —a proposta individual de atención—, a asignación de recurso en moitos casos queda aí, no limbo da asignación dalgún dos recursos.

Está sendo sistemático o incumprimento dos prazos de resolución de expedientes sen resolver durante anos, cando —insisto— a lexislación establece meses.

Podemos falar, señor conselleiro, de que, por exemplo, para prazos de residencia, dunha valoración de 100 puntos, unha persoa que teña 90 puntos sobre 100 pois practicamente non vai entrar, ten moito que agardar. Cunha puntuación de 85 ou 90 é que..., xa nada que ver. E moitas das persoas necesitan bastante máis de 90 puntos para que se lles adxudique unha residencia. Estamos a falar de que, para ter máis de 90 puntos, ten que ser unha persoa encamada, unha persoa sen consciencia practicamente do mundo.

Esa é a realidade, esa é a realidade do día a día, señor conselleiro, esa é a realidade. Están entrando poucas persoas, e as que están entrando son estas; co cal, o resto, cun grao 3 recoñecido, non están a ter acceso a un recurso de residencia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** E logo podemos falar de que as revisións de grao pois tardan entre oito ou nove meses.

Por iso, señor conselleiro, hoxe queremos preguntarlle cales son os tempos de agarda desde que entra por rexistro unha solicitude ata que efectivamente ten o recurso a persoa demandante, qué motiva o enorme retraso que viven miles de persoas en Galiza para desfrutar da prestación ou servizo que lles corresponde segundo a Lei de dependencia, cal é o número de persoas que agardan para que se materialicen as axudas e se coida que estes recursos, os recursos humanos destinados, son suficientes...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ... —remato, presidente — e se se substitúe o persoal cando ten vacacións ou está de baixa ou demais, e que medidas pensa adoptar para solucionar esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, señorías, moi bos días.

O benestar das familias é un compromiso que vai ineludiblemente vencellado ás políticas sociais que desenvolve a Xunta de Galicia. A mellora da calidade de vida dos galegos e das galegas, e moi especialmente dos nosos maiores e persoas con dependencia, é un obxectivo prioritario para esta Consellería e para o conxunto do Executivo autonómico. Podemos dicir



que na atención aos nosos maiores, e fundamentalmente a aqueles que teñen a súa situación de autonomía limitada, hoxe Galicia está moito mellor que no ano 2009, cando comezou o goberno do Partido Popular, pero tamén podemos dicir que está moito mellor que hai dous anos e podemos dicir que está moito mellor que hai un ano.

Estes son algúns feitos e algúns datos: o número de dependentes atendidos en maio de 2009 era de 14.000 persoas, había unha ratio de atención do 30 %; en outubro do 2015 —por iso lle falaba do 2009 de hai dous anos e de hai un ano—, a cifra era de 40.000 dependentes atendidos; e hoxe, segundo os últimos datos —que non son do mes de xullo, son do mes de agosto, os últimos datos oficiais do Imsero, que todos os meses presenta datos oficiais—, é que están atendidas en Galicia 50.302 persoas beneficiarias con prestación, o que supón unha ratio de atención do 75,7 %. Quero, ademais, dicir que precisamente este último dato significa, nun mes, 1.353 novos dependentes atendidos, e somos a primeira comunidade autónoma de toda España en avance na atención á dependencia.

E estar moito mellor que no ano 2009, estar moito mellor que hai dous anos ou estar moito mellor que hai un ano, con estes datos que acabo de dar, non significa para nada que sexamos conformistas. Todo o contrario, este conselleiro, e todo o seu equipo e todo o persoal da Consellería de Política Social, é inconformista, porque temos a ambición de cumprir o compromiso electoral do presidente Alberto Núñez Feijóo.

Queda moito por facer, señora Prado, queda moito por facer, señorías. Pero co aval do feito, co aval dos incrementos —xa digo, o 30 % de atención no ano 2009 e o 75,7 % de atención na última estatística oficial—, poderemos seguir avanzando.

O seguinte dato que esperamos, que este Goberno espera e que espera poder compartir con esta Cámara, é o dato de outubro, no que se cumprirá o primeiro ano desta lexislatura. A nosa ambición é chegar a 52.000 persoas atendidas en Galicia.

Actualmente, como lle digo, a ratio está no 75,8 %. E isto é moi importante dende dous puntos de vista. Temos dous datos moi importantes para destacar. O primeiro é que, por primeira vez, Galicia supera as 50.000 persoas atendidas; e, en segundo lugar, consolidamos a nosa mellora respecto do conxunto de comunidades autónomas de todo o Estado. A media de atención á dependencia nas comunidades autónomas, de diferentes cores políticas —que todas terán os seus problemas—, está no 74 %, e en Galicia estamos no 75,8 %.

Pero dígolle máis: non cambiamos a normativa hai uns minutos, pero a semana pasada o Consello da Xunta de Galicia acordou a incorporación, nos próximos meses, de 3.000 persoas ao sistema, e o Consello da Xunta de Galicia —que é o que goberna— no mes de xullo tamén incrementou as horas de axuda no fogar para os concellos en 1,2 millóns de horas en toda Galicia; o que nos fai pensar que a principios do ano que vén Galicia superará o conxunto de España —e non vou entrar en comunidade autónoma por comunidade autónoma— en oito puntos e que, ademais, teremos unha ratio de atención do 82 %.

Con ese incremento de axuda no fogar, somos a comunidade autónoma de España que máis axuda no fogar lles está prestando aos nosos maiores, o dobre da media do conxunto do Es-

tado, e superaremos o ano que vén as 20.000 familias que teñen axuda no fogar a través da dependencia. Temos tamén máis prazas que a media en residencias e centros de día —un 35 % máis que no ano 2009—, e 7.000 persoas reciben servizos de teleasistencia ou axuda no fogar.

Pero hai un segundo dato que me parece moi importante e que é un dato cuantitativo pero tamén cualitativo —porque hai algunhas comunidades autónomas en España, como Andalucía, Cataluña, Valencia ou Extremadura, que apostan máis polos servizos económicos e non polos servizos profesionais—: Galicia está dez puntos por riba da media de toda España en servizos profesionais, e o 77 % de atención á dependencia en Galicia é precisamente a través de servizos profesionais. Xa lle digo, dez puntos por riba da media de toda España.

E, despois, fáleme de compromiso orzamentario, de que faltan orzamentos. Por suposto, falamos de miles de persoas, de miles de familias, que precisan atención. Quédanos camiño por facer, pero permítame dicirle tamén que no ano 2009 en Galicia se gastaban, destinados a maiores e persoas con discapacidade, 213 millóns de euros, e que neste momento estamos investindo —porque isto non é gasto, que é investimento— 375 millóns de euros.

Falábame do Estado —e había unha pregunta do señor Leiceaga ao presidente sobre o Estado—. Pois, efectivamente, o Estado ten unha débeda con Galicia en materia de dependencia. Os datos son os seguintes: neste momento, deses trescentos e pico millóns de euros, con fondos propios da Comunidade Autónoma estamos asumindo o 72 % do gasto, e o Estado está asumindo o 28 % do gasto. Pero tamén lle dei outros datos. Deille a evolución. O Estado dá menos cartos para a dependencia pero Galicia cada vez inviste máis dos seus propios recursos para a dependencia.

Mire, despois do último foro de presidentes autonómicos, constituíuse unha importante comisión á iniciativa do presidente Feijóo, a Comisión para a análise do sistema para a autonomía e a atención á dependencia. Leva esta comisión sete meses de traballo e non lle caiba ningunha dúbida de que exiximos do Estado un maior financiamento. E ademais espero que, antes de que acabe o ano, poidamos presentar neste Parlamento os resultados dun novo sistema de financiamento en relación coa dependencia. Esa é unha parte; outra parte, obviamente, vinculada ao propio sistema de financiamento autonómico. Pero tamén aspiramos a que unha parte importante de financiamento finalista da dependencia apareza recoñecido perfectamente polo Estado. A negociación creo que vai por bo camiño; hai comunidades autónomas de diferentes cores políticas, pero, xa digo, é precipitado, agora, antes de ser aprobado, presentalo neste momento; pero xa lles anticipo que me gustaría vir aquí para poder presentalo.

En canto ao procedemento, quería destacar a historia social única. A historia social única vai ser unha simplificación histórica en materia de servizos sociais. Temos gravadas neste momento 500.000 historias sociais. É moi complexo, polo múltiple número de operadores que traballan no sistema de dependencia nos servizos sociais: hai que poñer moita xente de acordo. Temos un grupo de traballo específico no desenvolvemento da Axenda Social única cos concellos e coas deputacións, traballando, precisamente, neste ámbito, para que os trámites sexan máis rápidos e que poidamos —como vostede me di— reducir a burocracia: tra-

ballamos, de verdade, con ese obxectivo, tanto o conselleiro como todo o persoal da Consellería de Política Social.

Polo tanto, señora Prado, estamos mellorando: superamos por primeira vez os 50.000 dependentes atendidos en Galicia; chegaremos a unha ratio de cobertura, o ano que vén, superior ao 82 %; e hoxe investimos 375 millóns de euros en persoas maiores con discapacidade, un 75 % máis que o ano 2009. E o Estado que faga o que estime, pero Galicia, dende logo, ten un compromiso cos seus maiores e un compromiso coa dependencia.

Estamos neste momento en pleno proceso de implantación de novas medidas de axilización de trámites, en acordo con outras consellerías, precisamente para garantir a axilización que vostede me pon de manifesto na súa interpelación. Antes de que remate o ano, igual que virei falar do novo sistema de financiamento da dependencia, virei dar conta dos resultados deses cambios que estamos a facer en todas as nosas unidades de tramitación, tanto as propias da consellería como as dos concellos de Galicia. Espero e desexo que iso sirva, sobre todo, para responder ante quen verdadeiramente nos necesita, que son os maiores e as persoas que teñen a dependencia recoñecida ou en trámite de recoñecemento, porque eles son a quen nos debemos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Mire unha cousiña, señor conselleiro: en 2005 había cero euros dedicados á dependencia, *(Aplausos.)* había cero centros de día, *(Aplausos.)* había cero... *(Aplausos.)* ¡Claro!, no 2005 si, señor conselleiro, en 2005 si, porque é que resulta que a lei de dependencia é de 2007 no Estado e en Galiza empezou a poñerse en marcha no ano 2008, co cal, nun ano... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, home, ¡por Deus! Ben, é así. Entón, dez anos despois da posta en marcha da lei de dependencia, vén quitar peito de que aínda hai 25 % das persoas a quen a lei lles di que teñen dereito e quen están sen recoñecer. Porque o titular do que vostede acaba de dicir é que, dez anos despois, hai un 25 % de persoas que seguen sen recibir a prestación que a lei lles di que teñen dereito a recibir. Iso é o titular do que vostede acaba de dicir aquí.

E ademais hai unha cuestión: vostede acaba de dicir que imos camiño de ser os campións... claro, é que eu non esperaba menos, somos os campións en prestacións, o que non di é que tipo de prestacións e que tipo de recursos está adxudicando. E antes de ir darlle os datos de que tipo de recursos son os que está adxudicando, dende logo, o BNG leva denunciado que vostedes, en vez de ser o Goberno de Galiza, son uns delegados submisos do que di Madrid. E vostede acaba aquí de ratificalo. Nós, aquí, imos poñendo cartos nosos e o Estado que faga o que queira, como se os cartos do Estado non os pagaramos tamén os galegos e as galegas. Que o Estado faga o que queira: que nos roube, que non financie os servizos públicos en Galiza como necesitamos, que non teñamos un concerto económico na medida de canto pagamos... E resulta que vostede di «Non, o Estado que faga o que queira», que os cartos son do

Estado, ponos Mariano Rajoy do seu bolsillo, non son cartos dos galegos e das galegas. Desde logo, eu teño que dicirlle que realmente é penoso.

E, mire, recursos: vostede di que está rebaixando a lista de espera; ¿que di o informe do Observatorio? Que non hai un maior investimento —estou falando de Galiza—, que non está aumentando o número de persoas nin o orzamento. ¿Isto que significa? Pois que están dando atencións e prestacións *low cost*, señor Rey; que están vostedes dando prestacións, servizos e recursos *low cost*. O que di é que as prestacións que máis medraron en Galiza no último ano son as de prevención e promoción da autonomía. ¿Que medrou? A teleasistencia. ¿Canto custa unha teleasistencia ao mes? 25 euros. Eses son os recursos que vostedes están... ¿Por que? Porque hai moita xente que necesita recursos como residencias, como centros de día; vostedes non llelos están dando e o que lles están dicindo é «Ben, non temos isto, temos aquí o tema da teleasistencia: se queren, cólleno ou déixano.» 25 euros ao mes por persoa. ¿Que está medrando? Os talleres, programas preventivos. ¿Que está medrando? Pois prestacións económicas e axuda a domicilio.

O que vostede non di é que fixeron unha rebaixación do tema da axuda a domicilio, e que a moitas persoas cunha pensión, por exemplo, de viuvez, mínima, que aí lle computa, por exemplo, ter unha vivenda. Resulta que ter vivenda compútalle e resulta que a pensión non lle chega para pagar esa axuda no fogar na medida en que necesitarían. Eses son os recursos que vostedes están a dar.

¿E que din os datos dese observatorio? Que o que están baixando son as prazas residenciais en Galiza; que no último ano baixaron o 1,4 % e nos últimos cinco, un 14 %, as prazas residenciais; que aos cuidadores no contorno familiar xa non lles financian as cotas á Seguridade Social; que non chegan a 1.000 persoas as que, ocupándose de coidar os seus familiares, resulta que non están dadas de alta, porque resulta que vostedes non lles botan un cabo. ¿Que din? Que as persoas beneficiarias con dereito á prestación descenderon, os grandes dependentes, e o que aumenta é ese grao 1 de dependencia moderada, con este tipo de recursos, señor conselleiro: recursos *low cost*. Co cal, vostede, ao que vén hoxe aquí é a maquear as cifras, intentando quedar de campión, de que resulta que en Galiza imos mellor, cando non están dándolle as prestacións nin os recursos que precisa a poboación galega, senón uns realmente de —insisto— baixo custo, *low cost*.

E o que di tamén ese informe é que o custo por persoa dependente atendida descende paulatinamente; que non se xera emprego, cando tería que ser un sector onde se tería que estar xerando emprego; e seguen a demandar —insisto, señor conselleiro— que rematen con ese limbo onde hai miles de persoas que non están recibindo a prestación e o recurso que necesitarían.

E remato dicíndolle o que di o presidente dunha destas asociacións, e di: «Estase correndo o risco de só medrar en atencións mediocres que non supoñen un auténtico apoio ás persoas, que non xera suficientes retornos e que non son fontes de creación de emprego». Esa é a atención á dependencia que vostedes están a dar. Xa lle dei antes os datos: menos recursos por persoa...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...menos atención e, o que é peor aínda, unha cantidade de poboación non atendida nas súas necesidades.

Eu fíxenlle unha serie de preguntas —que ademais as ten por escrito— a respecto do persoal e a respecto dos recursos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...e non me contestou a ningunha.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Porque un dos grandes damnificados, á parte das persoas que necesitan a prestación, é o persoal, ao que vostedes teñen afogado nunhas condicións de traballo, dende logo, indecentes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRADO CORES:** E agardo que me conteste a esas preguntas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Señora Prado, eu contéstolle a todo o que vostede desexe, porque ademais é a miña obriga-  
ción. Pero o primeiro que lle teño que dicir é que non se pode dicir tampouco que eu dixen algo que non dixen. Espero que me poida entender no tema do financiamento —vólvollo dicir por se me entendeu mal—: non é «Que o Estado faga o que queira»; nós estamos reclamando do Estado maior financiamento para a dependencia. Así o reclamamos; non aquí, reclamámolo onde hai que reclamalo, que é en Madrid, na comisión que se creou por iniciativa de Alberto Núñez Feijóo, secundada por outros presidentes autonómicos. E estamos a punto de concluír un ditame conxunto das comunidades autónomas xunto co Estado, que, ademais, virei a este Parlamento explicar como o facemos.

En segundo lugar: mire, señora Prado, a Lei da dependencia ten as súas virtudes e os seus defectos. A min non me vai contar o que son maiores que morreron —non mo vai contar vostede— sen ese recurso, despois de anos de atención nas súas familias, nin despois da lei nin antes da lei. E, mire, eu son bastante novo, pero antes da lei, afortunadamente, en Galicia xa había residencias de maiores, en Galicia xa había centros de día e xa había un sistema (*Aplausos.*) polo que o señor Fraga e moitas entidades traballaron ao longo de moitísimos anos. E eu, dende logo, non estaba en responsabilidades políticas; pero ¡vaia se o había en Galicia!

eu ben o coñezo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu ben o coñezo, ben o coñezo. Para vostedes a súa realidade empezou no ano 2005 e parece que rematou no ano 2009.

Tamén lle falo de compromiso orzamentario, se quere ir a iso. Ano 2009: 225 millóns de euros para os nosos maiores e persoas con discapacidade. Ano 2017: 375 millóns de euros; polo tanto, un 75 % máis, tendo en conta o que baixou o orzamento xeral da Xunta de Galicia. Polo tanto, eu admítolle que queda moito por facer, pero non lle admito tampouco que nos dea leccións daqueles tempos, porque estamos en novos tempos, as cousas están cambiando e estamos tratando de facer as cousas mellor para atender mellor os nosos maiores.

Mire, fáleme do cupo, e os do Estado tamén o falan. Non sei se o seu modelo é Cataluña en atención á dependencia. Voulle dar algúns datos interesantes de Cataluña (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), porque están tan ocupados noutras cousas que se están olvidando da atención á dependencia e da atención aos seus maiores. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mire, a ratio de atención en Cataluña é do 62 %; en Galicia temos moito por facer, pero en Galicia é do 76 %: estamos 14 puntos por riba de Cataluña.

E despois fáleme de *low cost*; é que de *low cost* onde hai que falar é precisamente en Cataluña. Mire, eu teño o informe oficial. Eu respecto moito todos os observatorios, respecto moito todos os informes extraoficiais, pero, dende logo, os informes oficiais son os informes oficiais e o que din os informes oficiais é que, en Galicia, o 77 % das prestacións son prestacións profesionais, servizos públicos e prestacións profesionais. A media do Estado —xa llo dixen antes—, 66 %: estamos 10 puntos por riba da media española. Xa lle digo, queda moito por facer, pero, mire, Cataluña, 53 %: está a máis de 20 puntos por debaixo en atención profesional.

Mire, fáleme de teleasistencia. Mire, a teleasistencia non computa para os efectos de dependencia; polo tanto, o que nós gastamos en teleasistencia non computa nos datos oficiais; polo tanto, o que se inviste non se recupera; e, polo tanto, non sei por que me nomea a palabra «teleasistencia», porque non pertence ao sistema da dependencia establecido na lei de dependencia do ano 2006. En todo caso, xa lle digo, Galicia está traballando en mellorar moi considerablemente a teleasistencia, pero non para incrementar de maneira *low cost* —como vostede di— o sistema de atención.

E, despois, o servizo de axuda no fogar. Mire, Galicia é unha poboación dispersa, temos a metade de núcleos de poboación de toda España e nós apostamos polo servizo de axuda no fogar. Apostamos e por iso temos neste momento 7 millóns de horas de axuda no fogar en colaboración cos concellos. E, desgraciadamente, aínda hai centos de persoas nos concellos galegos que, por mala xestión, ás veces doutras administracións —que tamén teñen os seus atrasos—, non poden acceder, dende que hai o recoñecemento e dende que hai o PIA, ao servizo efectivo. Non vou facer nisto tampouco un relatorio por concellos porque creo que son os veciños os que saben perfectamente que tipo de concellos levan máis retraso. Nós estamos traballando con todos, con todos os concellos, xa lle digo, na historia social única para que, entre todos, poidamos simplificar os datos.

Respecto do tema do persoal, dende que eu cheguei á Consellería...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...ampliamos o número de equipos e estamos en pleno proceso de simplificación tamén. E —xa lle digo— virei antes de que remate este ano a este Parlamento para ver os resultados, para avaliar os resultados. Ningún equipo corre ningún tipo de perigo, ningún equipo, ningún profesional da miña consellería. Todo o contrario, se temos que aumentar máis equipos e máis persoal, farémolo. Pero, se podemos aproveitar e diminuír os trámites, tamén o faremos, porque iso é o que fai un goberno que xestiona pensando nas persoas, neste caso pensando nos nosos maiores.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Xa remato, señor presidente.

A realidade é esa. Neste momento, máis de 50.000 persoas atendidas en Galicia e cun obxectivo, que é chegar o ano que vén a 55.000 persoas atendidas, superando a ratio de atención do 80 %. Entre todos espero e desexo que o poidamos ver e que poidamos tamén traballar en comisión cos altos cargos da Consellería para ser capaces de simplificar e de detectar as deficiencias que ten todo sistema coma este, que as ten. Pero, xa digo, dende logo nos números globais e na atención global está mellorando...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...considerablemente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematado este punto, suspendemos a sesión ata a tarde, ata as 16.00 horas.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Retomamos a sesión.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Hoxe teño que comezar a miña intervención mostrando o desleixo e a vergoña que esta deputada pasou ao comprobar que, por levar esta simple camiseta que pon algo tan difícil de entender e que pon algo tan reivindicativo como «zona cero da sequía», se lles requisou aos compañeiros e compañeiras do agro da zona de Viana do Bolo que están hoxe aquí. Por iso hoxe luzo esta camiseta, porque ás veces, señorías, esquecemos que somos representantes desas persoas (*Aplausos.*) e que estamos aquí para representalas. Isto, señor presidente, non é o aeroporto JFK, isto é o Parlamento de Galicia, e é extremo o que se está amordazando as persoas que veñen aquí, as persoas que veñen escoitar este debate.

Moi boa tarde tamén para vostede, señora conselleira.

Hai décadas que unha parte importante da sociedade está preocupada polo fenómeno do cambio climático. Non sería xusto non recoñecer e non dicir hoxe que os primeiros que o fixeron foron as organizacións ecoloxistas, aqueles que velan pola protección do medio natural e tamén aqueles que teñen no campo o seu medio de vida. A vostedes custoulles un pouquiño máis de tempo. Hai soamente dez anos o actual presidente do Goberno negaba o fenómeno do cambio climático amparándose no seu primo científico. É unha ameaza non soamente para os ecosistemas, é unha ameaza para os seres humanos como unha especie máis que somos deste planeta. Agora que, tarde, mal e a rastro, e forzados pola evidencia, recoñecen o problema, quédanos aínda que poñan medidas en marcha para combatelo.

Non é preciso xa ver a foto dun oso polar intentando manter o equilibrio nun trozo de xeo, a evidencia chega a Galicia e chega, por suposto, tamén á provincia de Ourense. (*A señora Blanco Rodríguez, desde a tribuna de oradores, amosa un cartel.*) Esta imaxe, señorías, moitos puideramos pensar que é de calquera zona de Castela-León, de Castela-A Mancha, pero non, isto, señoría, é de Viana do Bolo, na provincia de Ourense. Este río é tamén nesa mesma zona, este río ou a pouca auga que queda nel. Desmorónase, polo tanto, esa crenza popular que se repite, que repite a cidadanía constantemente, de que en Galicia sobra a auga, ese mantra tantas veces repetido e nunca corrixido polo Goberno.

Pero hoxe do que vimos falar aquí é daqueles que utilizan o campo como o seu medio de vida. A situación é tan preocupante que levamos en prealerta na provincia de Ourense dende o 13 de xaneiro, case dez meses. A propia Confederación Hidrográfica do Miño-Sil di que este é o ano hidrolóxico máis seco dende o ano 82.

Eu, señora conselleira, e o noso grupo, dende logo, tememos non soamente polos ecosistemas e polo abastecemento de moitas vilas e aldeas da provincia de Ourense, tamén, como lle dicía, por aqueles que teñen no campo o seu medio de vida.

Hoxe quérolle preguntar polas medidas que vai tomar o seu goberno para axudar os afectados que se atopan neste epicentro do desastre agrario da comunidade autónoma galega, motivado non soamente pola seca senón tamén pola xeada e a saraibada de finais do mes de agosto.



Quero ser hoxe, con humildade, a voz dunha destas persoas que está sufrindo este problema, e voulle ler unha parte dunha carta dunha gandeira que se dirixe a vostede —eu non sei se é máis importante a chamada de teléfono pero gustaríame que prestara un pouco a atención—: «Son unha gandeira e produtora de castañas do concello de Viana do Bolo e tocoume a desgraza ou a virtude de meterme nun proxecto respecto do que moitas veces me pregunto se realmente faría ben ou me equivocaría. Esa é a pregunta que oio retumbar dende hai uns meses. Pero cando de repente oio a moitos amigos e compañeiros gandeiros e apicultores dicir “non chove”, “comprei herba”, “comprei palla”, “comprei tacos”, “vou coa cisterna levar auga ás vacas”..., ou cando oio a unha nena que di “meu pai ten colmeas pero este ano non hai mel”, señora conselleira, penso que isto non pode estar pasando, hai que facer algo. E eu, sempre positiva e pensando en alto, digo: non vos preocupedes, téñennos que axudar, non poden deixar que isto desapareza, é o mellor que sabemos facer e estamos no mellor sitio do mundo facendo o que máis nos gusta, e temos dereito a vivir do noso traballo sen andar a dar pena e sen pedir limosna. Pero a realidade é que con esta seca estamos vendo como cada día o noso medio de vida está morrendo, e, de seguir así, as nosas explotacións corren o risco de arruinarse e desaparecer».

E conta tamén algúns casos particulares de veciños e veciñas desta zona, como o dun gandeiro con 19 cabezas de vacún de carne que leva gastados 40 rolos de herba en silo, 800 quilos de tacos. E ten que apañar a auga, para que beban, cunha cisterna, gastando aproximadamente uns 10.000 litros de auga á semana. As producións de forraxe deste ano son ridículas, podendo falar de que un gandeiro que o ano pasado recolleu 880 rolos de forraxe, este ano ten soamente 320.

«E póñoome a falar con apicultores» —di esta agricultora— «e cáeme a alma ao chan. Case non dou escrito o que me están dicindo. Un apicultor que recolle habitualmente, polas colmeas que ten, 40.000 quilos de mel este ano, sendo optimistas, vai recoller soamente 5.000».

Hai xente moza, señora conselleira, como esta gandeira de Viana do Bolo que se incorporou este ano ao agro na provincia de Ourense, á viticultura, á gandería, ás veces comprometendo o patrimonio da súa propia familia, e que está nunha gravísima situación económica.

Eses son exemplos concretos, pero pódolle dar datos, non da súa consellería porque non os coñecemos, pero si de organizacións sindicais como Unións Agrarias, que cifra esta desfeita en 14,5 millóns de euros en perdas, e persoas que non terán ingresos pero si un incremento dun 10 % ou un 15 % para coidar a segunda brotación, por exemplo, das vides tras as xeadas. En castaña, calcula unhas perdas de 1,5 millóns de euros.

Non debería, señora conselleira, ter que estar perdendo o tempo de parte da miña intervención en explicarlle cal é a realidade en que se atopa o rural na provincia de Ourense. Vostede debería coñecela. Eu hoxe a primeira pregunta que lle quero facer é: ¿é que vostede non a coñece ou é que vostede non quere facer nada ao respecto? Porque non a vin reunirse cos gandeiros, cos representantes dos gandeiros e cos agricultores, e si facendo unha foto en Santiago con dous alcaldes, o de Cenlle e o de Castro de Miño.

Señor conselleira, outra pregunta: ¿por que deixa vostede outros concellos moi afectados fóra destas axudas?, ¿por que non hai axudas para Ribadavia?, ¿por que non hai axudas para Valdeorras?, ¿por que non hai axudas para a montaña oriental ourensá?

Vímola tamén no DOG repartindo axudas para o fomento da contratación de seguros agrarios, uns seguros que sabe vostede que non van solventar este problema, primeiro, porque os bancos non prestan cartos aos que carecen de ingresos; segundo, porque para devolvelos hai que prever que poidan ter maiores ingresos, algo que non poderá ser así para quen vai padecer as consecuencias de condicións climatolóxicas adversas; e porque incluso as axudas para os seguros son tan miserables, señora conselleira, que nalgúns casos non cobren máis aló de dous euros. Nada de liñas de crédito do Igape especiais para estas persoas. Ata o de agora, polo menos, non temos novas ao respecto.

¡Ah!, e fixo vostede algo máis tamén que non quero que me esqueza hoxe: remitiron aos gandeiros a puntos de auga que son para a loita contra o lume nos que non había auga, señora conselleira, dúas materias importantísimas que son da súa competencia como a loita contra o lume e como a xestión da agricultura. Fixo vostede tal ridículo que chegaron alí, despois de camiñar quilómetros algunhas destas persoas coas súas vacas, e non había auga, señora conselleira, non había nin gota de auga nesos puntos aos que vostede os remitiu.

Remata a carta esta moza, señora conselleira, pedíndolle que habilite solucións xa para estes sectores, e recordándolle que eles non queren axudas. Eles e elas, señora conselleira, necesitan axudas, e necesitan un goberno que se preocupe e se ocupe da cidadanía que vive no medio rural e que non o faga soamente cando é a campaña electoral, que o faga tamén, aínda que sexa, no primeiro ano de goberno.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Señor presidente, señorías, moi boa tarde.

A verdade é que a un ás veces chámalle a atención a agresividade coa que se fala, porque igual se cre que con esa agresividade ao final se solventa algo máis ou se chega máis á xente. Non, señora deputada, non é así. *(Aplausos.)*

En primeiro lugar, xa que mo permiten, e como, efectivamente, eu son responsable de medio rural, eu quería lembrarllas a todos vostedes que hoxe é o Día mundial do lácteo nas escolas, que hoxe se está facendo un moi bo traballo por parte da Inlac nos distintos colexios de Galicia, como non podía ser doutro xeito. E quero lembrarllas a todos vostedes, dunha cor ou doutra, que temos unha obriga, e esa obriga é promocionar os nosos produtos e que os nosos cativos, polo menos, sexan quen de introducir tres inxestas de lácteos ao longo do día —e,

a poder ser, que tamén o fagamos todos nós—. Simplemente llelo recordo porque son obrigas, e non só é unha obriga a de vir aquí cun xesto terrible e cun afán de non sei o que.

De todas formas, miren, pódennme acusar de calquera outra cousa, pero nunca me poderán acusar de non recibir os alcaldes, de non estar coa xente, de non ir a esa zona que vodedes denominan «cero» —que para min non é unha zona cero, é unha zona fantástica e que pouca publicidade boa se lle pode facer simplemente con camisetas, hai que ir un pouquiño máis alá—.

De todas as incidencias meteorolóxicas, que houbo moitas ao longo deste ano, efectivamente —houbo xeadas, houbo sarabia e, despois da sarabia, pois efectivamente hai seca—, esta Consellería ten coñecemento porque para iso están as oficinas agrarias nos distintos lugares, para iso están os distritos. Á parte temos os distintos centros e temos técnicos que así nolo trasladan. Pero non só iso, por suposto que o primeiro que fai esta conselleira é poñerse en contacto coas distintas denominacións de orixe, coas distintas IXP e tamén cos sindicatos, señora deputada. Pero procuro facelo de xeito serio e non lanzando, como lanzan moitas veces algúns sindicatos, certos números que despois co paso do tempo se tornan nunha auténtica mentira, como lle desvelarei eu ao longo da miña intervención.

A Consellería, tal e como lles dixen, estivo en todo momento en contacto con estes colectivos. E son os colectivos que vostede estaba nomeando: a castaña, pasando polo viño, pasando pola pataca, e tamén por asociacións que están moi vinculadas co gando en extensivo.

Podemos falar das xeadas, podemos mezclalo todo. E eu, se quere, dígolles, para que sexa totalmente transparente, o que está facendo esta conselleira. E non me diga que non, porque estou facendo e, ademais, figura publicamente e tamén figura coas distintas organizacións.

Polo que respecta ás xeadas de finais de abril do ano 2017 naqueles lugares de Galicia que están incluídos nas distintas zonas dentro do que son as denominacións de orixe ou indicativos de calidade, as primeiras noticias, primeiro, chegaban das afeccións da zona de Monterrei. E rapidamente puidemos comprobar que non só esas zonas estaban afectadas, senón que tamén había zonas do Ribeiro, de Valdeorras ou da Ribeira Sacra, que non só afectaban o viño senón que tamén afectaban as castañas, entre outras producións.

Ante esta situación, o primeiro que se fai é enviar os técnicos da Consellería e faise a primeira valoración; valoración que se fixo en Lugo e en Ourense. A min paréceme moi ben que a señora deputada se centre en Ourense, pero, mire, non van axudas só para dous concellos, as axudas son para todas as zonas afectadas. E todas as zonas delimitadas que estiveron afectadas neste caso, tanto polas xeadas como polo granizo, están en Lugo e tamén en Ourense.

Froito destes traballos —dos primeiros, que foron os da xeadá—, obtéñense uns datos provisionais. E froito deses datos provisionais empézase a traballar. Isto foi no mes de abril. Faise unha comparativa e pídesse axuda técnica por parte dos viticultores. Dáselles axuda técnica aos viticultores e actúase nas viñas. Esta axuda foi proporcionada por parte da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, por parte de EVEG, coa colaboración e coa elaboración dun documento —colaboración que tiveron das oficinas agrarias e tamén das distintas

denominacións de orixe—. E elabórase un documento técnico para actuar no viñedo despois das xeadas.

Por outra parte, en relación tamén coa asistencia técnica, díreille que o 8 de maio se celebran nas mesmas instalacións unhas xornadas, ás que asistiron 80 viticultores e adegueiros, co fin de asesoralos nos traballos de repoda. Porque había que facer traballos de repoda, e isto non era o habitual e precisaban axuda técnica.

Unha vez realizada esta primeira valoración dos danos e coa axuda técnica empézase a traballar noutras liñas, liñas de axuda que se foron establecendo para os afectados. Ademais, ao tratarse dun problema de ámbito nacional, coordínanse este tipo de axudas co Ministerio de Agricultura.

Posteriormente, dende a Consellería do Medio Rural, nunha das visitas ás zonas, e directamente despois das xeadas —en concreto na denominación de orixe de Monterrei—, son varias as peticións que se nos fan; e, ademais, peticións que en realidade son sensatas. Unha desas peticións é incrementar a axuda dos seguros agrarios. Eu creo que deberían estudar un pouco mellor vostedes no que consisten os seguros agrarios e ata onde somos capaces de chegar. E por iso se creou unha comisión. Pero non crea que a pediron os sindicatos, non, foi a propia Administracións a que tendeu a man para que nos dixeran en que se podía mellorar. E xa se mellorou, señora deputada. Inclínanse tamén por vías de bonificacións fiscais, que xa están solicitadas e que terán as zonas delimitadas de Ourense e tamén as de Lugo. Pídesenos créditos brandos —e témolos encauzados— e subvencións para a repoda ou reimplantación de viñedos irrecuperables das xeadas. Esta última tamén xa está en marcha, e foron 1,4 millóns de euros.

Inmediatamente despois de todo isto, tal e como lles dicía, convócase a Comisión Territorial de Seguros Agrarios para estudar a situación das distintas liñas, tamén para pedirlles que aqueles que tiveran asegurados axilicen canto antes os pagos porque son precisos para eles. Aí está o presidente de ENESA, está a directora xeral de Gandería. Pero non queriamos quedar aí e, polo tanto, tamén se convida as organizacións sindicais e as distintas denominacións de orixe. E hai un compromiso por parte desta Consellería, e ese compromiso é incrementar, na maioría dos casos, ata o límite —que é un 40 %— a prima dos distintos seguros, tanto para a vide como para a pataca como para o cereal, pero incluso tamén para a castaña, porque iso é posible.

Remítense as propostas, propostas que foron feitas polo sector, e a gran maioría, ademais, acatadas polo Ministerio de Agricultura, que dan os seus froitos xa para a vindeira temporada.

A Consellería do Medio Rural era consciente, este ano e antes de comezar todos estes fenómenos, da rebaixa de 10 puntos aplicados por parte do Ministerio para os seguros. E o que fixemos foi incrementar por parte da Xunta de Galicia eses 10 puntos que rebaixara o Ministerio. Deste xeito, tal e como lles dicía, imos chegar a unha media do 40 % na prima base dos seguros. Sacamos adiante —e dicíallelo antes— unha orde. E esa orde era para a reimplantación de viñedos, que xa está en marcha e son 1,4 millóns de euros. E ¿que fórmulas tiñamos para poder chegar ás zonas máis afectadas? Pois 5 puntos por riba do resto da xente

que pide as replantacións. Porque saberán, igual que sei eu, que para sacar unha orde de axudas se necesitan uns informes e uns argumentos, e estes eran os que tiñamos.

A Consellería participou en todo momento en Madrid en varias das reunións organizadas polo grupo de traballo de adversidades climáticas no Ministerio de Agricultura. E aí analizouse a seca, analizouse a xeadada, e aí analizouse o granizo.

As valoracións realizadas nas distintas denominacións van servir, entre outras, como lles dixen, para que esta Consellería formule a proposta —que xa está formulada— ao Ministerio de Facenda para aplicar unha diminución dos módulos do IRPF nas zonas de Viana do Bolo, pero no resto das zonas afectadas en Ourense e, como dixen anteriormente, tamén nas zonas de Lugo; pasando así dun 18 % a un 13 %. Esta mesma medida aplicarase non só aos viñedos, senón tamén para todo tipo de cultivos afectados.

Realizáronse as xestións precisas. E, a través do Igape, convócase unha axuda de liquidez. Esta foi aprobada o día 7 de setembro polo Consello da Xunta, aprobáronse as bases reguladoras. E aí o que facemos é que teñan acceso á liña de apoio e de adecuación do financiamento as explotacións produtoras e transformadoras de uva, de castaña, de pataca, de cereal, de horta, de froita e tamén as de gando extensivo —aqueles afectados por distintos fenómenos meteorolóxicos ao longo deste ano—. E é unha axuda que está a xestionar o Igape. Esta convocatoria pretende mobilizar 3,5 millóns de euros. E créanme que non vai quedar ningún gandeiro fóra, ningún gandeiro, ningún viticultor, que así a solicite, porque ese é o compromiso que adquiriu o Goberno da Xunta de Galicia, o compromiso da Xunta e da Consellería do Medio Rural.

Son liñas de refinanciamento de pasivos e tamén son liñas de apoio ao circulante. Iso quere dicir, señora deputada, que dende o minuto cero e na zona cero, pero tamén no resto das zonas, estivemos a nivel técnico, estivemos con distintas axudas. Pero créanme que isto non rematou. E non remata porque, cando queremos falar de datos da recollida de pataca, da recollida de viño ou da recollida da castaña, en moitas delas aínda non acabamos a temporada, co cal vostedes, que piden por un lado axudas directas porque entenden que é o máis doado, e, de verdade, non se deben enganar —debemos ser o máximo de prudentes que poidamos os políticos—, e vostedes, que piden zonas catastróficas que en realidade xa non existen así...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...senón que son zonas de emerxencia, teñen que saber que, polo menos, ten que haber un 30 % menos de colleita. E iso hai que integralo e levalo a cabo, o cal non quere dicir que esta Consellería non o vaia acadar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Non necesitaba, señora conselleira, unha clase súa sobre saber estar. Iso é o primeiro que lle quero dicir. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Voullo dicir noutro ton, se vostede se sente máis cómoda. ¿Quere saber vostede o que é a agresividade? Pois, mire, hoxe, precisamente, pódollo explicar e pódollo dicir. A agresividade, por exemplo, son os técnicos multando familias que tradicionalmente en Galicia se dedican á viticultura mentres hai persoas relacionadas co Partido Popular, cos seus viñedos de Falcon Crest, onde están traballando traballadores portugueses sen contrato, que están traballando simplemente pola comida. Iso é agresividade da súa Consellería. (*Aplausos.*) Esa é a agresividade, mentres intentan multar familias que tradicionalmente vendiman, porque iso é unha realidade neste país.

Mire, non sei que é o que lle molesta nin ese afán seu, e non só de vostede senón do Partido Popular, de constantemente criminalizar as organizacións sindicais, que realmente o que lle están pedindo é que faga o que vostede non fai. Quizás lle molesta isto, as tractoradas en Viana do Bolo, as manifestacións en Ribadavia con máis de 1.500 persoas. Señora conselleira, se isto lle molesta, se lle molestan as mobilizacións das organizacións sindicais e que lle pidan que faga o seu traballo, o que ten que facer é facelo, nin máis nin menos ca iso.

Vostede falou de que somos uns imprudentes polas axudas directas. Bueno, vostede acaba de recoñecer que vostede mesma foi unha imprudente. Porque, claro, o ano pasado —ano electoral— recordo que a súa consellería non tivo ningún problema en publicar unha orde de axudas do 16 de setembro de 2016, axudas directas á zona da Ribeira Sacra. E non esperaron vostedes, nin analizaron tanto, nin recorreron aos técnicos, nin lle deron voltas. ¿Por que? Porque había que responder ante unha crise gravísima que había tamén nesta zona. ¿Que pasa? ¿A velocidade vai en relación con cando teñen lugar as eleccións? ¿Temos que ter eleccións todos os anos nesta comunidade autónoma para ter unha conselleira do Medio Rural que faga o seu traballo? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Seguros agrarios. Fala vostede de que cobren o 40 %. Hai moitos anos que esas organizacións sindicais ás que vostede criminaliza levan pedindo que sexa o 65 %. Se vostedes quixeran, poderíanas adaptar á realidade galega, porque sabe vostede —incluso mellor ca min, estou convencida, señora conselleira— que están pensadas para grandes parcelas do sur de España, non para os terreos desta comunidade autónoma, que obriga os viticultores a ter que asegurar todas as súas viñas independentemente do risco de cada unha delas, co custo que iso pode supoñer para os agricultores.

Mire, señora conselleira, a carta desta gandeira remata dicindo: «Sorpréndenos que na lexislatura cualificada como “a do rural”, polo especial interese que se lle ía prestar, esquezan os compromisos e estean dando as costas á viabilidade das nosas explotacións, e que estea en xogo neste momento, nunha zona tan abandonada dende sempre como é e provincia de Ourense, o noso traballo. Señora conselleira, nós tamén somos galegos e galegas e merecemos o mesmo trato».

Mire, a min o que me gustaría agora é que realmente aclare —porque igual é que eu teño dificultade para comprendela e non é que vostede non se explicara claramente— cando van

chegar esas axudas directas, cando se van publicar no DOG e cando van poder ter acceso os agricultores, os apicultores e os gandeiros a elas; que o aclare, que diga unha data aproximada ou se realmente van chegar ou non. De todas maneiras, haberá unha moción resultado desta interpelación onde se poderá ver o compromiso do Partido Popular nesta materia.

Segue vostede sen responder por que se reuniu soamente con eses dous alcaldes e por que non o fixo con outros afectados. Eu non me referín soamente á zona de Viana do Bolo. Eu falei tamén do Ribeiro e falei tamén de Ribadavia. E quérolle preguntar —porque xa llo dixo o propio alcalde— por que non se reuniu con el se hai unha moción aprobada no Concello de Ribadavia, precisamente o día anterior a estar vostede na inauguración da Feira do viño de Ribadavia, por unanimidade de todos os grupos —tamén do Partido Popular— para reclamar esas axudas directas e hai a posteriori da comisión de goberno un recordatorio para pedir axudas para esa zona. ¿Por que non as pon en marcha? ¿Por que diferencia entre uns e outros? Sinceramente, señora conselleira, parece que vostede se reuniu con dous alcaldes —iso si, un que non sexa do Partido Popular para que todo pareza plural— para cubrir o expediente, nin máis nin menos, deixando outras zonas da provincia de Ourense completamente abandonadas.

Eu hoxe, co seu permiso e, señora conselleira, sen ningún tipo de agresividade, pódemo crer, voulle facer entrega desta carta que escribe esta gandeira. Posto que vostede non quere escoitar e non quere ir falar cos agricultores e cos gandeiros, pois hoxe, con esta carta, lea, reflexione e pense se realmente vostede está facendo o seu traballo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Turno de peche desta interpelación.

Señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moi boas tardes de novo.

Hai xestos e hai teatro. Eu quedo co xesto. Vou ao teatro cando podo, pero, dentro do ámbito político, o menos posible a poder ser. (*Aplausos.*) E digo «a poder ser» polo respecto que lles temos que ter a eses gandeiros e gandeiras que, efectivamente, traballan moito e dependen sempre dos fenómenos atmosféricos, e máis nos últimos tempos.

Cando vostede saíu aquí a dicir que se estaba perseguindo a familiares que ían axudar nos labores agrarios e que outros do PP facían non sei que cousas, por favor, sexa valente e presente vostede a denuncia. (*Fortes murmurios.*) Ou simplemente lle cedo o meu turno para que diga nomes e apelidos. E é o que ten que facer. É dicir, difamar, o menos posible; actuar, sempre. Créame que non vai dudar o Goberno en mandar as inspeccións cando se denuncie que están ocorrendo certas cousas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Por outro lado —e parece que gusta moito copar titulares—, hoxe eu falaba de que fun a Pontevedra a un colexio para promocionar o lácteo pero que tamén promociono todo tipo

de produtos. Fomos quen de meter nos menús escolares tamén como postre a castaña, que todo o mundo dicía que non e ao final conseguimos que a castaña xa sexa postre non só en Galicia senón no resto dos comedores escolares —ese é traballo, a castaña ou as castañas, como queiran, que cunha soa non se vive—. Pois alí mesmo preguntábanme polo que algúns denunciaban como persecución. E eu dixen claramente que hai dúas cousas ben diferenciadas. Por un lado, a tradición. E a tradición é que uns veciños axuden a outros a recoller as patacas, a facer o ensilado do millo ou a recoller a vide, ou mesmo as castañas. Iso é a tradición. E vai o xubilado, vai o cativo e vai o veciño, e aí non pasa nada. Distinto é que haxa que vixiar, no que xa son verdadeiras empresas, aqueles temporeiros que —estarán comigo— deben estar asegurados polo ben do temporeiro —porque perseguimos as irregularidades— e tamén polo ben desa explotación, porque non vaia ser que teña incluso un accidente e o pouco que poida aforrar ao final vaia ter que gastalo. Isto é o que digo e o que repito. E, por suposto, hai tradición e hai, por outro lado, o que xa é a verdadeira actividade empresarial que hai que controlar. Pero —vólvolle insistir— denuncie vostede, non o dubide.

Nós o que facemos —ou intentamos facer— é traballo serio, rigoroso e un traballo constante. E ese traballo constante deu como resultado dende un principio o que lle dicía anteriormente. E ese resultado é, por un lado, axuda técnica —que a tiveron—; por outro lado, as axudas ás plantacións —que tamén foron publicadas e que xa están en marcha, que son 1,4 millóns de euros—. Hai as axudas á liquidez, que ao final mobilizarán 3,5 millóns de euros. Hai as rebaixas do IRPF, por suposto. E cando rematen as distintas campañas veremos as posibilidades para seguir sacando liñas de axuda.

Pero eu creo que, á parte de falar do acontecido nas distintas zonas, hai que falar do bo produto que está a recoller Galicia. Porque é moi beneficioso para quen o produce e tamén moi beneficioso para quen o vende.

E cando falamos de balances, de balances de colleitas, e nos aventuramos a dicir que en certas zonas non se vai recoller o 80 % ou o 70 %, pois eu direilles das que teño rematadas agora mesmo ou preto de rematar. Por suposto, da castaña, que eu estiven en Verín, estiven co sector e estiven coa organización sindical que as organizou xunto coa IXP da castaña. Créame que non me vai vostede enfrontar cos sindicatos. Eu séntome cos sindicatos, eu non demonizo os sindicatos. Só lles pido responsabilidade aos sindicatos. E chegamos a acordos, como chegamos en moitos ámbitos relacionados co persoal contra incendios. Direilles, dentro do que son as denominacións de orixe, que, por exemplo, a Ribeira Sacra, que segue aberta pero xa está rematando, pois declara 5,3 millóns de quilos de uva fronte aos 5,6 millóns do ano pasado, un 5 % menos. O Ribeiro declara 9,4 millóns de quilos de uva fronte a 11,6 do ano anterior, un 18 % menos. En Monterrei declaran 3 millóns de quilos de uva fronte aos 4,4 do ano anterior, un 31 % menos. En Valdeorras, 4,2 millóns de quilos de uva fronte aos 4,5 do ano pasado, un 6 % menos. Por suposto, nas Rías Baixas —que si tivo seca pero non tivo a xeadada nin tivo o granizo— declaran 39,2 millóns de quilos fronte aos 33,4 do ano anterior. E a variación sería en positivo para os distintos viños de Galicia no 2,69 % máis.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Ben é certo que con menor contía nas demais denominacións de orixe.

Con isto o que lle quero dicir é que aquelas noticias que dicían que non había maneira de facer a recollida, que non había ese 70 %, pois son realidades que agora as podemos constatar. De aí o traballo serio e rigoroso dunha administración fronte á pouca seriedade dalgúns grupos políticos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Sen máis, seguimos coas liñas abertas para poder axudar os gandeiros e os agricultores.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Rematado este debate, paréceme oportuno comentar, señora Blanco —xa que vostede me fixo unha alusión dende a tribuna—, que este Parlamento se caracteriza por respectar os invitados que vostedes nos propoñen. E nós facilitamos o acceso de acordo cunhas normas xa establecidas desde hai tempo e que son de todos coñecidas. Se por algo se caracteriza este Parlamento é por facilitar o acceso. Hai outras institucións onde xa non os deixan nin entrar. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* É así. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, é así, señora Blanco. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, é así. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡É así! *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Blanco, é así, e paréceme oportuno dicirllo. *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Xa está! *(A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou o asunto.

Pasamos ás preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017 establecidas na Orde do 7 de xullo de 2017**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Como vostede ben sabe, a Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma, no artigo 54, estableceu a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local no 2,4294806 %; é dicir, algo máis de 115 millóns de euros. Na Lei 3/2017, de impulso ao crecemento económico e reforzo do gasto social, que modifica a dita lei, nas disposicións derradeiras primeira e se-

gunda establécese unha nova porcentaxe do Fondo de Cooperación Local: o 2,3787935 % para o exercicio 2017; é dicir, rebaixando a porcentaxe. Xa na Orde do 7 de xullo de 2017 pola que se establecen as condicións para a repartición do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para o ano 2017, na propia exposición de motivos da dita orde, dise textualmente que «o impulso de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos é un dos principais obxectivos da Xunta de Galicia, e que ten como finalidade contribuír a que os concellos poidan continuar prestando os debidos servizos á cidadanía mellorando as condicións de vida que satisfagan as súas necesidades, á vez que se reducen os custos que a prestación destes servizos traslada á carga impositiva que soporta a veciñanza». E no artigo 1, *Obxecto*, di que «o fondo adicional do Fondo de Cooperación Local para o ano 2017, dotado con 2.236.227 euros, se destina na súa totalidade a aqueles concellos resultantes de procesos de fusión municipal ou de incorporación voluntaria a outros concellos».

Como vostede ben sabe, tanto a Constitución española como a Carta europea de autonomía local establecen e consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira das entidades locais. E o propio Estatuto de autonomía de Galicia establece que os ingresos dos entes locais se percibirán a través da comunidade galega, que os distribuirá de acordo cos criterios legais que estableza tanto no que se refire aos ingresos estatais como para subvencións incondicionadas.

Hai que ter en conta que o Fondo de Cooperación Local, dende o ano 2009, mingou bastante; é dicir, en oito anos perdéronse case 4,5 millóns de euros para as entidades locais, segundo os datos facilitados pola propia Fegamp.

Polo tanto, a nosa pregunta é clara. Como grupo parlamentario municipalista preguntámoslle ao Goberno: ¿considera o Goberno galego que dos 313 concellos existentes en Galicia só catro —os correspondentes aos fusionados ou en proceso de fusión— precisan destas medidas incentivadoras de xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, podíamos facer —dígoo por unha cousa que dixó agora— un debate máis técnico sobre a distribución dos fondos de acordo co Fondo de Cooperación Local e algunha orixe e, polo tanto, algún condicionante para o destino. Pero creo que non é o foro. Creo que no Parlamento temos que falar en termos políticos, polo menos en termos políticos especialmente. E así o quero facer eu, porque vostede entendo que o que cuestiona con esta pregunta —así o entendo eu— é se hai que promocionar as fusionés, se as fusionés son boas.

E, polo tanto, a conclusión que eu saco —polo menos do enunciado ou do que dixo agora aquí— é que considera que non e que, polo tanto, non teñen que ser especialmente apoiadas.

Alégrome, ademais, de que rectificara —xa supoñía que era un erro—, porque na súa pregunta pon 414 concellos, e, efectivamente, son 313, a pesar de que vostedes fixeron todo o posible na primeira fusión, Oza-Cesuras, e na outra, Cerdedo-Cotobade, para que seguiran en 315 como mínimo. Supoño que lles gustaría que houbera moitísimos máis. Pero a nós non, non o ocultamos en absoluto.

Polo tanto, a súa pregunta é: ¿considera o Goberno galego que dos 313 —rectificado— concellos existentes en Galicia só catro precisan de medidas incentivadoras da xestión eficaz e eficiente dos recursos públicos dos municipios galegos? Non, por suposto, consideramos que todos precisan de medidas incentivadoras para a xestión eficiente, e por iso as poñemos. Agora, facemos especial fincapé en algo que non ocultamos endexamais. E supoño que non se sorprenderá nin vostede nin ninguén da Cámara que agora se descubra que o Goberno galego —quen o descubra agora— fai unha especial aposta polas fusións e, polo tanto, que as incentive en todas as ordes, tamén na orde económica. Facémolo nós, faino a lexislación de réxime local estatal, que fala dunha incentivación directa das fusións, fano moitos expertos estudosos, fano moitos opinadores nos medios de comunicación. E, por certo, faino Red Localis —e se non é así, que me desculpe, pero creo que si— da que forma parte o señor Leiceaga. Supoño que non ten que estar de acordo en todo, pero unha das marcas que ten ese foro é que os opinadores e os especialistas no ámbito da Administración local apostan polas fusións. E a nós parécenos moi ben. Polo tanto, claro que as imos seguir apoiando.

E vostedes ¿que din sobre as fusións? Bueno, pois nin unha cousa nin a súa contraria, esa tibieza de dicir que están a favor pero cada vez que hai un caso concreto fan todo o posible para que non vaia adiante. E a última ocorrencia que tiveron foi dicir que hai que facer un estudo. Din: Non, non, é que o que está facendo o Goberno da Xunta de Galicia non é axeitado e hai que facer un estudo para ver onde é necesario fusionarse. E entón eu pregunto: despois dese estudo, ¿que?, ¿os resultantes dese estudo hai que obrígalos a fusionarse aínda que non queiran? ¿Ese é o seu modelo? ¿Iso é o que hai que facer? Xa non hai que incentivar que voluntariamente os concellos se fusionen e que teñan os resultados positivos que están tendo clarísimamente os dous concellos fusionados. Non, non, hai que dicir que se teñen que fusionar, que hai que facer un estudo, que farán uns técnicos, e despois obrígalos. Nós non o imos facer e, polo tanto, seguiremos incentivando as fusións voluntarias e seguiremos axudando aos concellos que queiran dar ese paso.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Porque cremos que voluntariamente é un paso de futuro e que o tempo seguro que nos vai dar a razón.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica da señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, nós non estamos en desacordo coas fusións así por principio. Si nos parece que as fusións se deben facer cun estudo previo para saber se esa fusión que vai resultar da unión de dous concellos vai cumprir cos obxectivos previstos pola propia Xunta de Galicia. E a iso nos remitimos. En calquera caso, a miña pregunta é: ¿por que desta parte dos fondos de cooperación local non teñen os mesmos dereitos todos os concellos galegos? ¿Cre vostede que a situación financeira dos restantes concellos galegos é boa? Polo tanto, ¿por que non se reparte entre todos os concellos galegos?

E, á parte, vostedes apostan pola fusión. Pero realmente, cando vostedes apostaban pola fusión, no anuncio que nos fixo aquí o presidente da Xunta de Galicia dixo que era con base na racionalización de servizos e, ademais, para reducir os custos. Se isto supón que a Xunta de Galicia vai dedicar a maior parte dos seus beneficios, por unha banda, no Fondo de Cooperación Local e, por outra banda, en absolutamente todas as subvencións que publica a Xunta de Galicia, non vemos onde está ese beneficio, esa racionalización, e si vemos un detrimento importante que vai en contra do resto dos concellos que non foron fusionados ou que non se atopan en fase de fusión.

Esa é a nosa preocupación e, polo tanto, o que lles pedimos é que distribúan os recursos entre todos cos criterios preestablecidos e acordados coa Fegamp, pero que estean incluídos todos os concellos de Galicia. E os fusionados van ter xa de por si a suma do dun concello e máis o do outro do que lles correspondería individualmente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Peche desta pregunta polo señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez Rumbo, enténdeselle perfectamente. Primeiro, non queren que apoiemos as fusións, non lles parecen ben. É que é moi bonito iso de dicir teoricamente —sempre din o mesmo—: nós, en principio, non nos opoñemos ás fusións, pero—se se lles lera o pensamento— sempre e cando non haxa ningunha fusión, porque en canto haxa unha proposta de fusión dispararemos contra ela, recorreremos, diremos todo o malo —como dixeron destas dúas—, iremos aos tribunais, perderemos e seguiremos dicindo que non nos opoñemos ás fusións.

Señora Rodríguez Rumbo, isto é exactamente o que pasou coas dúas, e asegúrolle que pasaría coa terceira, coa cuarta e con todas aquelas que se propuxeran voluntariamente e partindo

da autonomía dos responsables municipais elixidos democraticamente para dar este paso, que non é nada sinxelo, que é moi medido, e que non pode vostede dicir —que tivo responsabilidades na Administración local— que se opoñen ás fusiones porque non hai estudos. ¡Oia! ¡Se a Lei de Administración local —que rexía cando eu era director de Administración local, cando o foi vostede, cando segue rexendo— establece uns parámetros clarísimos que se teñen que cumprir para ver se unha fusión é viable! Xa sei que vostedes dixeron que non. Xa sei —e seguro que vostede tamén— que recorreron precisamente dicindo que iso non se cumpría. E sabemos todos que foron aos tribunais e que os tribunais lles deron a razón aos concellos que libremente se querían fusionar e á Xunta de Galicia que apoiaba todo iso; a vostedes, non. Pero ¡dálle!, ¡a dicir outra vez que están a favor das fusiones! —insisto, sempre e cando non se produza ningunha fusión—.

E, mire, mentres non haxa fusiones, faría moi ben en ter un pouco de responsabilidade —permítame que llo diga, que isto si que é un pacto de país— e dicir que hai servizos que, como os concellos non se xuntan, non van poder prestalos. E, polo tanto, está moi ben que se incentiven —que non lle parece moi ben tampouco— as fórmulas de cooperación e, por suposto, que se lles diga que os concellos teñen que ser serios nas súas contas e que, se non renden contas, non hai subvencións. Iso fixémoslo nós, non o fixeron vostedes. E, despois, que se incentive especialmente a cooperación. E, se podemos chegar á fusión, incentivaremosla tamén.

Supoño que vostede sabe —outra cousa é que aquí non o di—, que ese fondo... Por certo, é aprobada esa distribución pola Fegamp. É que me fai gracia que vostedes, cun presidente da Fegamp e alcalde do Partido Socialista, entendan, cando pacta coa Xunta de Galicia, que se pode facer ese acordo no que se diga que, se o 30 de setembro —que é o que di esa adicional á que vostede se refire— non hai novos procesos de fusión, unha parte importante, case a metade, se repartirá entre os concellos de menos de 15.000 habitantes —que para darlles aos demais xa están algunhas deputacións, polo que estamos vendo—. Entre os concellos de menos de 15.000 habitantes, señora Rodríguez Rumbo. (*Murmurios.*)

Polo tanto, iso é o que estamos facendo e non o ocultamos. O que non imos facer nunca —e xa llo digo— é obrigar os concellos a fusionarse, non imos facer ningún estudo, non imos facer o que está pasando en Andalucía, onde hai oito segregacións en curso e ningunha fusión. Ese non é o noso modelo nin é un modelo de futuro para ninguén. E, dende logo, o que non imos facer é obrigar ao que os concellos non queren. Se non, ao final iríamos —voullo dicir e remato xa, señor presidente— ao que dicía a Fegamp no ano 2008: que había unha preocupante tendencia da Xunta de Galicia, no ano 2008, a usurpar competencias —está por escrito, señora Rodríguez Rumbo; se quere, pódollo trasladar, aínda que vostede era directora de Administración local e seguro que o coñeceu— e a ir invadindo competencias das entidades locais e deixarlles aos concellos un papel de meros colaboradores, moitas veces molestos, para moitas cousas que quería facer a Xunta naquel momento.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Afortunadamente agora cambiou, e eu alégrome moito. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o asentamento por The Navigator Company dunha base de operacións en Galicia destinada á captación de madeira de eucalipto para a fabricación de pasta de papel**

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señora conselleira.

O 19 de xullo, a Asemblea da República Portuguesa aprobou unha serie de medidas para limitar e reducir as plantacións de especies como o eucalipto. É evidente que isto non se debe a un capricho momentáneo nin a unha nova variable do mercado mundial da pasta de papel. É o resultado dunha análise seria da floresta portuguesa sumida nun caos semellante á galega e que provoca que ano tras ano, e principalmente na época estival, os lumes sexan, o mesmo que en Galicia, o pan de cada día.

O lume de Leiría foi a resposta casual —ou non—, e cos seus mortos acelerou as medidas que había que tomar. A *Estratexia nacional para as florestas* prevé que a superficie de eucaliptos non supere as 812.000 hectáreas actuais, e desenvolver mecanismos que conduzan á redución das mesmas e a aumentar a superficie de carballos e outras frondosas nun 40 %.

Seguramente sexa una farol, unha cortina de fume, unha estratexia de presión de parte da pasteira portuguesa ao Goberno portugués. O anuncio foi feito coa chulería do capital despois dos 64 mortos, os feridos e o terror do inferno que foron esas casualidades nada casuais.

Aquí ímoslle indo duplicados sobradamente en eucaliptos, en ordenación do territorio... Minto, co territorio desordenado, cos lumes á porta da casa, ao axexo, e cunha intensa presión de Ence e demais socios cun monte sen alternativas grazas ás súas políticas. Porque, hai menos dun ano, vostedes falaban de limitar a expansión do eucalipto en Ourense e no leste e sur de Lugo, e aireábano aos catro ventos coma se nos arrebataran a bandeira nesa loita polo monte, na que saben —e dóelles— que temos razón. Falaban, e tamén enchían de propaganda os seus medios, que son todos, dicindo que era o ano do rural, que ían plantar un millón de castiñeiros.

Volvo ao motivo da pregunta. Visto que, lonxe de recuar por mor do lume de Pedrogao, o Goberno portugués seguía adiante, Navigator, a pasteira portuguesa, anunciaba hai un mes que viría a Galicia a aprovisionarse de eucalipto, ou posiblemente algo máis, o cal sería máis grave. Señora conselleira, ¿vostede é consciente de que, se a pasteira vén aprovisionarse a Galicia de madeira de eucalipto, o mercado vai ter un subidón e, visto como o seu goberno coida o asunto forestal, imos ter que poñer candado ás macetas da casa? Quero dicir que a estas alturas vostede xa tería que saber algo das intencións de Navigator Company e algo pensarán facer, se son certas as novas da posible base operacional en Galicia.

¿Que pensa facer o Goberno galego, diante da ameaza que supón para a sustentabilidade e o xa deteriorado equilibrio do noso monte, a anunciada instalación como captadora de madeira, ou poida que algo máis, de Navigator Company? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, existe en Galicia un plan forestal, un plan forestal que non é de agora, que é un documento que foi consensuado no seu día e que ademais foi por unanimidade. E, por suposto, estamos a traballar na revisión dese plan forestal.

Non hai bandeiras aquí, non hai bandeiras aquí duns nin doutros. Non somos máis uns ca outros, simplemente hai realidades. E esas realidades ao final son unhas eleccións. E aí é onde decide a xente a quen quere apoiar. Neste caso decidiron apoiar o Partido Popular e noutros decidirán apoiar o BNG.

Iso quere dicir que non o estaremos facendo tan mal, e non defenestremos o noso forestal galego. Ben é certo que hai que seguir regularizando, sen dúbida ningunha, porque a palabra «prohibir» non gusta nin sequera na adolescencia. Pero si hai que regularizar e tamén ben é certo que hai que seguir dinamizando a nosa economía.

Co cal, un plan forestal son estimacións, e, dentro desas estimacións, temos números. Trátase de prever unha determinada situación cuns fins, e eses fins son a planificación forestal que se fai a medio e a longo prazo. E agora tocaba revisar, pero toca revisar igual que se fixo anteriormente con todos os elos da cadea, pero tamén con toda a sociedade que opine. A poder ser, que opine esa sociedade que vive no rural, do rural e que vive para o rural.

En canto ás limitacións actuais, hainas en Galicia sobre o eucalipto. E ademais estase perseguindo para que isto sexa así. E son limitacións que, ademais, están contempladas dentro da Lei de montes de Galicia. Así, nesta lexislación establécese, por exemplo —como todos vostedes saben—, que non se poden plantar estas árbores en terreo agrícola, tampouco nas marxes dos ríos, que hai que ter distancias nas estradas e nos camiños, dependendo da anchura dos mesmos, así como nas proximidades ás casas. É dicir, nos maceteiros das casas non se deben plantar eucaliptos. E tamén hai limitacións deste cultivo na Rede Natura.

E isto está contemplado na lei, na Lei de montes de Galicia, onde quedan prohibidas esas repoboacións. Pero incluso, en certas zonas onde se respectaron naquel momento as que estaban plantadas, cando se cortan non poden volver repoboarse.

Non obstante, hai condicións concretas e hai cambios de actividade. E son cambios de actividade que piden os concellos porque son os máis cercanos a quen vive e, polo tanto, determinan. E hai unhas zonas nas que se producen eses cambios. Iso si, non se pode cambiar de

agrario para forestal con especies de crecemento rápido, senón que o han ter sempre para frondosas caducifolias. Ademais, as plantacións para froitos de nogueira, de cerdeiras, de castiñeiros ou especies semellantes poden realizarse indistintamente, sexa en agrario ou sexa en forestal.

É dicir, regulación existe. E o control desa regulación créanme que estamos intentando levalo a cabo. A min gustaríame que, naqueles concellos que vostedes gobernan, por favor, tamén tenderan a man para que iso fora posible. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

A ver, ¿pode vostede dicirme para que serve un plan forestal que rexe todo iso que vostede dixo e que duplicou as hectáreas previstas para o ano 2032 e que ten nos últimos dez anos un aumento de superficie arborada con eucalipto de 12.000 hectáreas/ano? ¿Pode vostede dicirme de onde saen os milleiros de toneladas de leña de carballo que se cortan habitualmente neste país? ¿Cando devolverán os eucaliptos ás 30.000 hectáreas oficiais de terra agraria? Isto pon en solfa a política de vostedes respecto do monte. Non é a política de vostedes, é a política de Ence. Está claramente definida e claramente utilizada, e non hai máis voltas. *(Aplausos.)*

Pódennos contar canto queiran do monte multifuncional, pódennos vostedes contar os contos que queiran, que ademais gústanos que nolos conten. Pero fastídanos porque nos están roubando as palabras igual que fixeron con moitas outras cousas. Pero non nos van roubar os conceptos. O que si é certo é que nestes momentos non soamente está pairando enriba nosa a ameaza da biomasa que se pretende, parece ser, construír —vostedes quitaron os límites de biomasa que había—, non soamente iso nos está ameazando, senón que pode ser que Navigator Company —que xa logrou presionar ao Goberno portugués e xa dulcificou as medidas que ía tomar, segundo o que eu vin a última vez que estiven alá—... E isto é unha realidade, e vostedes teñen que ter previsto isto porque, desde logo, este país o que non vai poder soportar é a duplicación nova antes do 2032 das hectáreas arboradas con eucalipto. E se vostedes van modificar o plan forestal, posiblemente o modifiquen neste sentido; é dicir, ampliando o tope de eucalipto para plantar. Isto é unha tristeza pero unha realidade, e é a realidade que lle traemos día tras día, día tras día, aquí.

E simplemente quero lembrarlle que onte houbo tal desprezo aos técnicos que falan de lumes de cuarta e quinta xeración que se tomou como unha chanza, como chacota, por un deputado...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RIVAS CRUZ:** ...do seu partido. E isto é serio, señora conselleira.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...



**O señor RIVAS CRUZ:** É dicir, o dos lumes é serio.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** E o dos investigadores tamén. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Turno de peche desta pregunta, señora conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Moitas grazas, señor presidente.

Diciamos que tiñamos lei, diciamos que temos Plan forestal, diciamos que estamos facendo a revisión do Plan forestal, e créame que, efectivamente, hai que facer o monte funcional. Pero hai que facer un monte tamén que economicamente lle sirva a quen está vivindo no rural.

E cando lles dicía a vostedes que estabamos facendo controis é que, dende o ano 2012 ata o ano 2016, se realizaron unhas 1.600 notificacións de parcelas que non cumprían. Pero quero dicirlles que só no ano 2017 se fixeron un total de 995 apercibimentos e se abriron un total de 229 expedientes. Esa é a realidade. Pero ao mesmo tempo eu tamén lles digo que tendan a man, porque podemos facer a revisión do plan forestal totalmente consensuada. Hai un consenso sobre as bases, e esas bases agora hai que amplialas. Pero eu pídolles, por favor, que non teñan un dobre discurso. Que non teñan un discurso aquí, no Parlamento, e outro discurso fóra ou cando gobernan nos seus concellos. Temos moitos exemplos onde vostedes son capaces de facelo así. O noso é o mesmo discurso aquí que en calquera outro lado.

E cando sexan capaces de tender a man, pero non só para facer política co lume ou cos eucaliptos, entón iran os moito mellor a todos. E ademais a sociedade créanme que o vai agradecer.

Igual que lles dicía deses apercibimentos 995 e 239 expedientes, que non nos doe a man á hora de realizalos, tamén lles digo que temos outras 3.000 notificacións de posibles infraccións en marcha. Pero, á parte desas infraccións, créanme que estamos habilitando outros sistemas, e ese sistema é perimetrar as zonas das plantacións irregulares para dar un tempo pertinente e que se leve a cabo o cumprimento da lei.

Efectivamente, vostede falaba de que se duplicaran as masas de eucaliptos e que estamos agora mesmo, segundo o último inventario, en 430.000 hectáreas, pero tamén lle teño que recordar que se incrementaron as masas de caducifolias (carballos, castiñeiros, bidueiros), e pasamos de 240.000 hectáreas a 440.000 hectáreas. Se cren o do eucalipto, dígame vostede —é o mesmo inventario— por que non cren o das frondosas.

Se tiveramos que falar de aproveitamento de masas, tamén lle podería dar datos. Efectivamente, córtanse actualmente arredor de 3,75 millóns de centímetros cúbicos ao ano de eu-

calipto, que vén ser un 65 % do crecemento anual das masas, e, por outra banda, das caducifolias 0,25 millóns de centímetros cúbicos ao ano, un 12 % do seu crecemento anual.

De todas formas, a política forestal debe tratar de mellorar a viabilidade socioeconómica con distintos recursos forestais, efectivamente, non só co eucalipto, e para iso estamos; estamos para incrementar as masas caducifolias...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** ...e os aproveitamentos gandeiros dentro do monte fundamentalmente. Eu téndolle esa man para que alí onde gobernan, que é en poucos sitios, tamén fagan o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, do G. P. de En Marea, sobre a data límite que fixa a Xunta de Galicia para acadar o saneamento integral das rías galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Carmen Santos Queiruga, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, máis de 20.000 persoas viven en Galicia da pesca e do marisqueo. Xa non contamos aquí a cantidade de empregos indirectos desta actividade e da vital riqueza que isto supón para as comarcas costeiras, como vostede saberá. O noso grupo está moi preocupado, en vista da situación das rías da nosa terra con datos obxectivos, por iso lle queremos preguntar sobre esta cuestión.

Vemos con preocupación a desaparición de certos moluscos bivalvos nas rías, o peche de certas zonas de extracción pola calidade das augas, a ameaza de afectación do marisco por toxinas —como pasou o ano pasado na ría de Muros e Noia, e esperamos que este ano non volva pasar—, coa perda económica e un pouco coa vergonza que se pasou o ano pasado coa paralización das capturas e a súa devolución. E sen esquecer tampouco a nosa lóxica preocupación ecolóxica e de saúde pública. É por iso que vimos a este Parlamento a preguntarlle concretamente por estas cuestións do saneamento das rías, e sobre todo para que vostedes nos expliquen, á parte de como está a situación, que teñen realmente pensado facer para manter en estado saudable e san as rías galegas e recuperalas para a xente.

Para nós ten que ser unha prioridade absoluta deste Goberno. Vostedes afirman constantemente que é unha prioridade, pero a verdade é que os feitos din todo o contrario. Actualmente están rexistrados, segundo Augas de Galicia, uns 300 vertidos incontrolados nas nosas rías. Unha das máis afectadas é a ría de Arousa, con 100 puntos de vertidos. Esta situación

afecta de xeito directo á pesca e ao marisqueo. Vense prexudicadas especies como a ameixa fina ou o berberecho, tal e como temos manifestado, explicado e levado iniciativas á Comisión 9ª, que xa o sabe o señor Crespo. E tamén vemos como evolucionou a caída das capturas destas especies. Sobre todo dende que goberna o Partido Popular, as capturas da ameixa babosa na ría de Muros e Noia caeron un 68 % e de fina un 81 %. Estivemos o outro día na lonxa de Testal e parece que este ano segue a tendencia. E ¿que medidas vemos? Pois un investimento irrisorio en liñas de investigación para saber por que se dá este fenómeno e como paliarlo, e iso que temos profesionais de prestixio internacional en investigación mariña aquí en Galicia. Tampouco vemos realmente medidas efectivas por parte da súa consellería, e estes datos da caída das especies son a proba clara desta situación.

En xuño, a través do Grupo de En Marea no Congreso, sacamos adiante unha moción precisamente na que se instaba o Executivo a sanear e preservar as nosas rías. Esperamos de vostedes agora mesmo un compromiso real, feitos e non promesas e palabras baleiras, facer e non dicir.

Vostede dicía no mes de abril que no ano 2020 debería estar concluída a planificación do saneamento das rías e tamén todas as infraestruturas executadas ou en servizo. É por iso que, en vista dos precedentes deste Goberno, que promete pero despois a execución brilla pola súa ausencia —outro caso é a ría do Burgo—, queremos preguntar en concreto, e que nos resposten coa verdade, cal é a data límite que fixa a Xunta de Galicia para conseguir o saneamento integral das rías galegas, en vista da situación destas e da desesperación dos mariñeiros e mariscadoras. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Vaia por diante, señora Santos, a miña especial sensibilidade co sector marisqueiro. Non sei se sabe que eu fun delegada da Consellería de Pesca case catro anos. Podo falar incluso dos nomes de moitos dos patróns destas confrarías e mesmo tamén dos mariscadores. Polo tanto, eu creo que como Goberno, non só dende a Consellería de Medio Ambiente, senón tamén dende a Consellería do Mar, traballamos arreo todos os días, absolutamente todos os días, para mellorar a situación na que se atopa a xente do mar.

Falarei, obviamente, do único que me compete, que é en exclusiva o saneamento das nosas rías e levar adiante os plans hidrolóxicos, que o Goberno da Xunta de Galicia compromete e marca a folla de ruta, e, evidentemente, leva parello tamén investimento.

Temos un novo plan agora mesmo en operatividade, que é ata o ano 2020. Estou falando de 150 medidas que se desenvolverán dende aquí ata o ano 2020. Estamos falando de 654 millóns de euros, dos cales, de aquí ao ano 2020, investiranse en concreto nas rías en materia de saneamento —só en materia de saneamento, non en materia de abastecemento— 130

millóns de euros. Como dicía vostede —xa o respondín e volvo ratificalo—, será no ano 2020 cando estarán todas as infraestruturas que xa están descritas. Hai unha folla de ruta escrita con nome e apelidos para cada un destes investimentos. Estarán xa pechados ou terminados ou, se non, en execución.

Cando vostede fai esta pregunta, fai unha serie de afirmacións que evidentemente non comparto porque está absolutamente equivocada. Di vostede, en concreto: promete e non executa. Eu creo que é importante informarse e, sobre todo, constatalo, porque é verdade que as depuradoras non desaparecen, están, fisicamente existen, e ademais poden ter incluso cando foi a obra e cando se puxo en funcionamento. Foi este Goberno, do Partido Popular, o que investiu máis de 1.100 millóns de euros —que a vostede igual lle parece pouco, a min paréceme unha cifra para ter en conta— en materia de abastecemento e saneamento, dos cales 600 millóns de euros con nome e apelidos son unha realidade hoxe en día en materia de depuración e en materia de saneamento nas rías da Coruña. Foron 350 as actuacións que se fixeron en 165 concellos só de saneamento. Foron 300 as actuacións en materia de abastecemento en 186 concellos. Dende o ano 2009, Goberno do Partido Popular, hai 45 novas depuradoras que dan servizo a unha poboación de 1,7 millóns de galegos e galegas.

Pero vou recordar con nome e apelidos. Vigo, a día de hoxe, ten unha depuradora, que xa está en proba, que son 230 millóns de euros. O investimento máis grande da historia hidrolóxica da nosa comunidade que se fixo nunha ría e nun concello, en concreto no concello de Vigo. Dígoo porque ás veces a xente parece que dique a Xunta non inviste en Vigo; son 230 millóns de euros.

A ría do Burgo, o que lle compete ao Goberno da Xunta de Galicia en materia de saneamento a día de hoxe, porque esta consellería quixo, está pechado. Xa non hai nada máis que facer en materia de saneamento na ría do Burgo competencia da Xunta de Galicia. O ano pasado investíronse, xa están licitados en obra, 6 millóns de euros...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...6,1 millóns de euros, na ría do Burgo.

Quedan moitas máis rías, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Perdón?

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Non me dá tempo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Moitas grazas.

A verdade é que estou de acordo con vostede en que deberíamos facer un par de preguntas duais entre vostede e a señora Quintana e o meu compañeiro Marcos Cal e eu mesma.

O que é evidente é que o saneamento das rías galegas é unha gran asignatura pendente, e non é de agora. Ademais afecta a varias comarcas. Fala de moitas medidas que vostedes tomaron, pero vese que son pouco efectivas. A situación do Barbanza, Muros-Noia, O Salnés, Pontevedra, Vigo, efectivamente evidencia que invisten un montón de millóns, sen embargo é altamente preocupante que a situación das rías estea peor ca nunca, por desgraza para o noso grupo e para a xente de Galicia.

E ademais, como xa viñemos explicando —e por iso estaría ben facer estas preguntas de xeito dual—, isto ten un impacto medioambiental de saúde pública e, por suposto, nos empregos do sector do mar e nos seus produtos. O problema está enriba da mesa dende o ano 1992. Xa varios colectivos relacionados co sector pesqueiro convocaban concentracións daquela para exixir medidas urxentes para poñer fin aos verquidos. Ano 1992. Fala de depuradoras, claro. Como actuacións prioritarias, daquela se falaba da EDAR de Ribeira. ¿Cal é a situación da EDAR de Ribeira? Xa en moitas outras ocasións o meu compañeiro Marcos Cal puxo de manifesto a terrible e nefasta xestión e as consecuencias incluso para a saúde de veciños e veciñas, que están nunha situación desesperada no concello de Ribeira, que goberna o Partido Popular. É escandaloso, con toda esa cantidade de orzamento, que estean vivindo problemas de saúde por estas medidas tan «eficaces» do Partido Popular.

Non falemos xa da bochornosa actuación da ría do Burgo. Vostedes falan das súas actuacións. Levaban anos cos informes técnicos e científicos xa en orde, e preguntóuselle aquí noutra ocasión por esta ría, cos mariscadores desesperados. Hoxe no BOE vemos que saían aprobados os tramos para a execución da dragaxe e recoñecendo as indemnizacións porque están extinguidos os postos de traballo e o marisco na ría do Burgo, e con multas da Unión Europea por incumprimentos na ría de Vigo —desa que vostede falou— e en moitas outras rías galegas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Entón, polo tanto, e para rematar, témoslle que preguntar realmente si van cumprir esta vez as súas promesas, porque o seu precedente di todo o contrario. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Peche desta pregunta, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

A resposta é se imos cumprir e ademais imos rematar con todas as infraestruturas competencia da Xunta de Galicia que van complementar e completar o saneamento integral de todas as rías. E digo saneamento, non queremos trabucar. Non estou falando de dragados,

estou falando de sanear hidroxicamente as augas, que, evidentemente, iso favorece o traballo que desenvolven todos os mariscadores nas rías.

Di vostede na ría do Burgo. ¡Home! Non me deu tempo a terminar. Na ría de Vigo foron 230 millóns de euros e na ría do Burgo foron 100 millóns de euros. Como lle dicía, o ano pasado eu mesma licitei 6 millóns de euros, que xa completa a actuación total por parte da Xunta de Galicia en materia de saneamento.

Evidentemente, isto é un traballo de todos. Non vou dicir que a Xunta de Galicia non teña parte, ese é o seu principal compromiso, ese é o seu principal obxectivo de aquí ao ano 2020, pero os concellos tamén. Todos os concellos das rías, evidentemente, tamén teñen que facer os seus deberes.

Na ría de Pontevedra, dende o ano 2009 investíronse 36,5 millóns de euros, e seguimos investindo. Investimos en Marín, e estamos esperando a que o Concello de Poio —a ver se ten vostede máis facilidade de comunicación ca min— designe dunha vez cal é o espazo para investir 6 millóns de euros nunha depuradora que temos esperando para el e non hai maneira de que o Concello de Poio diga onde quere esa depuradora. Na ría de Arousa, en Ribeira, xa hai unha depuradora. Na ría de Ferrol, 115 millóns de euros, máis de 200 do Estado. Quero dicir que isto non é que o diga unha conselleira e non sexan nada máis que números, é unha realidade a día de hoxe ese investimento porque é tanxible e é absolutamente palpable.

Pero queremos seguir avanzando, por iso temos agora o compromiso de levar adiante máis de 180 millóns de euros, de aquí ao ano 2020, só nas rías, onde, por certo, a semana pasada volvíñ asinar dous convenios que eu creo que non son baladís co concello de Ferrol, precisamente para A Malata, e mesmo tamén con Rianxo. Foron 7 millóns para Ferrol, para Rianxo 14 millóns de euros, e así seguiremos con todos os compromisos que temos: na ría de Foz, en Burela, en Vilagarcía, na ría de Pontevedra con 45 millóns de euros; e, señora Santos, garántolle que é o obxectivo prioritario.

Toda esta folla de ruta non é unha folla de ruta que decida un goberno porque si, é unha folla de ruta dun planeamento que fan os técnicos, que se chama Plan de saneamento das rías, e que evidentemente completa a nosa actuación. Facémolo, o primeiro de todo, porque, efectivamente, queremos acadar que no ano 2020 sexa xa posible dicir que preto do cen por cento das masas de auga da nosa comunidade, en concreto das rías, estean completamente saneadas. A día de hoxe estamos avanzando e loitando por chegar a ese obxectivo.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Grazas, señora conselleira.

### ***Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos agora a unha pequena alteración na orde do día que xa foi comentada cos interesados, e entón agora formula a pregunta dona Patricia Vilán Lorenzo.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e xestión da illa de Tambo, no concello de Poio**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, ten a palabra.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Eu antes de nada quero saudar os concelleiros do PSdeG no Concello de Poio, que lle poderían explicar, conselleira, que pasa coa depuradora e ese lugar que vostede di que é responsabilidade do concello, se se reunise con eles.

Esta é a illa de Tambo. Por unha banda e pola outra non vexo demasiados carballos nin demasiadas especies autóctonas, como dicía antes a conselleira do Medio Rural, son eucaliptos basicamente.

A illa de Tambo, que está no concello de Poio, foi sempre a gran descoñecida, porque —como vostede sabe— era propiedade do Ministerio de Defensa. As súas tres maravillosas praias só podían ser utilizadas polas familias dos membros da Armada, e nun determinado momento, de maneira graciosa, hai un documento do Estado do ano 2002 que di que buscando o equilibrio entre o uso e o desfrute pola cidadanía e as medidas de protección da illa, acordouse por parte de Defensa autorizar o acceso do resto dos mortais que non fosen eles mesmos.

Hai pouco tempo, hai poucos ano, a Universidade de Vigo facía un estudo sobre o que hai dentro da illa: unha capela do século XVIII, as ruínas dun lazareto do século XIX, o máis antigo en pedra que hai en Galicia, restos de petróglifos, un faro dos anos trinta —mírase o faro perfectamente nesta fotografía—, e unha comboa, que é unha forma, un espazo, de forma tradicional de captura de peixes. Todo está en estado bastante lamentable. Pese a iso, nese escrito, nesa resposta que eu lle dicía que o Goberno do Estado deu en febreiro do ano 2002 no Congreso dos Deputados, di o Goberno do Estado: *«Como consecuencia de un informe de Traqsa —vouno ler porque está en castelán—, se produxo una tala selectiva en la isla para facilitar la conservación de su masa forestal y reducir el riesgo de incendios forestales. Los trabajos que realizó la empresa estaban destinados a acometer una segunda fase de rebrote de las cepas de eucalipto —repito, segunda fase de rebrote de las cepas de eucalipto— y una inversión para el acondicionamiento del cuartel de marinería de la Escuela, y así, de este modo, mejorar el bienestar y la calidad de vida de su dotación, buscando ese equilibrio entre el uso y disfrute por parte de la ciudadanía y las medidas para garantizar su seguridad y la protección de sus edificaciones y el medio ambiente, para evitar la repetición de actos vandálicos producidos en el pasado. El estado actual de conservación de la isla es satisfactorio.»* —dicía Defensa—.

Pois ben, ademais de que o patrimonio cultural está desbotado polo chan, literalmente, hai unha invasión de eucaliptos —non é moi difícil velo mirando a fotografía—. O propio ministerio repoboou, hai invasión de mimosas, a avespa velutina, e ata hai visóns americanos, que comeron todas as especies que había dentro da illa e que agora se adican a comer o que hai por fóra, é dicir, o que hai no mar.

Por este desleixo o Concello de Poio ten feito unha comisión de seguimento para que a illa deixe de pertencer ao Ministerio de Defensa, pase a ser de uso público, e se atope unha figura especial de protección.

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**A señora VILÁN LORENZO:** Vostedes non van a esa comisión. Logo seguirei. ¿Por que, conselleira? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Non a formula. Bueno, está escrita.

Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Eu tamén saúdo aos seus compañeiros do PSdeG de Poio. A verdade é que non teño ningunha cita solicitada por eles para reunirme con eles. Se eles queren, en calquera momento non teño ningún problema en reunirme con eles, pero, tendo en conta que son os que lle dan o apoio ao Goberno do alcalde do BNG, case é máis fácil que falen co alcalde, que lle digan onde ten que poñer a depuradora, e logo, se queren, que mo digan a min tamén. Eu non teño ningún problema, máis alá de falar tamén de Tambo, evidentemente.

Eu creo que, cando vostede fai esta pregunta, compartirá comigo que, efectivamente, somos uns privilexiados na nosa comunidade pola riqueza da natureza que temos e este gran patrimonio natural. Dalgunha maneira, este privilexio é responsabilidade desta consellería preservalo, preservar a herdanza que tivemos, e tamén poder ter outro tipo de actuacións para o disfrute dos espazos naturais da nosa comunidade.

A nosa comunidade ten un amplo abano de espazos naturais, en concreto a Rede galega de espazos protexidos. Son 96 os espazos, practicamente o 12 % do noso territorio. Traballamos, evidentemente, para que todos eles, estes que contan con algunha figura de protección, se desenvolvan dun xeito sostible, e que estes espazos ademais permitan a súa máxima conservación pero tamén o seu disfrute, e mesmo tamén a dinamización económica —por que non— dos concellos que ocupan os lugares que neste momento están protexidos.

Supoño que coñece tamén que a illa de Tambo —vostede o dicía— é propiedade do Ministerio de Defensa. Pode que haxa unha intención por parte do Concello, lícita, de pedirlle ao Ministerio de Defensa que pase a ser propiedade do Concello. Será unha conversa entre dous que, evidentemente, terán cando a queiran ter. Eu pódolle informar de que por parte da Xunta de Galicia si incluímos esta illa no Plan de ordenación do litoral (POL), é dicir, que é un lugar de especial interese paisaxístico. Polo tanto, é unha das 211 áreas de especial interese paisaxístico que a día de hoxe xa son realidade e que están no catálogo das paisaxes.



Por se non o sabe, estas áreas de especial interese paisaxístico son aquelas zonas de Galicia nas que concorren valores paisaxísticos que son salientables. ¿Que significa e que implica estar incluído no catálogo de paisaxe e ser unha zona de especial interese paisaxístico? Pois o que significa é que ten que haber, e sempre haberá, un informe emitido polo Instituto de Estudos do Territorio para calquera actuación que se faga nesas áreas. É máis, nas directrices da paisaxe, que serán desenvolvidas nestes meses, determinaranse as medidas específicas a tomar e a acondicionar e as actuacións a desenvolver.

A día de hoxe, a illa de Tambo non conta con ningunha figura de protección medioambiental precisamente porque quen a ten que desenvolver, que é o seu dono, sexa o ministerio ou en todo caso o concello, non fixo nin presentou ningunha solicitude de desenvolvemento dunha figura de protección medioambiental que poda encaixar nesta illa, pero si ten o que pode facer a Xunta de Galicia, que é a súa protección de tipo paisaxístico. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Presidente, voulle facer a pregunta que estaba escrita: ¿Comparte o Goberno da Xunta de Galicia que é necesario atopar a mellor figura de protección e xestión para a illa de Tambo no Concello de Poio?

Porque hai unha comisión de seguimento, conselleira, que puxo en marcha o Concello de Poio. Nesa comisión que o que quere é recuperar o uso público da illa e a propiedade da illa para o concello de Poio, evidentemente consensuada co Ministerio de Defensa, participan: o goberno de Poio, os grupos municipais de Poio, veciños de Poio, a Deputación de Pontevedra, e intentaron que vostedes, o Goberno da Xunta e a súa consellería, tamén participen nesa comisión, pero vostedes nin sequera apareceron cando se lles invitou.

Polo tanto, non é certo que vostedes non saiban de nada que haxa movido por parte do Concello, porque si que lle solicitaron que fosen e vostedes non van a esa comisión. E non é oculta porque sae na prensa. É algo que sae nos medios de comunicación de Poio, da súa comarca e de Pontevedra. Supoño que vostede terá algún xefe de prensa ou gabinete de prensa que lle dirá que é o que está a ocorrer nos espazos que neste caso entran no POL, que lle indicará que é o que está a pasar con eles e como se moven eses espazos.

Non sabemos por que vostedes non participan, e por que vostede agora mesmo di que nin sequera sabe da existencia desa comisión de seguimento. Seino eu, que non son conselleira, supoño que vostede tamén o tería que saber, sería a súa obriga.

Non sabemos se vostedes teñen demandado ao Estado que calquera tipo de beneficio económico sobre a illa reverta en Galicia, non fóra. Hai eucaliptos, conselleira. Só fai falla ver as fotos aéreas, é que só hai eucaliptos. Será de especial protección, non sei, polas praias, porque, dende logo, polas súas plantas seguro que non. E o que hai son visóns que comen os peixes, conselleira. Xa non hai especies autóctonas dentro da illa. Non hai especies au-

tóctonas, hai visóns, e como xa non poden comer outra cousa, teñen que comer as sollas que hai por fóra.

Polo tanto, ¿vostede considera que son necesarias medidas de protección especial, e unha comisión que se encargue de medidas especiais de xestión da illa? ¿Si ou non?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Turno de peche desta pregunta, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Señora Vilán, o que lle podo garantir é que o Concello de Poio, ao igual que o resto dos concellos de Galicia, vai contar co apoio expreso do departamento da Dirección Xeral de Patrimonio da Natureza para todo aquilo que precisen na tramitación daquela figura de protección medioambiental que desexe levar adiante o concello.

Para facer un ENIL —vostede tamén probablemente coñecerá esa figura—, que é un espazo natural de interese local, que o pode promover perfectamente o concello, neste caso o Concello de Poio, non se precisa ningunha comisión. O Concello de Poio pode facer o que queira, e vai contar sempre coa Dirección Xeral de Patrimonio da Natureza e con esta consellería, pero pódolle garantir que a día de hoxe hai, por exemplo, 8 expedientes de tramitación de espazos de ENIL que non fixeron ningunha comisión para desenvolver unha figura de protección medioambiental con todas as da lei, señora Vilán. O que se precisa é que, efectivamente, haxa un informe técnico que garanta que hai valores da natureza que temos que preservar en torno a unha figura da natureza que pode perfectamente desenvolver o Concello de Poio sen necesidade dunha comisión.

O que xa lle digo a vostede, aos concelleiros que están aquí e ao alcalde, é que en calquera dúbida que teñan irán da man coa Dirección Xeral do Patrimonio da Natureza nesa tramitación, como facemos con todo o mundo. Non hai ningunha comisión para todos os 8 Eniles, nin na historia que eu coñezo se fan comisións. ¿Que esa é a súa modalidade? Benvida sexa. Pero, evidentemente, a Xunta de Galicia o que está esperando é que alguén presente unha solicitude dunha figura de protección medioambiental nesta consellería. Ninguén. Non hai unha solicitude enriba da mesa. Pode haber unha comisión, efectivamente. Sei que hai unha comisión. Pero non hai ningunha solicitude enriba da mesa desta consellería de tramitación dun expediente dunha figura de protección, e ademais debера ser así. Debera ser así porque, efectivamente, cando se inicia un expediente dunha figura de protección medioambiental é cando temos as garantías de que vai haber un informe técnico que avalíe a riqueza medioambiental, a riqueza da natureza que ten esa illa en concreto.

Polo tanto, ¿Se estou de acordo con que se debe de atopar unha figura de protección? Pois evidentemente si. ¿Vai contar coa colaboración da consellería? Poio e todos os concellos van ter a colaboración que teñen de sempre na tramitación do expediente daquela figura que queiran levar adiante. Pero, evidentemente, quen o ten que liderar é ou o Ministerio de De-

fensa, que non sei se está ou non polo labor, ou, se non, en todo caso, o concello que lle compete. Poio pode, en calquera momento, solicitar dende xa o inicio dun expediente ou un ENIL, e aí nos atopará.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Martín Fernández Prado e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as accións previstas pola Xunta de Galicia destinadas a implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señora conselleira.

Como ben é sabido, a Xunta de Galicia vén desenvolvendo a mellora dos transportes en Galicia, falamos disto a cotío neste Parlamento. Entre os distintos plans que se están a poñer en marcha, ten unha especial relevancia para os cidadáns da área metropolitana da Coruña a mellora do seu transporte interurbano-metropolitano a través da entrada de autobuses interurbanos ao centro da cidade, con paradas máis alá das que existen na estación de autobuses. Unha acción que se estima que permitirá aumentar, como mínimo, un 10 % os usuarios deste transporte, coas vantaxes que isto ten na redución de vehículos particulares, e, polo tanto, na mellora da mobilidade, do tráfico e a redución de gases de efecto invernadoiro.

Esta novidade no servizo vén sendo demandada hai tempo pola cidadanía, ademais ten un amplo apoio social, sendo un dos aspectos máis solicitados nos procesos de participación dos distintos plans de mobilidade da área metropolitana, que aparece ademais moi apoiado en calquera das enquisas de transporte que se fan.

O seguimento deste plan de penetración de transporte interurbano no centro da cidade vén sendo desenvolvido e consensuado, en diálogo cos concellos da área urbana, a través da Comisión de seguimento do Plan de transporte metropolitano da Coruña.

No marco desta comisión, validouse e aprobouse o plan de entrada aos autobuses interurbanos sen ningún inconveniente, sen poñer na reunión ningunha obxección, e propúxose que empezara a funcionar antes do verán.

É verdade que nesa reunión non aparece ningún tipo de obxección, pero logo si que hai trabas continuas por parte do Concello da Coruña que fan ou que fixeron imposible que puidera poñerse en funcionamento, que puidera poñerse en marcha, este plan antes do verán, que era cando o decidiran nesa reunión a Consellería e o resto de concellos que forman —a totalidade deles, incluído o da Coruña— parte da Comisión de seguimento, porque é o mo-

mento de menos tráfico, pois ao non existir o transporte escolar e estar xente de vacacións é unha época de menos tráfico, e era máis favorable para comezar este servizo.

Evidentemente, agora teremos que facelo nunha época con transporte escolar. E, por certo, espero que cando se poñan en funcionamento os autobuses non lles boten a culpa dos atascos aos autobuses interurbanos, porque os quince ou vinte días que levamos de transporte escolar coinciden con época xa de atascos, e levamos dúas ou tres semanas con atascos continuos na cidade da Coruña. Esta medida, en principio, cóntase con que poderá reducir ata 600 vehículos na cidade.

Polo tanto, e dado o interese que a cidadanía ten en que empece a funcionar este servizo canto antes, o Grupo Popular formula a seguinte pregunta oral para a súa resposta en Pleno: ¿Que accións ten previsto realizar a Xunta de Galicia para acadar o obxectivo de implantar o Plan de accesibilidade do transporte metropolitano na cidade da Coruña?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Fernández Prado.

Para respostar ten a palabra a conselleira de Infraestruturas, a señora Ethel Vázquez.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidenta.

Señor deputado, señor Martín Fernández Prado, dende a Xunta de Galicia levamos moitísimo tempo traballando no plan para acceder os autobuses urbanos ao centro urbano da Coruña porque é un plan que melloraría substancialmente a mobilidade dos veciños da Coruña e incrementaríase o transporte público ao reducir a utilización do vehículo privado, e é, polo tanto, un transporte público máis atractivo. Impulsamos este plan porque é unha demanda de todos os veciños da área metropolitana da Coruña.

Como sabe, actualmente os autobuses interurbanos unicamente poden chegar ata a propia estación de autobuses, e con este plan os autobuses interurbanos irían ata o centro da cidade e, polo tanto, eliminaríamos transbordos e reduciríamos tempos de viaxe aos usuarios. Polo tanto, é un transporte público máis atractivo e un fomento do transporte público para evitar a utilización do vehículo particular.

Ese foi o obxectivo principal de traballar xa dende o ano 2015 con este plan, un traballo que levamos feito con transparencia e con participación; dúas informacións públicas para poñer en marcha este plan e un traballo moi duro dende o ano 2015. Un estudo minucioso dos fluxos de tráfico, delimitando concretamente os concellos que máis relación teñen co concello da Coruña, limitándoos a doce concellos. Implantando criterios obxectivos acordados con todos os concellos para definir e concretar as liñas que teñen que acceder ao centro da cidade; 43 liñas accederán ao centro da cidade. Acordamos tamén os puntos de parada idóneos para conectar co transporte urbano, para fixar a parada destes autobuses interurbanos. E tamén, en función da orixe das diferentes expedicións, definimos tres corredores importantes: o

corredor oeste, que vén de Arteixo pola avenida de Finisterre e pola avenida de Arteixo; o corredor centro, que vén de Culleredo; e o corredor leste, que vén da zona de Oleiros. Puntos de parada idóneos —como digo— acordados, e o certo é que acordamos entre todos acometer obras nesas paradas: paradas na costa da Palloza que faría o Concello da Coruña; praza de Ourense-Entrexardíns que faría a Xunta de Galicia, que teñen que ser executadas previamente para que accedan esas liñas interurbanas, e así o aceptamos.

Cn estes condicionantes, a proposta da Xunta de Galicia era que o plan de autobuses se puxera en marcha á entrada da Coruña no mesmo verán. A primeira liña sería o corredor de Oleiros. O único que encontramos, por suposto, foron reticencias e escusas para que non entraran os autobuses. Hai meses que temos este traballo feito para que os autobuses interurbanos entren na cidade da Coruña, pero o certo é que, con tantas evasivas e tantas escusas por parte do Concello da Coruña, o resultado é que a día de hoxe os veciños de toda a área non poden desfrutar dun transporte público máis eficiente e máis atractivo para utilizar o autobús na área da Coruña.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Vázquez.

Para a réplica, ten a palabra o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta.

Sobre todo con estas últimas palabras vexo que, efectivamente, falaba dunha postura obstructionista por parte deste Concello da Coruña, cousa que a verdade é que non me estraña porque coñezo perfectamente a postura municipal para calquera dos proxectos doutras administracións, chámese Alfonso Molina, chámese intermodal, chámese transporte metropolitano, chámese vivendas públicas... Ante calquera dos proxectos, o único importante é poñerse en contra.

Pero polo menos esta pregunta valeu para algo, porque ao día seguinte de que a Mesa do Parlamento aprobara a súa inclusión, o Concello anunciou que por fin daba licenza para construír a marquesiña que necesitaba en Entrexardíns. Polo menos para isto valeu, para que anunciaran a licenza xusto ao día seguinte, ¡casualidade!, a pesar de que levaban cinco meses esperando por ela. Que, por certo, non é moito comparado co que teñen que esperar outros cidadáns na Coruña.

Iso si, ¡mala sorte tamén!, xusto despois de cinco meses esperando pola licenza, resulta que nese mesmo lugar, xusto onde quería facer a marquesiña a Xunta, agora tiña que facer, na mesma semana, obras de saneamento o Concello da Coruña e hai que retrasalo máis. ¡Outra traba máis!

Eu recoñezo a dificultade que ten vostede para ir salvando estes atrancos, porque nestes case dous anos e un mes, cada vez que se salva un atranco, aparece outro novo. É o que levan facendo, pero haberá que seguir salvando estes obstáculos. O que lle pido é que non decaia no

empeño, e que, se os cidadáns da Coruña temos interese de verdade nesta entrada de autobuses, siga loitando por esta implantación do transporte público, para que entren os autobuses e poidan parar no centro da cidade da Coruña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Fernández Prado.

Para a réplica, ten a palabra a señora Ethel Vázquez.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas.

A vontade da Xunta de Galicia por suposto que é poñer en marcha este plan de acceso dos autobuses interurbanos ao centro da Coruña á maior brevidade posible, porque é unha demanda de hai moitísimo tempo de todos os veciños da área da Coruña e porque supón maior comodidade nos desprazamentos, maior seguridade, menor número de transbordos e, polo tanto, menor tempo nos desprazamentos cara á Coruña. E o certo é que podía estar xa implantado desde hai moito tempo, porque temos xa o traballo feito desde hai moito tempo.

Por facer un pouco de cronoloxía, na primeira xuntanza bilateral Xunta de Galicia-Concello da Coruña, o 22 de xuño, comunicámoslle ao Concello que, se nos autorizaba as licenzas nos prazos normais de autorización de licenzas das paradas acordadas, de onde tiñan que parar os autobuses interurbanos: na praza de Ourense e en Entrexardíns, os autobuses interurbanos poderían acceder no verán. Estarían rematadas en xullo as paradas e podería implantarse no mes de agosto a primeira liña, que sería a que vén de Oleiros. Por suposto, o Concello da Coruña non aceptou. Non lle parecía oportuno porque o mellor sería cando estiveran os autobuses escolares, ao inicio do curso escolar.

Na segunda Comisión bilateral Xunta de Galicia-Concello da Coruña, o 19 de xullo, trasladámoslle ao Concello que, logo de ter as licenzas das paradas —que foi despois de tres meses, pero aínda así seguíamos co cronograma de poder implantar o Plan de accesibilidade de autobuses interurbanos ao centro da Coruña no verán—, a mediados de agosto poderían estar rematadas as paradas e poderían entrar os autobuses interurbanos, e sería posible no verán. Novamente novos argumentos, esta vez porque había interferencias coa reestruturación do autobús urbano e novamente impedimentos e novos argumentos.

Cando iamos comezar as paradas dos autobuses interurbanos en Entrexardíns, sen previo aviso, e a pesar de ter unha comisión hai quince días na que nos poderían ter informado, atopámonos con que, sen previo aviso, había que facer unhas obras de saneamento. Na terceira comisión de seguimento, un novo pretexto: que os autobuses non tiñan a tecnoloxía suficiente. Eu creo que xa basta de enredos, os autobuses teñen a tecnoloxía suficiente. Creo que con rodas e con motor poden acceder ao centro da cidade.

En calquera caso, temos o traballo feito e o que atopamos enfronte son bandazos, bloqueos á intermodal, programa de vivendas baleiras, Ofimático, Alfonso Molina... O que temos no Concello da Coruña coas Mareas de Podemos é un muro de contención a anteprojectos, plans,

iniciativas e investimentos necesarios e importantes da Coruña... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, un muro de contención para atender as necesidades da xente da Coruña. (*Murmurios.*) Iso é o que nos atopamos no Concello da Coruña. O único que podemos dicir que imos facer é a pasarela de Marineda porque non dependemos do Concello da Coruña...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** ...dependemos de nós mesmos.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto das consecuencias da política levada a cabo en relación coa enerxía eólica**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Señor conselleiro, hai case unha década que vostedes gobernan —disque— este país. É un período —pensamos— o suficientemente amplo como para avaliarmos a súa xestión —ou, mellor dito, a ausencia de xestión— en canto a un dos sectores máis importantes para a nosa economía e para o noso sector enerxético, o sector eólico, e o resultado francamente é desolador.

Vostedes comezaron mal xa, cunha cruzada demagóxica e ilegal contra o concurso do Bipartito. Simplemente por sectarismo ideolóxico paralizaron un proceso que situara a Galiza na vangarda da produción eólica no Estado español, e os datos falan por si mesmos.

No 2009, a eólica galega lideraba a produción no Estado desta forma de xeración, e tiña case 3.000 megavatios instalados; superada por pouco só por Castela-A Mancha. Anos despois, o noso país está en cuarta posición, por detrás das dúas Castelas e por detrás de Andalucía. E non só medrou a distancia que afasta a Galiza destas comunidades, senón que está a piques de pasar ao quinto posto e ser desprazada.

Neste tempo, ademais, pasaron moitas outras cousas que evidencian o fracaso absoluto da política eólica do Partido Popular. Vostedes prometeron 2.600 megavatios e non instalaron nin o 25 %. Prometeron 1.400 empregos e non xeraron nin un cuarto. A setembro de 2017, o balance que podemos facer é que vostedes someteron o sector eólico galego a unha absoluta paralización: parón no emprego, parón no investimento. E isto foi así porque, daquela, Galiza tiña unha posición de saída moi forte para enfrontar a crise económica, tiña xa feito un importante esforzo investidor no sector, e vostedes desaproveitárono.

A súa falta de proxecto levounos a unha perda inxustificable de tempo. E nos anos da crise, nun contexto onde ademais é evidente a falta de acceso a crédito que tiveron que enfrontar

moitas empresas —tamén as galegas, porque hoxe pola mañá esqueceuse tamén das empresas galegas afectadas por este parón—, tamén o noso sector eólico tivo que sufrir as lexis políticas que emanaron do Goberno central do Estado, co silencio galego, e que estancaron o sector por completo.

Hai xa dous anos que diversas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza confirmaron o dereito á compensación económica de empresas prexudicadas, e vostedes asumiron o pasado 7 de xullo estas sentenzas e habilitaron case 3 millóns de euros para dar pagamento a ese —abro comiñas— «imprevisto», tal e como cualificaron a modificación orzamentaria —pecho comiñas—. En fin.

Diante desta situación, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos pedirilles hoxe dúas cousas. Primeiro, que sexan un pouco honestos cos galegos e galegas e que fagan unha avaliación rigorosa dos seus dez últimos anos de xestión da enerxía eólica. E, segundo —sen fozar máis na ferida—, nós, desde o BNG, queremos falar de futuro, queremos mirar para adiante e ver cal vai ser o modelo de desenvolvemento eólico deste país, para facermos que Galiza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANIÑOS:** ...non volva quedar atrás...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANIÑOS:** ...ata que sexa practicamente unha anécdota este sector. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, fala vostede de sectarismo político. Voulle trasladar un exemplo claro do que é sectarismo político, porque talvez os seus compañeiros de bancada, os seus compañeiros de partido, non lle explicaron en ningún momento como foi o concurso eólico do Bipartito, pero eu voulo explicar.

Cito: «Para min os problemas políticos máis serios proviñan do modo en que Blanco e Quintana instrumentaban este proceso; un proceso que non ofrecía garantías dende a óptica da ordenación do territorio, da sustentabilidade ambiental e da viabilidade económica dos proxectos que acompañaban a cada oferta. De feito, premeron o acelerador e levaron adiante o proceso.

Chegouse ao mes de setembro sen que se constituíse a obrigatoria Comisión de valoración, da que formaba parte, xunto con sete membros da Consellería de Industria, cadanseu re-



presentante de Medio Ambiente, Política Territorial e Medio Rural. Tiven que reclamarlle a súa constitución.»

«Mentres» — señora Presas—, «en paralelo, funcionaba unha mesa de traballo da Concellería, que, co apoio dunha consultora externa, era quen efectivamente procedía á selección dos proxectos. No tramo final do proceso —último trimestre de 2008— tiven practicamente tomada, polo menos en dúas ocasións, a decisión de cesar o conselleiro de Industria. A súa actuación era inadmisíble e dunha gran deslealdade.» Fin da cita. (*Murmurios.*)

Señora Presas, estas palabras non son miñas, son do ex-presidente Emilio Pérez Touriño no seu libro de memorias *O futuro é posible*. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero mire, explícolle máis. Non só había discrepancias no seo do Goberno bipartito, senón que a actuación do BNG non só acumulou recursos de Industria e obxeccións por parte do Consello Consultivo no decreto eólico, senón que tamén dous concursos foron declarados ilegais e o terceiro tivo que ser anulado. Creo, señoría, que non está aquí para dar exemplos o Bloque Nacionalista Galego, pero si, evidentemente, isto é un exemplo claro de sectarismo ideolóxico.

Mire, señora Presas, esta mañá, despois de escoitar a En Marea, creo que queda claro que ninguén está co Bloque Nacionalista Galego no modelo eólico. Polo tanto, agora na réplica falarei de futuro, pero creo que sectarismo ideolóxico e política eólica do BNG é un sinónimo perfectamente trasladable a este Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Mire, señor Conde, con todos os meus respectos, garde o seu paternalismo onde lle colla. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) É a segunda vez... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Mire, eu deixei o libro de Quintana na casa, e cando se elaborou o concurso do Bipartito (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) estaba facendo outras cuestións, pero non se preocupe que me vallo eu soa para defendelo.

Mire, é a segunda vez que llo digo: cando queira vostede, facemos un monográfico de debate dos catro anos do Goberno bipartito, e eu virei aquí defender a posición do BNG durante eses catro anos na enerxía eólica sen ningún tipo de problema. Pero quen ten que render contas dos nove últimos anos de xestión da enerxía eólica é vostede, señor, (*Aplausos.*) é vostede.

A coartada do Bipartito ten data de caducidade, xa non lles vai valer eternamente, señor Conde, e, aínda así, dígame: se comparamos niveis de xestión, ¿quen tardou ata catro anos en conceder os primeiros megavatios?, ¿foi o Bipartito ou foi vostede, ou foi o seu goberno? ¿Quen? E, claro, tamén, encántanme as súas tachas de presuntas ilegalidades. Ese argu-

mento, vistas as sentenzas, tamén se lles esgota, ¿ou é que está falando vostede da sentenza en contra do procedemento de valoración das ofertas do seu concurso? *(Aplausos.)*

En fin, como lle digo, en todo caso, desde o BNG, insisto, queremos falar de futuro. Vostede sabe perfectamente os obxectivos que hai a nivel enerxético tanto para 2020 como para 2050 e que a este ritmo imos tarde, mal e a rastro. Polo tanto, nós o que queremos facer é falar desde aquí, desde o Parlamento galego, de que modelo queremos. E, xa de paso, tamén, xa que lle gusta tanto falar do pasado, avaliemos canto custou para os galegos e galegas, á parte dos 3 millóns de euros de modificacións orzamentarias, a perda de tempo en materia eólica á que vostedes nos someteron estes dez últimos anos.

Atrévase e falámolo calquera día aquí no Parlamento. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Dende a cordialidade, señora Presas, *(Murmurios.)* creo que, efectivamente, tivo unha magnífica oportunidade nestes tres minutos de defender a política eólica do BNG, pero claramente non ten ningún tipo de argumentos. *(Risos.)* En calquera caso, señora Presas, respecto das sentenzas, sabe perfectamente que a sentenza á que vostede está a aludir non é firme —sábeo perfectamente— e sabe tamén que é contraria ao criterio maioritario de máis dunha vintena de sentenzas que avalan a legalidade e a constitucionalidade da política eólica deste goberno. *(Aplausos.)*

En calquera caso, señoría, se houbera calquera tipo de inseguridade xurídica que vostede quere trasladar a este Parlamento, seguramente ningún promotor galego se tivese presentado ás poxas das renovables coa intención de presentar e desenvolver novos proxectos en Galicia. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)* Polo tanto, nestes momentos Galicia ten a oportunidade de desenvolver 600 megavatios, e seguro que contará co apoio do Partido Popular e, seguramente e lamentablemente, coa oposición do Bloque Nacionalista Galego.

En calquera caso, fálame vostede das cantidades aboadas ás empresas. Xa que non ten memoria histórica, si debería de ter un pouco de rigor. *(Murmurios.)* O Goberno non fixo ningún tipo de compensación económica, ningún. Empregue ben os conceptos porque estamos no Parlamento. Como vostede sabe, a Lei do eólico marcaba claramente —xa na lei— que o Goberno tiña, loxicamente, que asumir os gastos de tramitación administrativa nos que puideran incurrir as empresas, e iso é o que estamos a facer, cumprir a lei, pero non hai ningún tipo de compensación económica nin de lucro cesante. Polo tanto, é unha responsabilidade que, lamentablemente, non foi no seu momento a responsabilidade do Bloque Nacionalista Galego, apoiando en Madrid a política do eólico do señor Zapatero, pagando primas e xerando un déficit de 30.000 millóns de euros, que é o 3 % do produto interior bruto e, polo tanto, creo que, lamentablemente, señora Presas, nin memoria histórica, nin modelo eólico e o que teñen é un sectarismo ideolóxico de moita profundidade.

En calquera caso, falemos de futuro. Nós traemos aquí unha modificación da Lei do eólico, consensuada co sector, que vai permitir dinamizar e poder desenvolver 600 megavattios eólicos como mínimo aquí en Galicia. Gustarame, loxicamente, encontrar e atopar o consenso do Bloque Nacionalista Galego; a ver se realmente vostedes están aquí para apoiar o desenvolvemento económico de Galicia ou están aquí simplemente para facer ideoloxía e sectarismo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a recuperación da memoria histórica**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde.

Señor conselleiro, esta mañá falamos abondo da Fundación Nacional Francisco Franco. Está clarísimo que, se hai vontade, esta fundación debera ser ilegal. Pero falamos tamén de recuperar para o país o patrimonio usurpado por Franco, e tamén e onde máis me vou centrar é en devolver a dignidade ás vítimas do terror fascista, sumando e abrindo fosas, que aínda quedan.

Vou facer referencia a algo que todas e todos coñecemos, que é un informe da ONU e, en concreto, o organismo que defende os dereitos humanos. A ONU —saíu en todos os medios de comunicación— dá 90 días a España para aplicar políticas en favor das vítimas do franquismo. Xa pasaron 50 dende a nova que recollen todos os medios. Así, puidemos escoitar e ver o informe do Grupo de traballo de Dereitos Humanos. O organismo mostra consternación pola falta de investigación xudicial, pola impiedade que rodea os delitos de desaparición forzada da Guerra do 1936 e do franquismo; recrimina o Goberno español de desoír a maior parte das recomendacións que a ONU xa efectuou no 2013 e de abandonar á súa sorte as vítimas da Ditadura. Lamenta observar poucos avances na implementación da recomendación. Saca as cores —vergonza democrática— a España e dá 90 días —que xa só quedan 40— para presentar un cronograma no que se indiquen as medidas que se levarán a cabo para implementar as recomendacións aínda pendentes e as datas previstas para cada unha delas. O grupo de traballo detalla unha longa lista de incumprimentos. Sinala como especialmente preocupante que se nega ás familias de persoas desaparecidas durante a Guerra do 1936 que poidan investigar a sorte, o paradiro, dos seus seres queridos e ter acceso á verdade, á xustiza e á reparación. E acusa tamén o Goberno de ter libradas á súa propia sorte a estas familias. Pon a énfase na urxencia e celeridade para asumir e comprometerse de xeito máis activo con esta cuestión. A ONU reclama un plan nacional de procura de vítimas do franquismo; é urxente este plan. Reclama que o Goberno ofrezca maior apoio institucional ás asociacións. Tamén pide que se investiguen de oficio e de xeito exhaustivo e imparcial todas as desaparicións forzadas. Para isto —explican os expertos— sería necesario eliminar obstáculos xurídicos, como a Lei de amnistía de 1977.

A pregunta é...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Formule a pregunta.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...—vouna formular xa—: ¿que vai facer a Xunta de Galicia para proceder á apertura e exhumación das fosas dos represaliados e represaliadas na Ditadura militar en Galicia? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Ben, señora Cuña, eu pensei, despois do debate desta mañá, que incluso quizais retiraría esta pregunta. (*Risos.*) Creo que é extemporánea, no sentido de que pregunta que imos facer, que vai facer o Goberno. Voulle dicir unha cousa moi sinxela: nós imos cumprir a lei, absolutamente; imos cumprir a lei, todas as leis. As leis pódense cambiar, obviamente, pero mentres hai unha lei en vigor o que é democrático é cumprir a lei. Creo que iso é algo... (*Aplausos.*) Creo que é algo moi importante que todos os demócratas, e especialmente os que estamos nunha cámara lexislativa onde aprobamos as leis, deberíamos ter en conta e deberíamos facer sempre, defender sempre os cumprimentos das leis. As leis poden ser mellores, peores, poden ter aspectos positivos, negativos, pero podemos modificalas, só hai que ter o apoio do pobo en eleccións democráticas. Se vostede ou calquera outra formación política quere modificar unha lei ten que gañar as eleccións ou ter os apoios parlamentarios necesarios. Por iso digo que imos cumprir a lei. Punto primeiro.

E, en segundo lugar, ímoslle dicir o que imos facer. Creo que hoxe á mañá houbo, no tocante á primeira parte da súa pregunta, un mandato parlamentario; hai un mandato parlamentario aprobado pola maioría desta Cámara. Neste caso, creo que é algo no que, no fondo, estamos todos de acordo, aínda que na forma algunhas formacións políticas preferiron non apoiar ou preferiron, dalgún xeito, facer un xogo parlamentario para non buscar un acordo. E creo que neste caso o Partido Popular, a forza maioritaria, a formación política que ten unha maior forza democrática dentro de Galicia, tivo un acto de altura e tivo un acto de xenerosidade creo que moi importante desde o punto de vista político; foi capaz de ofertar retirar unha proposta propia para aceptar, en prol de buscar un punto de encontro, retirar a súa proposta e dar cabida á súa proposta, a unha proposta proveniente, neste caso, da outra bancada, entendendo que a unidade parlamentaria é moi importante para, como vostede di aquí, recuperar o conxunto do espoliado por Franco, que é o que vostede pregunta nesta cuestión.

E, por outra parte, ¿que vimos? Por outra parte, vimos un interese bastante marcado en xerar diferenzas dentro do arco parlamentario, e en vez de ter unha proposta unánime ou unha proposta respaldada por unha inmensa maioría do arco parlamentario, é dicir, das forzas democráticas galegas, vostedes seguiron preferindo non ter unha postura común, non negociar e, dalgún xeito, crear no imaxinario unha idea da que empeza creo que a sociedade galega a darse conta que é o seu obxectivo fundamental. O obxectivo fundamental dalgúns é intentar facer ver, como creo que brillantemente dicía o noso portavoz...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...que o Partido Popular é un partido franquista...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** ...e, obviamente, aí están absolutamente errados e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Seguirei máis tarde.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ¡Que obsceno! ¡Que descaró! ¡Que cinismo!

Realmente, non contesta ningunha pregunta, e vou xustificar por que digo isto. O cinismo é toda unha corrente, ¡eh! É toda unha corrente que demostra falta de vergonza á hora de mentir e de defender accións que son condenables.

Chanza, burla, retransca... Neste tema —estivemos aquí todas e todos— xa sabemos o que se dixo. Vostede non dá nin unha soa medida, non di... Só cumprir a lei. A lei hai que cumprila, obviamente, e vostede dixo: hai que cambialas. Como non dá solucións, déixeme que aporte algunha. O Goberno galego pode dirixirse ao Estado español para derrogar a Lei de amnistía do ano 1977. Estaríamos unanimemente de acordo en declarar nulas e sen efecto xurídico todas as condenas e xuízos sumarísimos, os consellos de guerra e as sentenzas, así como as declaracións expresas de ilexitimidade dos tribunais creados ao efecto.

Non queren recoñecer a realidade, queren seguir disfrazánda, vale. Estanse retratando. Poden modificar as leis, claro que si, pero a nivel galego, señor conselleiro —que non dá resposta—, pode legislar no ámbito das súas competencias anulando e deixando sen efecto estas condenas e sentenzas dos consellos de guerra, facendo unha declaración de reparación e recoñecemento conxunto de todas as vítimas de familiares de Galicia e desenvolvendo a Lei galega de memoria histórica democrática, como xa se está facendo noutras comunidades do Estado español.

Pode desenvolver tamén un plan galego de procura de vítimas do franquismo. Pode facer moitas cousas, e o único que fai é coroar e dicir: nós imos cumprir a lei. Todos e todas queremos cumprir a lei, pero necesitamos cambialas, naturalmente que si, e a democracia demóstrase... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Remate.

Grazas, grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Para rematar e para xustificar o cinismo...

**O señor PRESIDENTE:** Non, rematou o tempo.

Grazas, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...mentres o Goberno de España nos abochorna incumprindo acordos fundamentais...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Remate, xa rematou o seu tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Remato, é polas interferencias.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Ah!, pero foron os do seu grupo. Xa terminou o tempo. *(Interrupcións.)* *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, terminou.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Hai que utilizar a mesma vara de medir.

Procuo facelo. *(Murmurios.)* Si, silencio. Por ese lado imos mal. Procuo facelo. O tempo é o tempo. Non, non terminou o seu tempo.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Señora Cuña, vostede, que é de natural tranquila, está un pouco excitada...

**O señor PRESIDENTE:** Espere que non se oe ben.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Eu non acabei de responderlle porque non puiden, porque respectei a orde parlamentaria e non puiden acabar de facer a miña resposta. Eu estáballe dicindo que iamos cumprir a lei e o mandato parlamentario que se aprobou hoxe nesta Cámara. E pódelle quedar moi claro que o Partido Popular de Galicia non ten ningunha débeda moral nin política co franquismo, ningunha, aínda que vostedes estean intentando constantemente profundar nesa cuestión. *(Aplausos.)* Non ten débeda moral nin política, en absoluto.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, nesta Cámara este partido ten rexeitado en varias ocasións todo o que vostedes parecen intentar quererlle facer ver á sociedade: que temos, non sei..., unha débeda..., realmente un vínculo de sangue. Está vostede bastante equivocada.

E mire, este partido político condena todo tipo de acción política, totalitaria, todo tipo de réxime político autoritario, todo tipo de réxime político que ataque as liberdades individuais ou colectivas, sexa de dereitas ou sexa de esquerdas, sexa actual ou sexa do pasado. E gustaríanos que algúns tamén o fixeran, porque algúns ven totalitarismo nalgúns sitios e noutros non, ou ven autoritarismo nalgúns sitios e noutros non; co cal, aí poden estar seguros de que esta formación política trata polo mesmo raseiro todas estas cuestións, con independencia de que sexan de dereitas ou de esquerdas. *(Aplausos.)*

Voulle dicir outra cuestión, tocante ao acordo parlamentario. Coincidimos todos. Mire, todos queremos a cerna deste debate, que o pazo de Meirás pase ao patrimonio público; todos. Todos queremos que se faga unha comisión que avalíe as posibilidades de facelo, cunha premissa, que non implique un desembolso por parte de recursos públicos de Galicia cara á familia Franco. ¿Estamos de acordo? Ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso foi pola mañá, efectivamente, foi pola mañá, pero isto é o que me pregunta. Porque me pregunta que vai facer a Xunta. Eu vou dicirlle: cumprir os mandatos parlamentarios. Co cal, estoulle dicindo o que imos facer. Primeiro — iso vai despois —, imos cumprir o mandato parlamentario. Crearase unha comisión con expertos universitarios, que van ser —entendemos— neutros, que van poder avaliar as posibilidades que existen e que van, partindo desta premissa, que creo que é común, tomar un punto de acordo.

Despois, respecto do que di vostede das fosas. Bueno, aquí non é a primeira vez que se pregunta, e a resposta deste goberno creo que xa é coñecida. Soe dala neste caso a Consellería de Vicepresidencia, e eu voulle repetir aquí o que xa dixemos en varias ocasións: a Xunta de Galicia vai realizar todas aquelas actuacións que lle sexan ordenadas polos xulgados e tribunais competentes e colaborará nos termos que así o acorden as resolucións xudiciais que existen ao efecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que se está facendo absolutamente, dentro do procedemento legalmente establecido.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González):** Isto é o que se fai, porque é moi importante, como xa dixeran, señora Cuña, ser coherentes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro. Terminou o tempo.

*(O señor conselleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo, señor conselleiro. *(O señor conselleiro Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Rodríguez González, pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, non hai máis palabra xa. Silencio xa. Terminou o tempo, igual raseiro para todos. (*Aplausos.*)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proceso de ampliación do Hospital de Montecelo**

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Benvido, señor conselleiro.

A miña pregunta é relativa ao proxecto do Gran Montecelo, un proxecto moi ambicioso e necesario para Pontevedra, para toda a súa área sanitaria; un proxecto que cristalizou nun convenio asinado en xullo do ano pasado entre o Concello de Pontevedra, a Consellería de Sanidade e o Sergas; un proxecto no que hai unanimidade, posto que incluso foi ratificado por unanimidade polos membros da Corporación de Pontevedra e polos partidos que están aquí tamén representados nesta Cámara. Co cal, estou convencido de que seguirá ese apoio unánime para levar adiante este gran proxecto. Un proxecto no que se licitou hai varios meses a redacción do plan de espazos e o plan funcional do Gran proxecto de Montecelo; un proxecto e unha forma de elaborar este plan pioneira —niso quero felicitalo outra vez, señor conselleiro—, na que se recolleron achegas de profesionais: máis de 4.000 profesionais da EOXI de Pontevedra traballaron, a través dunha plataforma web ou incluso a través dunha conta de correo electrónico, 300 profesionais agrupados en nove grupos de traballo e tamén participaron usuarios pacientes dos centros públicos sanitarios da área sanitaria de Pontevedra.

Este plan frutificou nun documento que vostede e o presidente da Xunta presentaron en Pontevedra no pasado mes de xullo; polo tanto, creo que nun ano se avanzou bastante.

E o que queremos saber, señor conselleiro, é en que fase administrativa se atopa este proceso do Gran Montecelo e que avances hai previstos para os vindeiros meses.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Señor Moreira, a verdade é que si, o Gran Montecelo vai ser un gran hospital para Pontevedra. Actualmente a atención hospitalaria préstase en tres centros diferentes, fisicamente separados e ademais afastados, así que como primeira premisa apostamos pola construción dun edificio único, utilizando as instalacións do actual Montecelo.



Como ben di vostede, foi un proxecto que tivo un amplo consenso social, dos profesionais, e que tras a aprobación do plan funcional e do plan de espazos creo que xa empeza a definir o que vai ser a asistencia sanitaria hospitalaria para os próximos trinta anos en Pontevedra.

Partimos dun contorno, coa área do Salnés e a propia Pontevedra, no que estamos falando dunha poboación xa moi importante, cunha poboación tamén avellentada —calculamos que no ano 2031, e estamos facendo proxección a longo prazo—, 44.637 persoas serán maiores de 75 anos, e, como digo, cunha participación de profesionais, de cidadáns, de entidades, de colexios profesionais, de asociacións de veciños, de asociacións de pacientes que se involucraron para facer o proxecto hospitalario, a nivel sanitario, a nivel de España, seguramente das maiores que se recordan. Dixéronnos, ademais, as necesidades que crían que faltaban en Pontevedra para incorporalas a este plan funcional e plan de espazos. Por dicir algúns datos concretos, imos incrementar en 39.000 metros cadrados a superficie construída ata chegar aos 118.000 metros cadrados, onde, desagrupando por áreas concretas, podemos falar de que en urxencias, por exemplo, imos pasar de ter salas, postos de urxencias, de 61 a 117, un crecemento do 92 %. Tamén por primeira vez vai haber unha área única de urxencias, moi importante —todo definido por el—. En canto a quirófanos, tamén incrementamos non só en número senón tamén en tamaño para facer quirófanos de grandes prestacións. O número de camas tamén o incrementamos nun 20 %, ata 720, e tamén por primeira vez no Plan funcional falamos de domicilio. Cremos que vai ser un lugar moi importante no futuro para a atención aos enfermos a través de Had, hospitalización a domicilio, e da asistencia a domicilio desde a atención primaria, xunto coa teleasistencia, que estamos xa coa plataforma Telea.

Incrementamos a superficie a ocupar, como dicía tamén vostede ao principio, cun acordo co Concello de Pontevedra para...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...crear servizos e sobre todo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Ten despois outro turno.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...e sobre todo para modificar...

Moitas grazas, presidente. Seguimos agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señor Moreira.

**O señor MOREIRA FERRO:** Grazas, señor conselleiro.

Creo que temos, polo tanto, un plan que está gustando, que gustou tanto aos usuarios e pacientes e colectivos sociais —que me consta que estiveron presentes nesa presentación—,

como fundamentalmente aos profesionais, co cal creo que está empezando moi ben a xestión deste Gran Montecelo, que será un gran proxecto para Pontevedra.

Sabemos que no pasado mes de agosto saíu publicada a nova licitación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do proxecto básico da primeira fase de creación facultativa e, polo tanto, queríamos saber que avances hai neste eido e que calendario máis ou menos se pode manexar para a adxudicación deste proxecto e dos proxectos que paralelamente se teñen que levar a cabo.

Nada máis e moitas grazas, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Moreira.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois si, como ben di, foi presentado en xullo, en Pontevedra, e publicado no DOG do 9 de agosto do 2017 o expediente para a contratación do servizo da elaboración do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o anteprojecto para a ampliación do Hospital Montecelo e a redacción, ademais, do proxecto básico de execución da primeira fase do Gran Montecelo. Fíxose, ademais, así, a través dunha declaración de incidencia supramunicipal polo acordo co Concello. Entendíase que ía ser a forma máis rápida e áxil para facelo.

Dáse un prazo de catro meses e quince días para presentar as ofertas por parte das empresas —que esta fase 1 é unha planificación temporal dos traballos a realizar durante a vixencia do contrato—, para a realización dos traballos previos da cláusula 2,4 do contrato, para a entrega da documentación necesaria para a exposición pública do proxecto de incidencia supramunicipal, para a versión inicial do anteprojecto de construción, reforma e ampliación, despois tamén para a entrega da redacción do proxecto básico e ampliación, fase 1, de conformidade co establecido no anteprojecto, e, por último, para a entrega da redacción do proxecto básico de execución, reforma e ampliación, fase 1, urbanización e desenvolvemento do proxecto sectorial, que calculamos uns tres meses desde a aprobación do proxecto básico. Este contrato ten un valor aproximado de 2.014.038 euros.

Neste momento, abriuse xa o sobre A, o pasado venres, 22 de setembro. A apertura pública do sobre B celebrarase o próximo xoves, 28 de setembro. Estamos xa avanzando, como digo. Presentáronse cinco empresas, que todas acoden como UTE debido á complexidade do traballo a realizar. Polo tanto, agora mesmo, seguindo este proceso, calculamos que aproximadamente en dous ou tres meses poidamos ter contratada xa a empresa que vai facer esta parte tan importante, porque, como dicimos, nesta é onde se vai concretar xa o plan de espazos. O sitio físico vai ser o novo edificio do Gran Montecelo, que vai, como dicíamos tamén na exposición dos días pasados, a levar a parte máis complexa da actividade hospitalaria. Pero nunha fase posterior conectarase co edificio actual de Montecelo, que terá, como tamén faláramos, unha parte máis ambulatoria, e deixarase a parte máis complexa no novo edificio.

Polo tanto, este é un proxecto que crece grazas ao consenso de todos, é un proxecto de toda a área de Pontevedra e para nós, como digo, importantísimo porque vai establecer as bases da asistencia hospitalaria para os próximos trinta anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Dolores Toja Suárez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Señora Toja, cando queira.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Boa tarde, señora conselleira.

A pregunta que facemos hoxe engádese á longa lista de preguntas que xa ten feito o noso grupo, o Grupo Parlamentario Socialista, e que poñen de manifesto a incompetencia en canto á xestión dos recursos públicos por parte do Goberno Feijóo. Falamos en concreto do Servizo de Gardacostas e da xestión chapuceira e temeraria que están facendo con este servizo. É inevitable e lévanos a facer un pouco de historia, xa que foi alá polo ano 2005 cando o señor López Veiga —recordamos— compraba dúas aeronaves, o *Pesca I* e o *Pesca II*, con base en Celeiro e Vigo respectivamente, ou Vigo e Celeiro. Compraron —dicíamos— en 2005 por 27 millóns de euros e logo vendéronas, no ano 2012, por 13 millóns de euros. Pasaron a pagar 9 millóns de euros anuais cando antes pagaban 2 millóns de euros. Mercan por 27, venden por 13, e pasan a pagar 9 millóns, cando antes pagaban 2. Isto é unha ganga absoluta para a empresa, pero unha ruína para Galicia.

O mesmo Consello de Contas criticou este despropósito: nin cumprían o interese público de reducir o gasto, posto que continuaron facendo pagos mensuais, nin, por outro lado, fixeron estudo ningún respecto da repercusión que ía ter esta xestión para o futuro; xestións e consecuencias que estamos vivindo actualmente.

A finais de outubro rematará o contrato en vigor, e para iso a Consellería do Mar sacou un concurso no mes de abril no que puxo sobre a mesa 40 millóns de euros para seis anos —40 millóns de euros—. Só se presentou unha empresa, que non cumpría cos requisitos e, polo tanto, foi descartada.

Así que a Consellería do Mar sacou un novo concurso no que puxo sobre a mesa 8,5 millóns de euros anuais. Pero previamente para iso fixo unha consulta ao mercado; preguntoulle ao mercado cal debía ser o custo do Servizo de Gardacostas. E sobre esta consulta, nós precisamente

hoxe, dende o Grupo Parlamentario Socialista, queremos facer a pregunta: ¿a quen lla fixo? ¿A quen lle fixo esa consulta o Goberno galego? E quen lle contestou a esa consulta, porque a única candidata ao concurso, que foi Babcock, non rebaixou nin un euro respecto do importe máximo que estaba disposto a pagar a Xunta de Galicia, nin ofreceu unha hora máis respecto das horas que solicitaba a Consellería do Mar. Todos os que vimos algunha vez algún tipo de licitación sabemos que iso non soe ocorrer. Polo tanto, cando menos, é bastante chocante.

Tendo en consideración que estamos falando dun servizo que afecta directamente a seguridade dos galegos e das galegas... É que, miren, nestes aproximadamente vinte anos que van dende que empezou este século, van aproximadamente uns 100 sinistros marítimos, co cal, parécenos que é unha pregunta de relevancia e gustaríanos saber a resposta a iso que lle preguntamos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Resposta da conselleira do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Señor presidente, señorías.

Señora Toja, como vostede ben dixo, o vixente contrato remata o próximo 31 de outubro. Logo, para que a Consellería do Mar poida seguir prestando este servizo —que para nós é tan importante e que o creamos nós precisamente no ano noventa—, pois entendemos que era necesario volver licitar a súa operatividade, e con este obxecto publicamos unha resolución o 12 de abril do 2017 anunciando a licitación, e esta resolución publicouse no *Diario Oficial da Unión Europea*, o 12 de abril, e no *Boletín Oficial do Estado*, o 27 de abril. Este contrato, como vostede di, foi declarado deserto, porque soamente se presentou unha única oferta, que non cumpría cos requisitos exixidos nos pregos, ao non acreditarse nin a solvencia económica ou financeira, nin a solvencia técnica ou profesional.

Neste punto, polo tanto, consideramos necesario realizar unha sondaxe no mercado de xeito transparente e público, tal como vén recoñecido na lexislación vixente, para poder definir mellor o escenario económico deste tipo de contratacións, solicitando para iso información actualizada sobre os prezos do mercado.

O anuncio da consulta foi publicado o 9 de xuño do 2017 na Plataforma de Contratación de Galicia, e nesta consulta, totalmente pública e transparente, participaron tres empresas. Estas empresas achegaron datos sobre os aspectos solicitados, que poderíamos agrupar en catro bloques:

O primeiro, o da tripulación, no que ten que ver cos soldos, coas prestacións sociais. Neste concepto analízase o custo real que supón para a empresa manter unha tripulación operativa as 24 horas do día os 365 días do ano.

O segundo agruparía o custo diario en seguros que cubran tanto os seguros dos ocupantes, o de danos a terceiros, así como os dos servizos aeronáuticos.

O terceiro, o de mantemento. Neste apartado analízase o custo por día que supón manter un técnico de mantemento aeronáutico en servizo 24 horas, e, por outra parte, o custo por hora do voo en concepto de repostos e materiais, como tamén os combustibles.

O cuarto, o da dispoñibilidade dun helicóptero, para que analizara aquí o custo do helicóptero cualificado VFR e IFR, certificado para modo SAR, con capacidade para rescatar unha persoa situada nun buque ou no mar a unha distancia de 180 millas náuticas, cunha velocidade máxima superior aos 130 nós e capacidade para transportar, como mínimo, 12 persoas.

Da información aportada é de onde se extraeron os novos datos para determinar os prezos de licitación da nova convocatoria, engadindo os custos en conceptos de gastos xerais e de beneficio industrial.

Como ven, nada máis acaído ás necesidades e á transparencia que debe rexer nestes casos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleira.

Réplica, señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Mercar por 27, vender por 13, pagar 9 onde se pagaba 2, desoír as recomendacións do Consello de Contas, que lle dixo que tiveran en conta o que ía ocorrer no futuro, que é hoxe... A nós parécenos unha incompetencia absoluta para xestionar os recursos públicos deste país. (*Aplausos.*)

Está claro que isto é unha ganga, que isto é un choio para unha empresa, e, ao final, só é cuestión de esperar e ver que o tempo acaba dando a razón a este grupo parlamentario, cando lle dicía desde o principio con aquela consulta e con todo que lle estaban facendo un traxe a medida a unha empresa, e iso é o que estamos vendo. Xogan coa seguridade das persoas do mar —que se levantan cada día para ir traballar en condicións duras, que iso é o traballo do mar—, xogan con ese servizo, co Servizo de Gardacostas, e xogan coa xente do mar, poñendo, coma sempre —que é o que estamos vendo—, por riba dos intereses públicos os intereses privados. E iso pasa nesta consellería e pasa en xeral coa xestión deste goberno galego. (*Aplausos.*) Iso é o único que temos que dicir. Non lles importa a seguridade, a pesar de que din que é unha prioridade; non lles importa nada. Intereses privados por riba dos públicos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Peche desta pregunta, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Mire, señora Toja, eu veño aquí como deputada e veño aquí como conselleira disposta a dar todo tipo de claridade e transparencia á xestión que estamos a facer dende o Goberno da Xunta de Galicia, e o que non lle vou consentir a vostede é que me acuse a min de ter tratos de favor cunha empresa. Nós fixemos o contrato como o temos que facer. Para vender os helicópteros fíxose unha auditoría cuns enxeñeiros, visada polo Colexio de Enxeñeiros, e foron eles os que puxeron o prezo da venda dos helicópteros. *(Aplausos.)*

Pero mire, eu voulle dicir: nós todos os pasos que damos dámoslos con licitacións públicas, con transparencia, axustándonos á lei. Eu non quería entrar aquí en determinados debates, pero vostede, ao mellor, ten que explicarme agora por que no ano 2007, cando gobernaban vostedes na Consellería de Pesca *(Murmurios.)* —perdoe, perdoe un segundo— e vencía o contrato dos servizos de salvamento marítimo, en lugar de facer un novo contrato, decidiron ir á prórroga con esa mesma empresa. *(Murmurios.)* E unha vez que foron á prórroga con esa mesma empresa, aos dous meses de prorrogarlle, fixeron unha adenda incrementándolle o prezo en 500.000 euros *(Protestas.)*, e seis meses despois xa lle volveron incrementar o prezo en 665.000 euros, e despois, en lugar de volver facer o contrato aos dous anos, no ano 2009 decidiron volver prorrogar o contrato.

Pero, señora Toja, ¿vostedes que tipo de licitación facían? ¿Tiñan algún trato preferente con esa empresa? ¿Por que non sacaron o concurso? ¿Por que soamente foi con adendas?

Nós, todo o contrario. Eu non teño nada máis que dicir, os datos están aí, o expediente está aí. Todo foi de acordo coa norma, con transparencia, publicouse no *Diario Oficial da Unión Europea*, como establece a norma, e publicouse no *Boletín Oficial do Estado*, como establece a norma.

Vostedes o único que fixeron foi prórrogas dun contrato anterior, con adendas, incrementando en dous anos 1.800.000 euros, sen ningún tipo de contrato polo medio.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Antes de rematar a sesión, quero comunicarlles que temos agora unha reunión de Mesa e unha reunión cos portavoces, que será dentro de quince minutos.

Non hai máis puntos.


Levántase a sesión.

Boa tarde.

*Remata a sesión ás sete e vinte e cinco minutos da tarde.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25